



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Cursos 2008-2009 / 2009-2010 / 2010-2011

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSOS 2008-2009 / 2009-2010 / 2010-2011

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En primeiro lugar teño que deixar constancia do cumprimento do deber de colaboración por parte de todos os órganos e membros da comunidade universitaria. Así mesmo, quero agradecer á comunidade universitaria, ao Claustro e en especial a todas as persoas que formaron parte da Comisión de Asesoramento e Axuda a comprensión e o apoio que me prestaron en todo momento.

Por último considero que o Claustro debe coñecer os motivos da miña renuncia polo que achego o escrito que o 9 de decembro lle entreguei ao Sr. reitor:



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA
Casa da Cocha - Rúa da Conga, 1
15782 Santiago de Compostela

Magfco. e Excmo. Sr. Reitor
Universidade de Santiago
Colexio de San Xerome

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2011.

Magfco. e Excmo. Sr.:

Dende que no ano 1996 fun elixido Valedor por primeira vez polo Claustro da USC intentei levar adiante a miña función dentro dun espazo definido por tres eixes: máis xustiza que dereito, máis autoridade que poder e máis humanismo que burocracia, na procura dunha normativa e actuacións universitarias con sentido da ética, xa que esta nunca debe estar ausente da toma de decisións.

É evidente, e así se establece no seu Estatuto, que o traballo do Valedor debe basearse na máis rigorosa independencia respecto de calquera dos órganos internos da universidade. Sen embargo, ao longo destes anos fun descubrindo que, dentro da inevitable discrepancia, é preciso que entre o Valedor e o Equipo de Goberno haxa unha confianza mutua e se dé unha razoable coincidencia no modelo de Universidade e nas actuacións que se consideran prioritarias para mellorar a calidade do servizo que presta á sociedade.

Recentes actuacións e propostas do Goberno da USC, moi especialmente tanto o xeito pouco claro en que dende o mes de marzo se ven xestionando o proceso como a proposta levada á última sesión do Consello de Goberno que afecta aos membros da Comunidade Universitaria pertencentes aos colectivos RyC e IPP, fanme ver que as mencionadas condicións están moi lonxe de cumprirse.

Por iso, de acordo co establecido no artigo 4.a) do Estatuto presento a miña dimisión como Valedor da Comunidade Universitaria da USC.

Rógole que poña esta decisión en coñecemento da Mesa do Claustro para que á maior brevidade posible se proceda á elección do Valedor da Comunidade Universitaria.

O VALEDOR DA
COMUNIDADE UNIVERSITARIA



Florencio Arce Vázquez

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de outubro de 2008 e o 30 de setembro de 2011.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluíra as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	7
	2.1.- Curso 08-09	7
	2.1.1- Intervencións e Mediacións.....	8
	2.1.2.- Queixas.....	15
	2.2.- Curso 09-10	61
	2.2.1- Intervencións e Mediacións.....	62
	2.2.2.- Queixas.....	68
	2.3.- Curso 10-11	107
	2.3.1- Intervencións e Mediacións.....	108
	2.3.2.- Queixas.....	115
3.-	Referencias estatísticas.....	182
	3.1.- Curso 08-09.....	182
	3.2.- Curso 09-10.....	186
	3.3.- Curso 10-11.....	190

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como se indicou nos anteriores informes mantense unha dobre perspectiva de funcionamento:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas plantexados mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servicios obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.



Curso 2008-2009

2.- ACTUACIÓNS

2.1.- CURSO 08/09

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

2.1.1- INTERVENCIONS E MEDIACIONES

M-2009/01

Escrito de consulta referido á homologación de competencias para traballar con animais de experimentación e outros fins científicos.

Solicítouse informe á Facultade de Veterinaria da USC no que indican:

Que o RD 1201/2005, de 10 de outubro (BOE 21/10/2005) dispón no seu artigo 1 que "el objeto de este Real Decreto es establecer las normas aplicables para la protección de los animales utilizados en experimentación y otros fines científicos, incluyendo la docencia".

No seu artigo 9 fai referencia ao persoal que leva a cabo procedementos de experimentación ou forman parte deles e daqueles outros que están ao coidado de animais, incluídas as tarefas de supervisión. Alude este artigo á necesidade de que estas persoas acrediten a posesión dun título académico considerado adecuado pola autoridade competente, que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia é a Consellería do Medio Rural (Decreto 60/2007, do 22 de marzo, DOG 4 de abril de 2007) e non a Universidade de Santiago de Compostela como alude o interesado.

A Universidade de Santiago de Compostela nunca "concedeu os títulos das diferentes categorías".

Na disposición transitoria terceira do RD 1201/2005, dispón que "la autoridad competente podrá decidir, a solicitud del interesado, que deberá presentar dentro de los 6 meses siguientes a la publicación de este real decreto en el Boletín Oficial del Estado (21/10/2005), no exigir la posesión del título académico correspondiente al personal que acreditará suficientemente venir realizando las tareas y funciones

previstas en el artículo 9.1 y anexo 1 durante los siguientes períodos de tiempo (antes de la entrada en vigor de este real decreto), en función de cada categoría:

Categoría A: 2 años

Categoría B: 5 años

Categoría C: 10 años

Categoría D: 10 años....”

A este fin, todo o Persoal Docente e Investigador da USC, interesado en obter a citada acreditación, tivo que solicitar e xustificar documentalmente a realización das tarefas previstas no artigo 9. 1, no período aludido, diante da Consellería do Medio Rural, que resolveu en xuño de 2006 "estimar ou non a solicitude de homologación na categoría correspondente" a cada solicitante.

A partires de esta data é necesario a realización dos cursos aos que alude o interesado para obter o título que capacita para traballar con animais de experimentación a todo o persoal, incluídos veterinarios en exercicio.

Independentemente do xusta e razoable que nos pareza a petición do interesado, non corresponde á Universidade de Santiago de Compostela atender este requirimento, pois a autoridade competente na materia é a Consellería de Medio Rural.

M-2009/02

Escrito presentado en relación coa problemática xerada pola extinción dun plano de estudos.

Dáse traslado á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, e á Oficina de Reclamacións para que xunto coa Facultade estuden a posibilidade de resolver a cuestión exposta.

M-2009/03

Escritos presentados por opositores que concorreron ao proceso selectivo para a cobertura de prazas de persoal laboral fixo de Auxiliar Técnico de Informática.

Solicítase á Xerencia da USC que de resposta as cuestións prantexadas.

M-2009/04

Escrito presentado por un estudante no que solicita información sobre os problemas xurdidos pola validación dos estudos cursados ao abeiro do Programa Sicúe/Séneca:

Dáse traslado ao Centro.

M-2009/05

Escrito presentado por representantes do estudantado dun Centro no que expoñen unha serie de dúbidas ante a tramitación e entrada en vigor do novo plano de estudos.

Dáse traslado á Vicerreitoría de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior solicitando que informe aos estudantes das cuestións que expoñen..

M-2009/06

Solicitude relacionada cos problemas xurdidos cunha solicitude de exención do pagamento da matrícula por causa de violencia de xénero.

A Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social informa da concesión.

M-2009/07

Escrito presentado por un estudante en relación coa validación dunhas prácticas en empresas que ten realizado a través do Consello Social da USC. No mesmo indica:

- Que no curso 2005/2006 realizou ditas prácticas cando cursaba estudos de licenciatura polo plano non estruturado en créditos.
- Que no curso 2008/2009 adaptouse ao novo plano de estudos.
- Que quería que se estude a posibilidade de validar as prácticas por créditos de libre configuración curricular ou no caso de non ser factible que se lle permita poder acceder novamente ao programa de prácticas en empresas do Consello Social co fin de obter ditos créditos.

Dáse traslado á Secretaría Xeral da USC.

M-2009/08

Escrito no que se manifesta o desacordo coa minoración do número de bolsas de 3º ciclo da Xunta de Galicia.

Deuse traslado á Vicerreitoría de Investigación e Innovación por non ser da competencia do Valedor da Comunidade Universitaria.

M-2009/09

Escrito presentado por unha estudante no que solicita ser informada sobre os seus dereitos en relación coa anulación de matrícula e devolución de prezos públicos.

Indícaselle que pode interpor un recurso de reposición diante do órgano que ditou a resolución desestimatoria da devolución dos prezos públicos de matrícula do curso.

M-2009/10

Escrito presentado por un estudante en relación coas prácticas que a Facultade concerta con empresas e institucións para o alumnado, manifestando que non se segue un criterio uniforme para todos os estudantes á hora de aplicarlle as retencións fiscais ás súas remuneracións, existindo diferenzas en función da empresa/institución na que realizan as prácticas.

Dáse traslado do escrito ao Centro.

M-2009/11

Escrito no que se solicita información ante a situación que prantexa unha baixa por enfermidade durante o período en que ten concedida unha bolsa de formación.

Dáse traslado á Xerencia da USC que dá resposta á solicitude.

M-2009/12

Relacionada co comportamento dun membro do Persoal de Administración e Servizos da USC.

M-2009/13

Escrito presentado por un estudante en relación coa anulación de matrícula e a reclamación dos prezos públicos de matrícula correspondentes a un Programa Oficial de Posgrao.

Resólvese favorablemente o recurso de reposición que tiña presentado.

M-2009/14

Solicitude presentada por unha estudante no que manifestaba que o profesor dunha materia impartía seminarios fora de hora polos cales subía a nota aos alumnos pola súa asistencia.

O Sr. vicerreitor de Profesorado e Organización Académica indica que tanto o Sr. reitor coma el mesmo estiveron en contacto permanente co Sr. decano da Facultade e informa das actuacións adoptadas polo Sr. decano que permitiron poñer fin ás actividades académicas que non formaban parte das ensinanzas programadas pola Facultade.

M-2009/15

Un departamento envía copia do escrito que teñen remitido ao Sr. reitor da USC e no que manifestan a preocupación polas condicións nas que se van implantar as novas titulacións.

Escrito que se traslada á Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica.

M-2009/16

Escrito relacionado coa imposibilidade de que os estudantes de 1º e 2º ciclo da USC poidan ter acceso ao servizo proxy autenticado que ofrece a Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación da USC.

O Sr. director da Área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación indica o seguinte:

“En relación ao seu escrito, relacionado co acceso ao servizo Proxy autenticado para os estudantes de 1º e 2º ciclo da USC, infórmolle que estamos considerando facilitar dito servizo, suxeito neste momento a distintas consideracións técnicas e económicas que estamos analizando para intentar darlle resposta. Agardamos nun prazo breve poder dar información de detalle á comunidade universitaria.”

M-2009/17

Escrito relacionado coa denegación das axudas/subvencións de prezos públicos solicitadas por persoal da USC para cursar estudos dunha licenciatura e dun POP.

Mediante Resolución Reitoral de data 3 de xuño de 2009 concedéronlle a axuda/subvención dos prezos públicos para o curso 2008/2009 destinado a persoal da USC nos estudos do Programa Oficial de Posgrao..

M-2009/18

Escrito presentado por un estudante do 3º ciclo no que solicita a mediación do Valedor motivada no incremento da cota que tiña asignada no Sistema Universitario de Residencias.

Remitiuse á Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social, que envía un informe detallado dos motivos que fundamentan o incremento da cota inicial que tiña asignada o alumno.

M-2009/19

Foron presentados escritos por estudantes da USC nos que solicitan a mediación do Valedor da Comunidade Universitaria diante da Comisión de Garantías do S.U.R. Nos escritos indican que a Comisión de Garantías acordou non analizar as súas solicitudes por ter sido presentadas fóra de prazo, e alegan nuns casos que o incumprimento do prazo débese a que aínda non coñecían as cualificacións obtidas e noutros a que o motivo que lles afectou na realización das probas produciuse con posterioridade ao peche do prazo establecido para acudir á Comisión de Garantías.

Tendo en conta o prexuízo que se lles pode ocasionar e que a Comisión de Garantías ten como obxectivo a valoración de supostos excepcionais, suxeríuse tomar en consideración os escritos presentados fóra de prazo e valorar as alegacións presentadas nos mesmos.

M-2009/20

Escrito presentado por unha estudante no que indica que a data 28 de xullo unha acta dunha materia de libre elección está pechada pero non asinada o que lle impide poder efectuar o depósito do título.

Dáse traslado do problema á Secretaría Xeral dende onde contactan co profesor para que asine a acta..

M-2009/21

Escrito presentado por alumnos de licenciatura en relación coa redución da oferta de materias optativas no primeiro ciclo da titulación.

O centro informa que aprobou para o curso 2009/2010 unha oferta de materias optativas para o 1º ciclo da licenciatura que suman 30 créditos, tendo en conta que os créditos optativos que ten que cursar un alumno son 4,5; a oferta de materias optativas é suficiente e cumpre cos mínimos establecidos nas normas que a regulan.

M-2009/22

Escrito presentado por estudantes en relación con diferentes aspectos da transformación do Curso de Aptitude Pedagóxica a Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas que consideran que lles prexudican.

Trasladouse á Vicerreitoría correspondente.

2.1.2.- QUEIXAS

Q 0810/01

Queixa referida á realización das prácticas dunha licenciatura.

Póñense os feitos en coñecemento do decanato para que tome as medidas que considere oportunas para resolvela situación que motiva a queixa.

Q 0810/02

Queixa presentada por un estudante do IV Ciclo da USC, en relación co incremento de prezos fixados pola universidade para o uso das instalacións deportivas (pistas de tenis) no presente curso 2008/2009.

A Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela enviou o seguinte informe como resposta:

Argumentáanse unha serie de queixas ás que se responde seguidamente.

Queixa: "Algunos usuarios del carnet deportivo de tenis que ya llevamos varios años ejerciendo esta actividad asiduamente, nos hemos encontrado una sorpresa ahora, al comienzo de este curso 2008-2009, en el que se nos dice que ya no existe el carnet de usuario sino que en su lugar hay que comprar bonos".

Informe: A afirmación é certa. No en tanto, isto é debido aos seguintes puntos:

- Estase implantando unha aplicación nova que aínda está funcionando nunha porcentaxe moi baixa.
- Que dita aplicación, de momento, admite cartón de usuario/a por unha parte e reservas para outra, mais non ambas as dúas ao mesmo tempo. Por isto decidiuse para todas as instalacións que implican reserva, o sistema de bonos (tenis, bádminton e tenis de mesa) e cartón de usuario/a a para aquelas que non precisan reserva (SAF, estadio, muro de escalada, piscina e tiro con arco).

Debido a estas queixas puntuais estase estudando a posibilidade de adaptar a aplicación para poder ofrecer un cartón anual nas instalacións que precisan reserva de horas. Estímase que nun prazo de 15 días poderase dar unha resposta do cal xa se informou de palabra a algún dos usuarios que presentaron o escrito.

Que para este curso ofrécese o bono de 20 usos mentres que no curso pasado só se ofrecía o de 10 usos.

Queixa: "Nos preguntamos por qué este cambio del carnet de siempre por otro sistema que es mucho más caro y más conflictivo burocráticamente".

Informe: Aínda que xa se respondeu anteriormente, cabe acrecentar:

- A conflitividade burocrática precisamente é a que se pretende resolver coa aplicación que permitirá entre outras posibilidades a de facer reservas desde Internet sen ter a necesidade de acudir ás instalacións.

Queixa: "Pensamos que esto puede deberse a que la Universidad quiere compensar su presupuesto deficitario de la Xunta cargando, entre otras medidas, al deportista con este incremento injusto."

Informe: Sen entrar no conxunto dos orzamentos da USC este informe límitase ao orzamento da instalación de tenis concretamente.

- Media aproximada de gastos nos dous derradeiros anos (persoal, mantemento e limpeza)... 60.000 €. Non se ten coñecemento exacto do custo de luz e auga polo que non están incluídos.
- Estimación de gastos na instalación de tenis para o curso 2008-2009: 60.000 €
- Estimación de ingresos por usuarios/as de práctica libre na instalación de tenis para o curso 2008-2009: 9.000 €, tendo en conta que a maior parte dos/as usuarios/as non xogan a diario.

Queixa: "La Universidad tiene que potenciar y fortalecer que los estudiantes hagan deporte a unos precios razonables".

Informe: Neste punto estase totalmente de acordo e a proba é que no derradeiro curso acadáronse 18.363 usuarios por 13.159 no curso 2006-2007.

A realidade actual é que o custo de usuario/a por hora de uso de pista de tenis con bono de 20 usos é o seguinte:

Categoría A1 e A2: 1,50€

Categoría B: 3,00 €

Queixa: "El Concello de Santiago no dispone de instalaciones y las de la Universidad están infrautilizadas por las mañanas, a las horas en las que nosotros jugamos, de modo que con nuestro carnet de usuario, razonablemente actualizado según el IPC, estaríamos aportando algo a las arcas universitarias de un modo justo".

Informe: A USC non ten responsabilidade sobre as instalacións nin a oferta deportiva do Concello de Santiago.

Se ben é certo que as pistas están menos ocupadas polas mañás, non é menos certo que a oferta é a mesma que polas tardes e son os propios intereses dos/as

usuarios/as os que fan que se ocupen máis ou menos nunhas horas ou outras. No que atinxe ao cartón de usuario/a xa se respondeu anteriormente.

Queixa: -Frente a esto, resulta chocante y descorazonador ver cómo se apoya el botellón en el Campus Sur. Nosotros, los que vivimos cerca sufrimos la contaminación acústica y física de un entorno cuya función, pensamos, es aportar paz y sosiego a la vida estudiantil. Los gastos y trastornos que la acumulación de suciedad y ruidos ocasionan, tendrían que ser evaluados al menos económicamente por Universidad y Concello. ¿Cómo es posible que se penalice el deporte que no ocasiona apenas gastos y no causa molestias y se estimule y favorezca contaminar acústicamente, físicamente y estéticamente el suelo de la universidad?

Informe: O tema do botellón e contaminación acústica é algo que sobrepasa as competencias da USC que tamén o sofren tendo que facer reparacións, limpar e recoller cristais que producen feridas aos/as practicantes.

No que atinxe aos gastos do deporte infórmase que o orzamento anual para actividades físico deportivas para este servizo sobrepasa os 500.000,00 € sen contar persoal e gastos correntes.

Queixa: -Solicitamos de la autoridad competente, tome cartas en el asunto y ponga las cosas en su sitio, que en este caso será volver al carnet de usuario de las pistas de tenis con las categorías o precios correspondientes de acuerdo con la subida del IPC".

Informe: Estase estudando a posibilidade mais non é claro que se poida resolver a curto prazo polos problemas que se citaron anteriormente.

Queixa: "El carnet de usuario para el curso 2007-2008 como estudiante (A1) salía por 40 € y el de exalumno (A2) por 48 €. Mientras que con este dinero jugábamos todo el año, con los bonos tendríamos solo un mes. La subida es de un 900/100".

Informe: É certo que para un grupo moi reducido de usuarios/as que utilizan, ás veces, ate 3 ou 4 horas/día a instalación, o prezo subiu, aínda que bastante menos do que se contempla na queixa. A realidade é que esta medida se toma en función dunha actuación xeral para todo o Servizo, con vantaxes e melloras importantes a curto prazo para a colectividade de usuarios/as de todas as instalacións.

Algunhas notas aclaratorias:

A medida de supresión do cartón de usuario/a anual nas pistas de tenis tomouse debido a un novo formato na xestión do Servizo de Deportes que se apoia nunha nova aplicación informática que redundará nunha serie de beneficios para a maior parte das persoas practicantes, dos que se relacionan algúns deles:

- Posibilidade de reserva das pistas por Internet.
- Pagamentos e matrículas tamén por Internet.
- Mellor control das reservas evitando confusións e erros que se producían co método anterior de reserva presencial ou por teléfono.
- Evitar esperas e bloqueos nos momentos de matrículas coas molestias correspondentes para os/as usuarios/as.
- Máis axilidade na xestión e Posibilidade de elaborar informes que se solicitan constantemente.

Q 0810/03

Escrito presentado por unha profesora referido ao procedemento que se está a seguir na Facultade para a tramitación e elaboración do Proxecto do Plano de estudos do novo grao.

Dáse traslado do escrito ao Sr. vicerreitor de Oferta Docente e Espazo de Educación Superior solicitando que leve a cabo as actuacións que considere oportunas para resolvelas cuestións que motivan a queixa..

Q 0810/04

Queixa presentada por unha estudante na que indica que dende o comezo de curso e ata o momento de presentar a queixa (27/10/08) non tiveron docencia nunha materia cuadrimestral, sen obter unha explicación satisfactoria do centro, mais que a docente está de baixa por maternidade dende setembro.

Postos os feitos en coñecemento da Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica esta informa que enviou un escrito ao Departamento encargado da docencia da materia no que indica:

Ante a situación xerada polo permiso de maternidade da profesora, debo recordarlle que o departamento debe garantir en todo momento a impartición da docencia que lle foi asignada. Neste caso concreto, a COAP estimou que a área tiña capacidade suficiente para facer fronte a este encargo docente, polo que non era preciso contratar un substituto salvo que houbera incompatibilidade horaria, que non é o cas. Por todo isto, o departamento debe comezar canto antes a docencia de todos os grupos correspondentes á profesora.

Q 0810/05

Presentado un escrito por un estudante do Curso de Aptitude Pedagóxica do ICE, en relación coa obrigatoriedade de asistencia aos seminarios de dito curso e a imposibilidade de obter dispensa para concorrer a procesos selectivos de carácter oficial.

A Oficina de Análise de Reclamacións informa que teñen respostado á queixa mediante escrito no que se indica o seguinte:

- 1.- Consideramos polo exposto anteriormente, no que atinxe á non asistencia ás clases, non se dá ningunha situación arbitraria nin inxusta como indica o demandante na súa queixa.
- 2.- Non procede , polo tanto a anulación das faltas.
- 3.- A posibilidade de suplir as faltas con traballos non a considerou a profesora do seminario.
- 4.- Respecto da posibilidade de realizar este seminario noutro horario lectivo, só podería ser na modalidade ordinaria de luns a xoves nunha destas dúas opcións:
 - a) No grupo 2 de 16 a 18 horas na aula 24 da Facultade de Ciencias da Educación.
 - b) No grupo 6 de 18:30 a 20:30 horas na aula 24 da Facultade de Ciencias da Educación. En ambos casos o primeiro día de clase é o 5 de novembro.De optar por algunha destas alternativas, deberá comunicalo ao ICE para informar ao profesor/a correspondente.

Q 0810/06

Queixa presentada por 12 estudantes dun Programa Oficial de Posgrao na que expoñen a situación na que se atopan que lles impide matricularse da Tese de Doutoramento, debido a problemas xurdidos na tramitación do Máster.

Dáse traslado do escrito ao Sr. vicerreitor de Oferta Docente e Espazo de Educación Superior.

Q 0810/07

Queixa presentada sobre a docencia dunha materia.

Mantívose unha reunión para analizar a situación que motivou a presentación da queixa, á que asistiron a Sra. vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, o Sr. decano da Facultade, o Sr. director do Departamento, e o Sr. xerente da USC.

Q 0810/08

Presentado por un membro do Persoal de Administración e Servizos da USC en relación co procedemento empregado para a asignación de prazas no Programa de Intercambio de Vacacións de P.A.S. 2008.

Solicítase un informe ao Sr. xerente da USC e dáse traslado do mesmo ao presentador da queixa.

Q 0811/01

Queixa presentada por un estudante en relación co procedemento seguido no centro para facer públicas as listas para a elección das prácticas. Na mesma indica o seguinte:

“El decanato de la Facultad hizo pública en su tablón de anuncios, las listas de orden de elección de las prácticas para el presente curso académico. En dichas listas, figura solamente una relación de DNI y nota media global, sin incluirse el nombre y apellidos de los interesados.

Entendiendo que existe una vulneración del principio de publicidad que afecta a las garantías del procedimiento mencionado, todo ello basado en la omisión por parte del órgano que desarrolla el procedimiento de adjudicación de las estancias de los nombres y apellidos de los alumnos implicados y en su lugar la sustitución por el número de documento nacional de identidad.

Considerando que el reparto de las prácticas se realiza según el orden que determina la media global del expediente y la existencia de múltiples prerequisites que condicionan el acceso a estas prácticas, interpreto que la necesidad de hacer constar los nombres y apellidos de los alumnos que participan en el proceso es de vital importancia para garantizar la transparencia del mismo.

Considerando que esta medida adoptada por la Facultad es única en la Universidad de Santiago, toda vez que es común y general la publicación de listado de notas en los que constan los nombres y apellidos de los alumnos afectados.

Entendiendo que la motivación basada en la protección de datos que argumenta el equipo decanal está ampliamente discutida por todo tipo de informes y revisiones jurídicas sobre este aspecto y no procede en este caso, es por lo que presento la presente queja, al objeto de que por quien corresponda, se proceda a la publicación de las referidas listas incluyendo el nombre y apellidos de los interesados.”

A Secretaría Xeral da USC enviou o seguinte informe:

“1.- A Facultade procedeu a publicar o resultado do procedemento mediante a publicación dunha Resolución onde simplemente constaban os datos de DNI do alumno/a, e a cualificación final outorgada.

2.- O presentador da queixa sinala que, polo principio de transparencia, deberá facerse constar o nome dos adxudicatarios/as.

3.- O primeiro que procede analizar é se estamos ante un suposto de cesión de datos. En relación con esta cuestión, cabe indicar, en primeiro lugar, que a publicación do resultado dun proceso de adxudicación, conforme as solicitudes realizadas, de Estadías de alumnos en centros públicos ou privados para a realización das prácticas obrigatorias do plan de estudos deben ser considerados datos de carácter persoal, definidos polo artigo 3 a) da Lei Orgánica 15/1999 como "calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables". Devanditos datos atópanse, ademais, incorporados a un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, tendo en conta que, conforme dispón o artigo 3 b) da Lei Orgánica 15/1999, ostenta tal condición todo conxunto organizado de datos de carácter persoal, calquera que for a forma ou modalidade da súa creación, almacenamento, organización e acceso". En consecuencia, a cuestión exposta ha de analizarse partindo da regulación contida na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Sentado o anterior, debe agora exporse a natureza xurídica que, conforme ás disposicións contidas na Lei Orgánica 15/1999 e a súa normativa de desenvolvemento, ostenta a publicación dos datos referidos. Tal publicación ha de ser considerada como unha auténtica cesión de datos, definida no artigo 3 i) como "Toda revelación de datos realizada a unha persoa distinta do interesado"

Neste senso, a posta a disposición do público de devanditos datos supón unha cesión de datos de carácter persoal, definida no artigo 3 i) da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de Carácter Persoal.

Tal cesión debe suxeitarse ao réxime xeral de comunicación de datos de carácter persoal establecido no artigo 11 da Lei, onde se establece que a mesma só pode verificarse para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexitimas do cedente e cesionario e esixe para que poida ter lugar o previo consentimento do interesado, salvo que conorra algunha das excepcións contempladas no apartado segundo do propio artigo 11.

Os alumnos no momento de formalizar a matrícula se lles indica que os seus datos figuran no ficheiro de "xestión académica e alumnado" e que poderán cederse para publicar cualificacións, para informarlle sobre cursos ou actividades da USC, para optar a premios ou para coñecemento dos seus profesores e centros con fins académicos.

4.- Se ben ata o 2007 existía unha dúbida sobre a necesidade de consentimento expreso para publicar os resultados de avaliacións académicas (con criterios contraditorios entre as Axencias de Protección de Datos), o debate sobre a posibilidade de publicar cualificacións do alumnado quedou relativamente pechado coa nova Disposición adicional vixésimo primeira da modificación de 2007 da LOU na que se sinala:

Non será preciso o consentimento dos estudantes para a publicación dos resultados das probas relacionadas coa avaliación dos seus coñecementos e competencias nin dos actos que resulten necesarios para a adecuada realización e seguimento de devandita avaliación

5.- O suposto de adxudicación de prazas para a realización de Estadías non pode considerarse dentro da norma precitada.

Sen embargo debe considerarse que se trata dun procedemento de concorrencia competitiva xa que existindo unha pluralidade de solicitantes e un número de prazas limitadas, debe procederse á asignación en función da consideración duns méritos ou requisitos susceptibles de cómputo ou valoración.

A publicación de datos persoais derivada dos procedementos de concorrencia competitiva fundaméntase no artigo 59.5.b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O órgano administrativo titular da competencia administrativa do procedemento de concorrencia competitiva correspondente deberá decidir sobre os datos persoais que sexan obxecto de publicación, debendo producir devandita publicación a menor inxerencia posible sobre o dereito á intimidade e á protección dos datos de carácter persoal das persoas afectadas.

Neste tipo de supostos, recoméndase a indicación dos datos persoais mínimos dos beneficiados ou adxudicatarios de devandito procedemento, así como, no seu caso, a publicación da baremación total dos méritos valorados.

No presente caso o Centro optou por unha mínima indicación dos datos persoais eliminando o nome e indicando o DNI para publicar os resultados do proceso selectivo.

6.- O principio de transparencia figura no artigo 3.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro que simplemente indica que a Administracións públicas nas súas relacións cons cidadáns actúan de conformidade cos principios de transparencia e participación. O principio de transparencia supón dar a coñecer, fronte aos interesados nun procedemento ou para os cidadáns en xeral, o resultado da actividade administrativa co obxecto de que se coñeza a motivación dos actos e contrastar que se cumpre o principio de legalidade posibilitando no seu caso poder impugnar ditos actos. Este principio se traduce no presente caso nun coñecemento ad extra, é dicir, que se comunique o resultado do procedemento e un coñecemento ad intra, é dicir coñecer os criterios seguidos para chegar a ese resultado e ter acceso ao expediente e no seu caso ter lexitimación para impugnar o resultado mediante a interposición dun recurso.

No presente caso non se aprecia a vulneración do principio de transparencia xa que se deu publicidade ao acto e os interesados terán dereito ao expediente para, no caso de estar descontentos, poder presentar a impugnación que consideren oportuno.

7.- En conclusión:

a) O suposto presentado non se pode considerar incluído na Disposición adicional vixésimo primeira da LOU.

b) Se trata, non obstante, dun proceso de concorrencia competitiva e pola Lei de Réxime Xurídico da AAPP e do Procedemento Administrativo Común existe obriga de publicación.

c) Se entende que neste caso non é necesario un consentimento expreso para publicar os datos persoais por autorizalo unha norma e por que na matrícula se autoriza a cesión destes datos para fins académicos.

d) Podería ser posible así, a publicación dos datos persoais dos interesados (nome, DNI e baremación) como resultado do proceso de concorrencia para obter unha praza en estadias e máxime cando este datos só se publicaron no taboleiro de anuncios do Decanato e non foi obxecto de publicación en web.

e) Non obstante o anterior, a publicación realizada non vulnera o principio de transparencia xa que os interesados poden ver o expediente completo (incluídos

os nomes do resto dos aspirantes), obter copia dos documentos do expediente e presentar as alegacións ou as impugnacións que se consideren oportunas.”

Á vista do informe da Secretaría Xeral recomendo que no caso de manter o mesmo procedemento para facer pública a lista para a elección das prácticas tuteladas se faga público o procedemento que poden seguir os interesados para poder ver o expediente completo ao que fai referencia o parágrafo 7e.

Q 0811/02

Presentada por unha estudante residente no S.U.R. en relación co procedemento que se segue para efectuar as reparacións nas residencias antes do comezo de cada curso académico e durante o curso.

O Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social informou o seguinte:

“As reparacións dos materiais en mal estado dentro dos cuartos nos centros do SUR lévanse a cabo sempre, unha vez informado o persoal de conserxería ou as direccións dos centros do problema existente. O tempo preciso para facer dito arranxo depende do tipo de reparación da que se trate, isto é:

- cando é posible o persoal da conserxería fai a reparación nun tempo razoable en función do dano a reparar.

- nos casos en que a reparación non pode facela directamente o persoal de conserxería, ten que chamarse a persoal especializado de fora e por tanto o traballo pode tardar varios días en realizarse dependendo da empresa da que se trate.

Co fin de solucionar esta cuestión poñereime en contacto cos responsables dos centros do SUR para que axilicen dentro das súas posibilidades a reparación daqueles danos existentes nos cuartos dos que sexan informados.”

Q 0811/03

Presentada por unha estudante en relación co procedemento seguido para a puntuación da parte económica da súa solicitude de residencia e asignación de cota.

O Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social informa que:

“A Comisión de Garantías reuniuse o día 17 de novembro de 2008 e, aínda que estaba ben asignada a cota á estudante, xa que se teñen en conta as rendas declaradas polos membros computables da unidade familiar no ano 2007, datos que son facilitados pola Axencia Tributaria, a devandita Comisión tivo en conta as alegacións presentadas pola interesada, e procedeuse a rebaixar a cota inicialmente asignada.”

Q 0811/04

Presentada por un estudante do Terceiro Ciclo en relación coas axudas para viaxes de investigación da USC.

A Sra. vicerreitora de Investigación e Innovación informou o seguinte:

1º. -A Universidade de Santiago de Compostela, dentro do programa de axudas para investigación, convoca as "axudas para viaxes de investigación", que teñen como obxecto facilitar os desprazamentos fóra de Galicia para, entre outras, "Participar activamente en congresos científicos ..."

2º. -No apartado de natureza e contía das subvencións establécese: “O importe das axudas será establecido polo Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno en función do lugar de destino.”

3º. -En cumprimento deste apartado a Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno, aprobou as contías das axudas que se aplicaron ao longo do ano 2008.

4º.- Ademais debe terse en conta

- Que o obxecto da convocatoria non é financiar integramente a viaxe de investigación, senón que constitúen, tal como o seu nome indica, unha axuda para a realización de devandita viaxe.
- Que para o establecemento dos importes tomouse, no seu momento, como referencia o que podería custar un billete de avión (para os lugares nos que o

desprazamento se puidese facer por este medio de transporte e no seu defecto o custo dun billete de tren), polo que non necesariamente o importe da axuda e a distancia quilométrica están relacionados.

- Que as contías das axudas para viaxes de investigación aprobadas pola Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno son, en función do tipo de vinculación coa Universidade, iguais para todos.”

Q 0811/05

Presentada por unha traballadora da USC en relación cunha solicitude de conciliación da vida laboral e familiar.

O Sr. xerente da Universidade de Santiago de Compostela enviou o seguinte informe:

Ver queixa Q 0903/01

Q 0811/06

Presentada por un profesor en relación coas listaxes de Directores de Teses Doutorais e de Doutorandos activos dun programa de doutoramento.

A Vicerreitoría de Oferta Docente e EEES informou o seguinte:

“1) Efectivamente segundo consta nas bases de datos da USC, o Prof. consta como director de tese de doutoramento de Dona ... e como codirector de tese de doutoramento de Don ..., alumnos ambos que iniciaron os seus estudos de doutoramento no curso 2005-06, e a etapa de tese no curso 2007-08. Ademais, ambos estudantes figuran nas listas de alumnos da etapa de tese do programa de doutoramento segundo consta na web correspondente aos cursos 2007-08 e 2008-09.

2) O 10 de outubro de 2008, a solicitude do Director, a Comisión de Doutoramento acordou acceder a súa inclusión nas listaxes de directores de tese dese programa nas edicións 2007-08 e 2008-09. Neste momento temos constancia de que ambas inclusións fixéronse efectivas nas nosas bases de

datos, pero por despiste administrativo non deu lugar a unha correcta publicidade a través da información do PDM na web. Dita situación xa está reparada.

3) Respecto á memoria para solicitar a Mención de Calidade dun programa de doutoramento no ano 2008, esta tramitouse a través dunha aplicación informática coa información proporcionada polos responsables do programa. Acabado o proceso de incorporación da información a propia aplicación xeraba unha folla impresa para tramitar a solicitude por correo postal polos servizos da USC e coa sinatura do vicerreitor en representación desta Universidade (pero a documentación completa só foi tramitada a través da aplicación). O documento ao que se fai referencia no punto 8 do escrito é o que se nos fixo chegar polos responsables do programa para darlle publicidade na páxina web da USC.

4) En todo caso, son as unidades responsables dos programas de doutoramento departamentos ou institutos universitarios as que teñen competencia para establecer cada curso a relación de seminarios e correspondentes docentes para a etapa de formación, e a relación de liñas de investigación e de correspondentes doutores que poden figurar como directores de tese. Por outra banda, o feito de que alguén figurase como posible director de tese en edicións previas dun programa de doutoramento, aínda que as teses estean sen defender, non obriga a incorporalo nun nova edición como posible director de teses a partir desa edición. O programa de doutoramento sempre pode considerar ese director como externo ao programa a partir dunha determinada edición, aínda cos alumnos sexan do programa. De feito iso sucede cando un director da tese dun alumno dun programa (sendo doutra universidade ou da mesma USC) non figura nese programa. Neste caso se requiriría dispor dun titor no programa de doutoramento en cuestión.

5) Con independencia dos erros de información que se poidan producir na tramitación da información para solicitar a Mención de Calidade dun programa de doutoramento, as unidades responsables de programas de doutoramento vense na necesidade de axustar dunha edición a outra os doutores implicados na docencia e na dirección de teses a fin de poder adecuarse aos criterios requiridos para obter a Mención de Calidade.

6) O feito de que un doutor estea en condicións de dirixir unha tese de doutoramento, non indica que teña dereito a dirixir unha tese salvo que sexa aceptado como tal director polos responsables -departamento ou instituto universitario- dun programa de doutoramento.”

Q 0811/07

Queixa presentada por unha estudante na que indicaba que tiña solicitada unha validación de estudos sen que ata a data recibira resposta, o que lle ocasionaba prexuízos á hora de asignación de grupo de estudos e de formalización de matrícula.

Recadada información, indicannos que veñen de efectuar e comunicar a validación de estudos á alumna.

Q 0811/08

Presentada unha queixa por un auxiliar de biblioteca da USC en relación co concurso de traslados de auxiliares de arquivo, biblioteca e museo.

Na información recibida da Sra. vicexerente de Recursos Humanos indícase o seguinte:

.../ 2.- Por resolución do 13 de maio de 2008, convócase concurso de méritos para a provisión de postos de traballo vacantes na escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos.

3.- A presentadora da queixa participa no concurso, solicitando postos da quenda de mañá, non chegando a acadar ningún.

4.- Paralelamente ao concurso de méritos, estase desenvolvendo un proceso selectivo polo sistema concurso oposición para acceso á escala de auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, que foi convocado por resolución reitoral do día 18 de xullo de 2007.

5.- Concluído o proceso selectivo, por resolución do 21 de novembro de 2008, ofértaselle destinos ao persoal de novo ingreso, e inclúense entre os postos ofertados dous adscritos a xerencia en quenda de mañá.

6.- Que na Relación de Postos de Traballo (RPT) figuran adscritos á xerencia 3 postos de auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, creados para dar apoio ás

bibliotecas de centros con exceso de traballo ou para a cobertura de vacacións, permisos e licencias, tendo polo tanto un carácter itinerante dentro da Institución.

7.- As xa citadas prazas están dotadas orzamentariamente e polo tanto existe obriga legal de convocalas nos correspondentes procesos selectivos,

8.- Non existe, en cambio, tal obriga de convocalas con carácter previo a concurso, como reclama a interesada, dado que a Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) norma básica de aplicación nada di sobre a obrigatoriedade de convocar tódalas prazas previamente a concurso. Si se pronunciaba, en cambio a Lei 30/1984, ao establecer no seu artigo 18:

“que as prazas incluídas nas convocatorias para o ingreso de novo persoal non precisarán da realización de concurso previo entre quen tivera a condición de funcionario”.

9.- Dado que esta norma legal, derogada en parte, non entra en contradición neste aspecto, con nada do prescrito no EBEP, e que o propio EBEP non fai manifestación algunha no sentido que pretende a reclamante, e que razóns de organización e oportunidade, aconsellaron demorar a cobertura destes postos o meirande tempo posible, é polo que non se ofertaron con carácter previo no concurso de traslados e si estean incorporadas na oferta de destinos aos auxiliares de arquivo, biblioteca e museos de novo ingreso.

Q 0811/09

Presentada por estudantes de Posgrao en relación co proceso de matrícula e de anulación da mesma así como do procedemento seguido para a reclamación de impagados dos prezos públicos de matrícula.

Dáse traslado á Unidade de Xestión Académica a que informa aos presentadores da queixa.

Q 0812/01

Queixa referida ás características do título de Máster Oficial.

A Sección de Títulos da USC informa o seguinte:

“ 1º.- O modelo de título de Máster Oficial establécese no anexo I da Orde ECI/2514/2007, do 13 de agosto (BOE do 21 de agosto) e conforme a ese modelo nos títulos indícarase a súa denominación específica facendo referencia á especialidade ou especialidades cursadas no seu caso.

2º.- O plano de estudos conducente ao título de Máster Universitario Oficial cursado polo presentador da queixa, non contempla especialidades.

3º.- Os alumnos, unha vez finalizados os estudos, poden solicitar paralelamente o título e o Suplemento Europeo ao Título. Neste certificado reflectirase todo o historial académico do alumno incluíndo materias cursadas a maiores.

4º.- O Programa Oficial de Posgrao, que o alumno debe coñecer, no apartado das condicións particulares do Máster establece as materias que deben ser superadas para acadar a titulación.

5º.- Como se pode comprobar segundo escrito da xefa da Unidade de Xestión Académica, á interesada nunca se lle informou que non se lle recoñecerían no curriculum todas as materias cursadas pero si que debería axustarse ao establecido no POD.”

Q 0812/02

Queixa referida ao reintegro da fianza depositada no Sistema Universitario de Residencias.

No informe recibido da Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social indícase o seguinte:

“Na Convocatoria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o curso 2008-2009, aprobada polo Consello de Goberno do 30 de maio de 2008 e polo Consello Social do 10 de xuño de 2008, figura:

1. No seu punto 2,

"COTAS E PREZOS

O custo total da estancia durante os meses do curso académico que van de outubro a xuño, ambos os dous inclusive, xa que o mes de xullo será aboado por días, ratearanse por meses, debendo aboar mensualmente as cantidades que deseguido se especifican:

Cotas	Prezos(*)		RPD
	Tipo de Habitación		
Tipos	Individual	Dobre	
A	61 €	45 €	Ata 2.500 €
B	94 €	73 €	Entre 2.500,01 € e 3.800 €
C	121 €	101 €	Entre 3.800,01 € e 5.050 €
D	156 €	136 €	Entre 5.050,01 € e 6.500 €
E	214 €	167 €	Entre 6.500,01 € e 8.999,99 €
F	284 €	244 €	RPD iguais ou superiores que 9.000 €

(*) A convocatoria deste curso supón un incremento con respecto á do curso 2007-2008 dun 4,2 por 100 (IPC do mes de abril de 2008), introducindo como novidade a eliminación do número límite de prazas a adxudicar por cota.

(**) RPD: renda persoal dispoñible calculada segundo figura no punto 5.A -Puntuación económica- desta convocatoria."

2. O punto 5. A di:

"Puntuación económica:

Virá dada pola renda familiar (RF) do solicitante, determinada de acordo coas resolucións correspondentes do Ministerio que ten a competencia en materia de bolsas, polas que se convocan as bolsas para os alumnos que inicien estudos universitarios.

Para as rendas do exercicio do ano 2006: calcularase de acordo cos artigos 12 e 13 da Orde EC1/1386/2007, do 14 de maio, pola que se convocan bolsas para os alumnos que inicien estudos universitarios no curso 2007-2008 (BOE do 21 de maio de 2007), sen restar a redución por rendementos do traballo contemplada no artigo 51.1 do Texto Refundido da Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas

Físicas, dividida polo número de membros computables da unidade familiar. É dicir, a renda persoal dispoñible (RPD) = RF/nº membros computables; sendo a RF:

Para a admisión:

- Rendas con declaración: cuadrículas: 470+472+477-474-737 da Declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) do exercicio do ano 2006

- Rendas sen declaración: ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.), menos gastos deducibles e retencións.

Para as rendas do exercicio do ano 2007: calcularase de acordo co punto segundo do artigo 12 da Resolución de 6 de maio de 2008, da Secretaría de Estado de Educación e Formación, pola que se convocan bolsas para os alumnos que inicien estudos universitarios no curso 2008-2009 (BOE do día 13): "Sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores a 2007. Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación". O resultado final dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. É dicir, a renda persoal dispoñible (RPD) = RF/nº membros computables; sendo a RF:

Para o cálculo de cotas:

- Rendas con declaración: cuadrículas: 450+452-454+457+460-741, da declaración do IRPF do exercicio do ano 2007.

- Rendas sen declaración: ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.), menos gastos deducibles e retencións».

3. O punto 11 da devandita convocatoria recolle:

"PAGAMENTO DA FIANZA PARA CONFIRMAR A RESERVA DA PRAZA

A partir do día 25 de agosto as persoas admitidas deberán entregar, ata as 14 horas do día 1 de setembro no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil, 1 a planta, Campus Sur, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, o xustificante de ter feito o ingreso de 150 euros en concepto de fianza na conta da USC nº 2091 0388 98 3110001172 de Caixa Galicia - Caixa de Aforros de Galicia, Oficina de Organismos, rúa Montero Ríos, 9, 15706-Santiago de Compostela ...”

4. E o punto 16 di:

“DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

Os residentes e colexiais deberán solicitar a devolución da fianza aínda que volvan a solicitar praza para o curso seguinte, e devolveráselles mediante talón nominativo, se non teñen o pago mensual domiciliado, ou mediante transferencia bancaria se pagan as mensualidades por este medio, sempre que deixen a habitación nas condicións en que lles foi entregada e non teñan pagos pendentes:

- Ao rematar o período de aloxamento solicitado, sempre que a praza sexa ocupada durante todo o período.
- Se por causa de forza maior que deberá xustificar documentalmente renuncia á praza por escrito"

Por todo o anteriormente exposto infórmoo de que:

- a) D. ... ten unha Renda Persoal Dispoñible superior a 9.000 € polo que, igual que ao resto dos residentes que están na súa mesma situación, correspóndelle abonar unha cota de 244 € en habitación dobre.
- b) Todas as persoas que solicitan aloxamento no SUR poden saber antes de facela que cota das que figura na convocatoria teñen que abonar xa que nela figuran todos os datos necesarios para que podan facer o cálculo cos ingresos familiares.
- c) O Sr. o día 17 de outubro, e unha vez que está vivindo nun piso porque di que non pode abonar o prezo da residencia, solicita a devolución da fianza.
- d) Desde este Servizo se lle envían dous correos electrónicos un o día 22 de outubro de 2008 e outro o día 29 denegándolle esa devolución e explicándolle que non está entre as causas que figuran no punto 16 da convocatoria.

e) O día 5 de novembro volve a reiterar a súa solicitude de devolución da fianza, escrito ao que xa non se lle contesta.

Quero reiterarlle que desde este Servizo e desde que o Consello de Goberno e o Consello Social aproban as normas polas que nos temos que rexer, se lle da igual tratamento a todos os residentes/colexiais no que é a xestión habitual.”

Q 0812/03

Presentada por un estudante en relación co procedemento seguido para o cobro dos prezos públicos correspondentes á súa matrícula. Na mesma indica o seguinte:

- 1.- Que con data 08/09/2008 formalizou a matrícula por medio de Internet indicando un número de conta para que se efectuaran os cobros necesarios.
- 2.-Que con data 9 de decembro envíanlle unha carta na que lle informan que non foron ingresados 5,91 €correspondentes aos prezos públicos de matrícula e a máis ten que facer fronte a o recargo de 30 €correspondente ao procedemento de recadación de impagados.
- 3.-Que considera que foi un erro informático o non terlle descontado o importe dos prezos de matrícula da súa conta.
- 4.-Que con data 9 de decembro de 2008 fixo efectivo o pago dos 35,91 € correspondentes aos prezos de matrícula e ao recargo.

O informe recibido da Unidade de Xestión Académica indica que:

- O día 8 de outubro de 2008 matriculouse por internet como solicitante de bolsa MEC, pola modalidade de forma de pagamento: Efectivo, tendo que abonar a cantidade de 5,91 euros.
- Que con data 25 de novembro do 2008, ao non estar confirmado o pagamento requíreselle con recargo de 30 euros.

Q 0901/01

Presentada por un estudante en relación co recoñecemento dun curso como créditos de libre elección para o curso 2007/2008 co obxecto de sumar os créditos requiridos para a obtención da bolsa de estudos.

A Oficina de Análise de Reclamacións informa que se lle desestimou a solicitude por non cumprir os requisitos esixidos.

Q 0902/01

Presentada a queixa por representantes dos estudantes nunha xunta de facultade na que manifiestan a súa desconformidade coa supresión do Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP) e a súa substitución polo Máster en profesorado de educación secundaria e obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas para o vindeiro curso académico 2009-2010.

Mantense unha reunión co Sr. vicerreitor de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior.

Q 0902/02

Queixa relacionada coa non validación dunha materia cursada ao abeiro do programa de intercambio Erasmus.

A Oficina de Análise de Reclamacións informa que non procede estimar o recurso presentado xa que a alumna foi advertida pola coordinadora Erasmus e a instou a non cursar a materia ao ter diferente contido e carga lectiva en relación á materia impartida nesta Universidade.

Q 0902/03

Foron presentadas diferentes queixas e efectuadas numerosas consultas nesta Institución en relación co procedemento de recadación de impagados dos prezos públicos de matrícula nos Programas Oficiais de Posgrao.

Por iso iniciouse unha actuación de oficio e a correspondente investigación prevista no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria, polo que se solicitou informe ao respecto.

A Secretaría Xeral da USC enviou o seguinte informe:

En contestación á queixa co número de expediente Q 0902/03, de 18 de febreiro de 2009, recibida nesta Secretaría Xeral con data do 20 de marzo, relativa as consultas sobre o procedemento de recadación de impagados dos prezos de matrícula nos Programas Oficiais de Posgrao (POP), compre indicar:

1.- PROCEDIMIENTO DE MATRÍCULA E ASIGNACIÓN DE PRAZAS NOS MASTER UNIVERSITARIOS

A.- No curso 08-09 e como consecuencia da experiencia acumulada que determinaba que a oferta destes estudos era superior á demanda se mudou o procedemento de admisión nos POP no senso de que se eliminou a "preinscripción" e se realizou xa unha matrícula directa.

Se estableceu que a matrícula sería provisoria no caso de que o número de solicitantes fose superior o de prazas ofertadas. No Consello de Goberno do 30 de maio de 2008 (se achega copia) aprobouse que nos máster en que a matrícula fose inferior ás prazas ofertadas, as prazas se adxudicarían a todos os matriculados que reuniran os requisitos de acceso. As prazas vacantes poderían ser adxudicadas ata completar o número total de prazas ofertadas, por orde temporal de petición, aos interesados que o solicitasen despois de rematado o prazo de matrícula e que acreditasen reunir os requisitos de acceso. O prazo máximo para autorizar estas matrículas era ata o 15 de outubro de 2008.

B.- Os alumnos e alumnas realizaron unha matrícula provisoria entre o 4 e o 10 de setembro de 2008, declarando os estudos de acceso. Nesta matrícula, figuraban as materias nas que os alumnos se matriculaban e a liquidación de prezos públicos. Na folla de liquidación figuraba:

"A matrícula está condicionada á comprobación do cumprimento da normativa de permanencia, así como doutros requisitos legais.

Esta liquidación vence aos 10 días seguintes á súa data de expedición.

Efectos da falta de pagamento: 1) Inicio do procedemento de recadación e o recargo de 30€ (RR 27/01/04, acordo do CS 29/09/04) 2) Provisionalidade de todas as cualificacións do presente curso 3) Imposibilidade de consulta do

expediente 4) Imposibilidade de expedición de certificacións e modificacións de matrícula 5) As liquidacións non aboadas serán esixidas previamente á formalización dunha nova matrícula, expedicións de certificacións e títulos ou traslados de expediente"

C.- Nos máster en que a matrícula superou ás prazas ofertadas, procedeuse á súa asignación segundo os datos declarados polo solicitante e aplicando os criterios establecidos. Os criterios para a adxudicación de prazas foron as cotas de reserva que se establecían na oferta de prazas, as prelacións segundo as titulacións de orixe, a valoración do expediente académico e, cando así se determinou expresamente na oferta de prazas, a experiencia profesional.

As solicitudes ordenáronse, dentro de cada cota e cada grupo de titulacións co mesmo orden de prelación, segundo a media do expediente académico calculada ao abeiro do disposto no Real Decreto 1497/1987, modificado polo Real Decreto 1267/1994 e polo Real Decreto 1044/2003. Nos máster en que existían grupos de ingreso e que, unha vez adxudicadas as prazas dun determinado grupo, resultaran prazas vacantes, estas se acumularon ao resto dos grupos, por orde de nota media de expediente. Os alumnos que non obtiveron praza quedaron en lista de agarda. Cando o número de matriculados non excede dun 15% das prazas ofertadas, asignouse praza a todos os solicitantes.

A asignación de prazas e a lista de agarda se anunciou que se publicaría na páxina web da USC o 12 de setembro de 2008.

O procedemento de matrícula e adxudicación de prazas estivo sempre na páxina web da USC para a información do alumnado:

http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/matricula/master/master_esp.html

D.- O día 11 de setembro de 2008 publicáronse as listas de admitidos na páxina web da USC:

<http://www.usc.es/ql/perfis/estudiantes/matricula/master/admitidos.html>

Ademais, na páxina web indicábanse as prazas vacantes por cada Máster.

Tamén se lles enviou persoalmente un correo electrónico a cada alumno con data do 11 de setembro, sobre a publicación das listas e a asignación de prazas co seguinte texto:

"Comunícolle que lle foi adxudicada praza no máster no que está matriculado.

Pode consultar a relación de admitidos na seguinte páxina:

<http://www.usc.es/q1/perfis/estudiantes/matricula/master/admitidos.html>

Recorde que se cursou noutra universidade a titulación de acceso declarada na súa solicitude, deberá presentar os documentos acreditativos na Unidade de Xestión Académica, no prazo de 10 días desde que se matriculou. Os alumnos que cursaron eses estudos na USC non terán que presentar ningún documento.

Un cordial saúdo"

E.- Admitíronse a todos os alumnos matriculados, agás na especialidade de Clínica do Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados, no que foi preciso facer unha selección, de acordo cos criterios aprobados: media de expediente e, para a cota de prazas para profesionais, a experiencia profesional. Tras a revisión da documentación pola Comisión do Máster, procedeuse á asignación de prazas e a súa publicación na páxina web o día 19 de setembro de 2008. Tamén se lles enviou un correo electrónico a todos os alumnos, tanto admitidos como excluídos.

F.- Nos Máster nos que quedaron prazas vacantes, os alumnos podían realizar a matrícula ata cubrir as prazas ofertadas, adxudicándose por orde temporal. Neste caso, a matrícula non tiña carácter provisoria, xa que só se permitía a inscrición mentres existirán prazas vacantes. O prazo máximo para esta matrícula foi ata o 15 de outubro de 2008.

G.- Dado que nos POP as datas de comezo das clases nalgúns deles era en setembro, o prazo para a anulación de matrícula foi, igual que en anos anteriores, ata o 15 de outubro de 2008.

A solicitude de desestimento da matrícula dentro deste prazo determina a anulación da matrícula e a devolución dos prezos abonados. Pola contra non realizar esta solicitude neste prazo determina a obriga do pagamento dos prezos, con independencia de que os matriculados usen ou non os servizos universitarios.

H.- Rematado cada prazo de matrícula, enviouse unha relación ás Unidades de Xestión Académica para comprobar os estudos de acceso e, no caso do Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (especialidade Clínica) a media de expediente declarada na solicitude de matrícula pola secretaría virtual.

Este procedemento está regulado no apartado 2.2.2 da Convocatoria de Matrícula do curso académico 2008/09, e en aplicación, como se dixo, do acordo do Consello de Goberno da USC do 30 de maio de 2008.

2.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DE IMPAGADOS

A Resolución Reitoral do 27 de xaneiro de 2004 regula o procedemento de recadación extraordinario en caso de impago.

Nela se sinala que unha vez detectado e confirmado que un alumno non abonou os prezos públicos correspondentes á matrícula, iniciárase o procedemento de recadación extraordinario, que pode levar á perda de determinados dereitos por parte do alumno, así como a posibilidade de arquivo da petición, a anulación da matrícula ou de iniciar o procedemento de recadación executiva.

Unha vez acreditado o impago en calquera modalidade remitírase comunicación ó interesado con acuse de recibo na que se lle indicará que se vai a proceder á anulación da matrícula en todas as disciplinas, concedéndolle dez días para xustificar o pagamento ou causa de exención.

Dado que os alumnos non anulaban a matrícula dentro do prazo, procedeuse a iniciar o expediente de recadación extraordinario que leva consigo o bloqueo do expediente do alumno (o expediente é único para todas as titulacións) e a eliminación do dereito de adiar os pagamentos.

No caso de que, requirido o alumno para que proceda ó pagamento ou xustifique causa de exención, este non abonase a débeda ou non xustifique causa de exención, dítase resolución de arquivo da matrícula.

Se a matrícula obxecto de reclamación tivese producido efectos no expediente do alumno, estes quedan en suspenso ou poden ser anulados. O alumno non poderá formalizar nova matrícula en tanto non proceda ó abono das precedentes. O impago da matrícula en ningún caso poderá producir efectos máis favorables no expediente do alumno que se se producise o pagamento.

No caso de non facerse efectiva a débeda procederase a iniciar o procedemento de recadación executiva, mediante o convenio coa Xunta de Galicia.

3.- SITUACIÓN DOS PROCEDEMENTOS IMPAGADOS

O número de procedementos extraordinarios de recadación por impago dos prezos públicos de matrícula nos POP, segundo o SXA, son os seguintes:

Uxa-Lugo:

Durante este curso, reclamóuselle o pago a 25 alumnos matriculados nos POP.

Uxa-Norte:

En total o número de procedementos extraordinarios de recadación por impago dos prezos públicos de matrícula nos POP reclamados en la comunicación foron 40 alumnos dos cales, 7 anuláron a matrícula en prazo polo que se anulou tamén a reclamación.

Uxa-Sur:

Ata a data de 07/04/09 houbo 50 procedementos extraordinarios de recadación por impago dos prezos públicos de matrícula nos POP.

4.- SITUACIÓN DOS RECURSOS PRESENTADOS

Segundo os datos da Oficina de Análise de Reclamacións se presentaron 21 recursos nesta materia dos cales 2 son de Neurociencia (referidos a matrícula a tempo parcial en doutoramento que configuran outro tipo de expediente), dos 19 restantes, a situación é a seguinte:

- 6 estimados. Nestes casos estimouse por estar matriculada noutro título de doutoramento na USC ou porque foron admitidos noutra universidade.
- 5 desestimados, 2 se desestimaron por estar presentados fora de prazo e por estar publicado o procedemento de matrícula na convocatoria.
- 3 inadmitidos a trámite por presentar o recurso fóra de prazo.
- 5 pendentes de revolver: Neste momento en 3 deles teñen unha proposta desestimatoria e 2 con proposta estimatoria que por mor da oferta ou doutras formalidades poden ser estimados.

Non se presentou ningún recurso contra o procedementos de recadación (o que fixo o alumnado ao estar inmerso no procedemento de impagados foi presentar a solicitude de anulación fóra de prazo).

Non obstante o anterior poderá revisarse de novo as circunstancias concorrentes no caso de interpoñer recursos contra o procedemento de impagados e no que se poderá ter en conta a situación excepcional de que este ano por vez primeira se implantou o sistema de matrícula directa sen preinscripción.

5.- MEDIDAS DE MELLORA PARA O PRÓXIMO CURSO

Debe destacarse, en primeiro lugar que o número total de recursos nos que se alega que os alumnos entenderon que estaban a facer unha preinscrición e non unha matrícula provisional que se convertía en definitiva se a oferta era suficiente é de 10 alumnos.

Non obstante o anterior, a Secretaría Xeral considera que debe mellorarse o procedemento na convocatoria do novo curso e deste xeito propuxo as seguintes medidas:

- Clarificar na web que se trata dunha matrícula, só condicionada a que a demanda supere a oferta.
- Dar Información no formulario de que ao cubrir o impreso quedan matriculados e que unha vez matriculados é obrigatorio o pagamento agás que soliciten a anulación dentro do prazo. A aplicación ao remate do proceso debe abrir automaticamente a folia de liquidación (nela debe figurar en maior tamaño o texto que agora figura en letra pequena).
- Antes do remate do prazo de anulación debe revisarse se os alumnos entregaron a documentación requirida e fixeron o pagamento. En caso contrario enviar un SMS ao móbil para advertir de tal circunstancia. Posteriormente se iniciaría o procedemento oficial de requirimento. No caso de non presentar esta documentación debe procederse ao arquivo da matrícula, debendo proceder ao pago das taxas de secretaría.
- As comunicacións ao móbil ou correo electrónico deben facerse sempre ás contas e números sinalados na solicitude de POP, non á que figura no expediente.

Q 0902/04

Queixa presentada por estudantes da USC en relación co Curso de Aptitude Pedagóxica.

O Coordinador do curso enviou o seguinte escrito:

En resposta á reclamación tendo en conta que é probable que sexa a derradeira convocatoria para a realización do CAP, os coordinadores dos diferentes seminarios do CAP acordamos facer unha proba extraordinaria que consiste nun

exame escrito para todos os alumnos/as que teñan 1 ou 2 materias pendentes, as probas serán corrixidas por cada un dos coordinadores de cada seminario.

Na seguinte semana cada un dos alumnos/as recibirá por correo certificado o lugar e data do exame, dado que estamos aínda introducindo as notas das actas dos seminarios específicos e da fase de prácticas.

Q 0902/05

Queixa presentada por unha estudante en relación co funcionamento da biblioteca dun centro.

No informe que lle foi solicitado a Sra. directora da Biblioteca Universitaria da USC indica que procedeu do xeito habitual ante a recepción dunha queixa e/ou suxestión dun usuario: o/a responsable da biblioteca obxecto da queixa informa á Dirección da BUSC e procédese a contestarlle á usuaria ofrecéndolle as explicacións oportunas. Ademais a Dirección da BUSC transmitiulle á Xerencia da USC a devandita queixa, por referirse á prestación de horarios extraordinarios.

Q 0903/01

Escritos asinados por 204 traballadores da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa tardanza na aplicación real da Lei de Igualdade que permita facer efectiva a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

O Sr. xerente da USC enviou o seguinte informe:

Recibido escrito con data 23 de marzo do presente ano, expediente Q 0903/01 sobre a aplicación da Lei da Igualdade nesta Universidade informámoslle que esta Institución toma en consideración a Lei 7/2004 do 16 de xullo, Galega para Igualdade de Mulleres e Homes (DOG 3 de agosto) modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na resolución das solicitudes e cuestións suscitadas polo seu persoal, e en particular nas relativas a:

- Permisos por enfermidade grave con fillos, acollidos ou conviventes menores de idade ou con familiares que precisen de asistencia doutras persoas, con carácter retribuído ata un máximo de trinta días.
- Recoñecemento das vacacións, permisos e licenzas dando prioridade na escolla de quenda ás traballadoras xestantes, así como aos traballadores e traballadoras con fillos menores de doce anos ou maiores dependentes ao seu cargo, unha vez que as traballadoras xestantes fixeron a súa elección.
- Flexibilización de xornada por motivos familiares.
- etc...

De todas as situacións protexidas por esta Lei, a que se suscita con maior frecuencia é a de flexibilidade na xornada por motivos familiares, ao abeiro do seu art. 44. Dado que a súa concesión está condicionada ás necesidades do servizo cada solicitude valórase de xeito individualizado, á vista dos informes da dirección do centro ou unidade sobre a adecuación ás necesidades e da representación legal dos traballadores.

En canto á solicitude realizada tiña a súa orixe nunha solicitude previa da interesada do 13 de outubro na que, amparándose na devandita Lei, solicitaba un cambio de quenda. Esta solicitude foille denegada, por non axustarse aos supostos contemplados na referida norma.

Finalmente, polo que se refire ao escrito que acompañaba a esta última queixa, non se desprende que a interesada solicite conciliar a súa vida laboral, antes ben parece pretender que se estenda a flexibilización horaria como suposto a ter en conta na resolución do concurso permanente do persoal laboral así como para a mobilidade de Campus ou quenda, o que excede do ámbito de protección do antedito artigo 44, que se refire unicamente á flexibilización da xornada de traballo.”

Q 0903/02

Presentado por un estudante en relación coa cualificación dunha materia.

O Centro remitiu un informe das actuacións que ten levado a cabo no que indica que:

“Tras a audiencia co alumno o director decide nomear unha Comisión formada por 3 profesores e un alumno, co fin de que revise o caso exposto polo alumno e faga unha proposta de cualificación.”

Con posterioridade o Centro informou que a Comisión de Revisión acordou propor a desestimación da reclamación presentada polo alumno.

Q 0904/01

Escrito de queixa presentado por unha profesora en relación co funcionamento do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua, así como do proceso de aplicación do “Regulamento dos estudos de Terceiro Ciclo da USC.”

A Secretaría Xeral enviou o seguinte escrito á presentadora da queixa:

1.- Polo que respecta ao contido da queixa, procede sinalar en primeiro lugar que o Consello de Goberno non resolve as queixas dos membros da Comunidade Universitaria, polo que neste caso a Secretaría Xeral só poderá pronunciarse sobre os feitos que lle afectan directamente.

2.- O obxecto da queixa polo que respecta a este órgano refírese á emisión dun informe remitido por correo electrónico ao CPTF e por petición súa.

Debe salientarse que o informe emitido no procedemento sinalado, nin era preceptivo nin vinculante, polo que o órgano encargado de resolver puido adoptar calquera decisión sen pedir ou ter en conta dito informe.

Aínda no caso de que o informe fose errado, en ningún momento foi ditado con mala fe ou con intencionalidade torticeira, nin con ánimo de prexudicar ou causar dano a un alumno/a ou a outro órgano ou membro da Comunidade Universitaria, polo que non se aprecia que un simple informe poida ocasionar un dano que dea lugar a indemnización.

3.- Esta Secretaría Xeral ratifícase no contido do informe, se ben sinala que non é máis que unha interpretación posible da norma e da que vostede pode estar – lexitimamente- en desacordo.

Pero unha cousa é interpretar o que ten aprobado o Consello de Goberno e outro tema diferente é considerar que debería figurar no Regulamento do Terceiro Ciclo o portugués como lingua da USC en determinados procedementos, tema na que, como se manifestaba no informe, non se considera axeitado.

Neste senso no proxecto de Regulamento dos estudos de posgrao no que se está a traballar coas universidades do S.U.G., non se contempla esta posibilidade nin figura a redacción actual.

Tamén debe entenderse que o que pretende o Regulamento vixente é que os alumnos de nacionalidade portuguesa non obteñan o doutoramento europeo por presentar unha tese no seu idioma vehicular ordinario e con esa intención foi redactado, de aí a redacción actual.

4.- Polo que respecta ao contido da queixa sobre a actuación e funcionamento do CPTF, esta Secretaría Xeral non pode pronunciarse xa que non é un órgano dependente dela nin ten ningunha competencia orgánica sobre o mesmo.

En consecuencia, pedimos desculpas polo retraso na contestación da queixa, reiteramos que a emisión do informe non tivo ningunha intencionalidade de causar dano e limitouse a unha interpretación dun Regulamento a petición dun órgano da universidade, e que se está a traballar nun novo Regulamento de estudos de posgrao onde non se contempla a posibilidade do portugués como lingua nos procedementos administrativos no Doutoramento.

Q 0904/02

Presentado por un estudante en relación coa denegación da validación dunha materia cursada nun máster para unha licenciatura.

A OAR informa das causas pola que se desestima a solicitude de validación.

Q 0904/03

Queixa referida á descentralización da docencia clínica na Licenciatura en Medicina.

O Sr. vicerreitor de Profesorado e Organización Académica envía o informe do Sr. vicedecano de Docencia Clínica da Facultade de Medicina no que se indica:

“1.- A decisión de descentralizar a un maior número e alumnos da Licenciatura en Medicina (que por outra banda xa leva realizándose dende hai anos de xeito voluntario) aos Complexos Hospitalarios de A Coruña (CHUAC) e Vigo (CHUVI) foi tomada pola equipa decanal o curso pasado de acordo co Reitor.

2.- Durante preto de dous anos o Sr. decano da Facultade de Medicina (e a súa equipa) mantivo numerosas conversas co Reitor, altos cargos da Consellería de Sanidade, as xerencias, e as comisións de docencia do CHUAC e do CHUVI (tralo acordo asinado entre os reitores de Santiago, Coruña e Vigo e as ex-conselleiras de Sanidade e Educación) para ver a maneira de acadar o mellor aproveitamento dos recursos clínico-docentes en función coa capacidade operativa dos dous complexos hospitalarios.

3.- Froito destas xuntanzas foi o acordo de enviar a un número de alumnos dos tres últimos cursos de Medicina a cada centro que oscilaría entre 105 e 150.

4.- Simultaneamente, a equipa decanal reuniuse dende o primeiro trimestre deste curso (xa o fixera o curso pasado) cos representantes dos estudantes na Xunta de Facultade e cos delegados de curso para conseguir un sistema de descentralización consensuado, pero, obviamente, sen perder de vista quen ten a responsabilidade institucional da organización académica da Facultade de Medicina. Tamén se informou a todos os cursos implicados da Facultade ao iniciarse o curso e no mes de Abril.

5.- Despois de numerosas xuntanzas, a principios do mes de abril deste ano chegouse a un acordo cos estudantes sobre o procedemento de descentralización. Este acordo foi aceptado polos representantes dos estudantes, e, como en calquera proceso de negociación, houbo cesións polas dúas bandas, Axúntolle o correo electrónico que a Asemblea Libre de Estudantes de Medicina (A.L.E.M.) envioume o 3 de abril (pouco despois da penúltima xuntanza). Como poderá observar en ese escrito os representantes dos estudantes de Medicina aceptan explicitamente o sistema de descentralización (que por outra banda fora consensuado anteriormente con eles e aprobado en xunta). Tamén en ese mesmo escrito asúmese que o proceso de descentralización para o vindeiro curso deberá estar completado o 15 de Maio de 2009, “sendo susceptible de cambios por motivos alleos á equipa decanal e aos representantes de estudantes” (sic)...

6.- Basicamente, o proceso de descentralización dun número variable (210-300) de estudantes de 4º, 5º e 6º cursos da Licenciatura en Medicina aos Complexos Hospitalarios e Coruña e Vigo farase (estase a facer) do seguinte xeito:

- 1.-: Estudantes que voluntariamente queiran descentralizarse.
- 2.-: Estudantes residentes no casco urbano de Coruña e Vigo.
- 3.-: Estudantes nas áreas metropolitanas de Coruña e Vigo e unha parte proporcional dos estudantes extra-estatais.

Garántese un servizo de autobuses gratuíto e diario.

A organización de todas as clases teóricas farase de xeito que permita cursar a Licenciatura sen problemas de solapamento (o que inclúe as materias optativas).

Garántese un sistema de avaliación uniforme da docencia práctica en todos os complexos hospitalarios e en todas as materias.

Das 72 reclamacións recibidas por min como responsable do proceso, o 35% eran para solicitar a inclusión na lista de descentralizados, un 11% eran alumnos que van estar de Erasmus (ou similares), un 10% foron alumnos empadroados recentemente en Santiago, un 10% foron alumnos que teñen o seu domicilio familiar en áreas demasiado alonxadas de Coruña e Vigo, un 7% foron alumnos que cursan simultaneamente outros estudos en Santiago, un 5% foron alumnos que simultanean as clases con algún tipo de traballo en Santiago, un 1% foron alumnos que participan en equipos deportivos oficiais da USC, e un 12,5% foron reclamacións non xustificadas ou, simplemente, dúbidas sobre o proceso. O 90% das reclamacións foron aceptadas. Das 7 reclamacións non aceptadas, 4 están pendentes de xustificar axeitadamente. Os tres casos non aceptados definitivamente foron todos eles residentes no casco urbano de Coruña ou Vigo, e non se considerou razoable a solicitude.”

Q 0904/04

Relacionada co Concurso Permanente de Traslados para a provisión de postos base de persoal laboral vacantes na USC e nomeadamente motivada, entre outras cuestións, porque nas bases do dito concurso non se contempla ningunha posibilidade que facilite a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Mantense unha entrevista coa Xerencia da USC.

Q 0905/01

Queixa presentada por unha estudante en relación coa desestimación da súa solicitude de devolución de prezos públicos abonados en concepto de matrícula nun máster.

O Servizo de Xestión Académica informa que se arquivou a matrícula por non cumprir os requisitos de acceso ao Máster Propio da USC, con devolución dos prezos públicos abonados en concepto de matrícula.

Q 0905/02

Presentado por un membro do persoal de administración e servizos da USC, en relación cunha solicitude que tiña efectuada para facer efectiva a conciliación da súa vida persoal e laboral, no que indicaba:

“Que dende o día 3 de decembro de 2008, data na que mantivo unha reunión co Sr. xerente, na que quedou de revisar a súa solicitude presentada a mediados de setembro, a día 11 de maio de 2009, non tivo ningunha resposta”

Mantense unha entrevista coa Xerencia da USC e se lle solicita que de resposta ao escrito ao que fai referencia a presentadora da queixa.

Q 0905/03

Queixa presentada por un membro da Comunidade Universitaria no que da conta do que considera trato irrespectuoso recibido nun servizo da USC.

Dáse traslado á xefatura do servizo motivo da queixa.

Q 0905/04

Queixa presentada por unha Asociación de Estudantes en relación coa adaptación do calendario escolar da licenciatura e o grao.

O sr. vicerreitor de Profesorado e Organización Académica achegou un informe no que di o seguinte:

“En relación co escrito relativo á solicitude de adaptación do calendario escolar da licenciatura e o calendario do grao, aprobado por maioría da Xunta de Facultade o 31 de abril de 2009, desexo facer as seguintes consideracións:

- 1.- Este equipo decanal decidiu levar a solicitude de cambio de calendario á Xunta de Facultade dada a recomendación previa da Secretaría Xeral, recollida no documento de aprobación do Calendario escolar do curso 2009/10.
- 2.- Na Xunta de Facultade entendeu-se que a homoxeneización de calendarios serviría para evitar problemas de funcionamento no centro.
- 3.- O novo calendario non leva consigo a supresión da convocatoria de setembro, senón o adiamento das datas de exames de todas as convocatorias das licenciaturas (incluída a de setembro, que no calendario no Grao está aprobado que sexan en xullo).
- 4.- A docencia da licenciatura está garantida tal e como se recolle no PDA aprobado para o curso 2009/10.”

O anterior informe enumera as modificacións que se van introducir no calendario e na organización dos estudos de licenciatura como consecuencia da implantación dos estudos de grao (que xa foron postas de manifesto no escrito de queixa), pero non se xustifica a necesidade da súa introdución, nin se fai ningunha referencia ás actuacións que se van levar a cabo para garantir os dereitos dos estudantes da licenciatura en relación coa calidade e as condicións nas que se lles vai impartir a docencia, indicándose simplemente que “a docencia está garantida”.

Por iso solicito un informe máis amplo, e no que nomeadamente se aclare:

- O xeito en que van recibir a docencia os estudantes da licenciatura e os mecanismos que se teñen establecido para que os contidos e calidade da docencia sexan similares aos que se viñan recibindo.
- A necesidade de adiantar os exames de setembro ao mes de xullo, e a redución dos períodos de exame das convocatorias de febreiro e xuño, ao que non se fai referencia no informe previo.

Por outra parte tendo en conta que o parágrafo da Disposición Transitoria Segunda do Real Decreto 1393/2007 establece que: “*Enseñanzas anteriores. a) A los estudiantes que en la fecha de entrada en vigor de este real decreto, hubiesen iniciado estudios universitarios oficiales conforme a anteriores ordenaciones, les serán de aplicación las disposiciones reguladoras por las que hubieran iniciado sus estudios, sin perjuicio de lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de este real decreto, hasta el 30 de septiembre de 2015, en que quedarán definitivamente extinguidas*”, solicito tamén que a Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica me informe das actuacións que ten levado a cabo ata o momento e as que, de ser o caso, teña previsto levar a cabo para garantir os dereitos dos estudantes da licenciatura.

Q 0906/01

Presentada por un estudante dun máster en relación coas adaptacións en ditos estudos, na que indica:

Quero expresar unha reclamación pola decisión acordada no Consello de Goberno sobre a adaptación de estudos dos alumnos que cursaron o máster que transformou varias materias de opcionais en obrigatorias, polo cal persoas que non cursaron esa materia, este ano unha vez finalizado o proxecto do máster , non poderemos ter dereito ao noso título.

Enviouse escrito solicitando informe ao Sr. vicerreitor de Oferta Docente e Espazo de Educación Superior non téndose recibido resposta.

Q 0906/02

Escrito presentado por un colectivo de docentes dun departamento en relación co que consideran inadecuado comportamento doutro profesor do mesmo departamento.

Póñense os feitos en coñecemento do Sr. vicerreitor de Profesorado e Organización Académica coa solicitude de que leve a cabo as actuacións que considere oportunas para resolvela situación exposta.

Q 0906/03

Escrito de queixa asinado por estudantes en relación co procedemento de avaliación seguido nunha materia.

Póñense os feitos en coñecemento do centro, quen resolve a situación exposta na queixa.

Q 0906/04

Escrito presentado por estudantes dunha facultade en relación coa calidade da docencia dunha materia.

O Sr. vicerreitor de Profesorado e Organización Académica enviou un informe no que indica:

Como resposta ao seu escrito relativo a unha queixa de estudantes sobre a calidade de docencia dunha materia achégolle escrito remitido polo decanato dando conta das xestións feitas a requirimento desta Vicerreitoría e das solucións dadas á problemática que parece definitivamente reconducida.

Acompañando o escrito do Decanato no que se expón:

“Como resposta ao escrito desa Vicerreitoría no que solicita un informe sobre unha queixa, comunícolle que no seu momento este Decanato mantivo unha entrevista coa profesora afectada onde se lle deu conta da referida queixa. Coñecido pola profesora afectada o contido da queixa, este Decanato recibiu as explicacións que indican o cumprimento das súas obrigas docentes, non habendo a partir dese momento incidencia algunha coa impartición da materia.”

Q 0906/05

Presentada por un estudante en relación coa demora en recibir a resolución á súa solicitude de subvención de prezos de matrícula por ser fillo de funcionaria.

O Servizo de Bolsas e Axudas ao Alumnado informa que o solicitante supera a idade máxima permitida para ter dereito á subvención.

Q 0906/06

Queixa relacionada co procedemento seguido na asignación de titor do Proxecto de Máster.

Dáse traslado á Vicerreitoría de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior.

Q 0906/07

Queixa presentada por un membro do P.A.S. en relación á denegación de exención de prezos nun Programa Oficial de Posgrao na que indica:

A denegación baséase no artigo 2.1.3 da Resolución Reitoral referente á Concesión de Axudas e Subvencións de Prezos Públicos na USC para o curso 2008-09, que fai referencia a simultaneidade de estudos, en cuxo caso só se concederá para os estudos nos que o alumno formalizara matrícula por primeira vez. Isto é moi discutible xa que, aínda que coincidentes as datas, non se pode considerar que hai simultaneidade de estudos cando se está a facer un curso de posgrao ou calquera outro estudo de terceiro ciclo e, ao mesmo tempo, se están rematando varios créditos (12) dunha licenciatura, xa que eses estudos de posgrao ou terceiro ciclo son unha especialización, un complemento ou unha mellora do anterior e, en ningún caso, outra licenciatura.

O espírito da normativa debería ser sempre favorecedor para o alumno e neste caso é totalmente contrario, xa que en caso de facer só os 12 créditos pendentes durante este ano se lle concedería a subvención para o curso de posgrao no vindeiro ano por non ser xa coincidente cos estudos de licenciatura, co que para acceder a esta subvención tería que perder un ano máis o cal sería absurdo e, desde logo, contrario ao rendemento académico. Non se pode pretender que para ter dereito a unha axuda, para a que, por certo, hai adicada unha parte da masa salarial, se teña que perder un ano de estudos, Sendo así o caso, está claro que a normativa é inxusta, está mal redactada, ou realmente non indica o que se pretende indicar na resolución. Cómpre destacar, ademais, que este é o único máster que non requiría a licenciatura. É dicir, por un lado permítese a

matriculación nun máster sen ter acabada a licenciatura e por outro lado penalízase facéndollo aboar a quen ten axudas ao respecto, por unha suposta duplicidade de estudos, cando esta so se daría no caso de ser estudos doutra licenciatura e non dun máster como é o caso.

Enténdese que este artigo está posto para todos aqueles que, pola gratuidade da matrícula pretendan beneficiarse dela matriculándose en varios estudos, incluso sen relación entre eles, e así poder adaptarse ao que mellor lle veña, tratando neste caso de trampear ou falsear a normativa a través dun abuso inxustificado, pero este non é o caso xa que o que se pretende é unha mellora nos estudos sen ningún ánimo de falsear a normativa.

Por outro lado, cando fixo a matrícula en ningún caso lle informaron desta normativa, indicando, en todo momento, que tiña gratuidade nos dous casos. No caso de telo informado, pagaríase a matrícula dos créditos pendentes na titulación (pouco máis de 200 €), que si lle foi concedida, e solicitaría a axuda parao curso de posgrao (máis de 1500 €), que lle foi denegada.

Por todo isto solicito se teñan en conta estas alegacións e se fagan as xestións pertinentes para que, baseándose nun artigo moi discutible dunha normativa, on se tome por norma aplícalo sen ter en conta a situación ou a realidade, sen dar ningún tipo de explicación máis que facer referencia a el e, se permita, como mínimo, a elección da matrícula a pagar, subvencionando a matrícula de maior entidade.”

Á vista do exposto polo presentador da queixa e da Resolución denegatoria da axuda é claro que a denegación fundaméntase no artigo 2.1.3 da Resolución Reitoral de 26/06/2008 pola que se convocan axudas e subvencións de prezos públicos na USC para o curso académico 2008/2009:

Art. 2.1.3: No caso de simultaneidade de estudos, ou de matrícula no segundo cuadrimestre doutra titulación, a axuda concederáse aos beneficiarios para os estudos nos que o alumno formalizara matrícula por primeira vez.

e na consideración de que a simultaneidade tamén se refire, como é o caso que motiva a queixa, a estudos de ciclos diferentes como Licenciatura e Posgrao.

Sen embargo neste caso a aplicación da normativa non favorece ao solicitante xa que como indica no escrito de queixa “en caso de facer só os 12 créditos pendentes na titulación durante este ano se lle concedería a subvención para o

curso e posgraio no vindeiro ano por non ser xa coincidente cos estudos da licenciatura, co que para acceder a esta subvención tería que perder un ano máis o cal sería absurdo e, dende logo, contrario ao rendemento académico. Non se pode pretender que para ter dereito a unha axuda se teñan que perder un ano de estudos.”

Por outra banda a redacción actual do mencionado parágrafo 2.1.3 tampouco favorecería a aqueles solicitantes que poidan simultanear estudos do mesmo nivel, e dicir dúas licenciaturas, xa que esta posibilidade non está contemplada baixo ningunha circunstancia.

Aínda entendendo que coa inclusión do punto 2.1.3 se trate de controlar a solicitude de axudas é claro que o mesmo resulta prexudicial naqueles casos nos que a simultaneidade de estudos está xustificada e sexa favorecedora para o solicitante, por iso suxiro que se considere a inclusión dalgunha cautela que permita a concesión da axuda para simultanear estudos sempre que o solicitante o xustifique adecuadamente.

Q 0907/01

Presentada por unha estudante en relación coa avaliación dunha materia.

O centro informa das actuacións levadas a cabo.

Q 0909/01

Queixa presentada por unha estudante referida á demora na expedición do Suplemento Europeo ao Título (SET) na que se indicaba:

“En 2006, ao rematar os meus estudos, solicitei o Suplemento Europeo ao Título (SET). Veu defectuoso por un problema informático. Devolvino e esperei a que arranxasen o problema, tal e como me indicaron. En 2007, 2008 e 2009 presentei reclamación. Nunca me responderon. Naquel momento paguei 70€ máis por dito documento e aínda non o teño e nada parece indicar que o vaia ter. Solicito que por favor, alguén faga algo por solventar esta situación.”

O informe recibido da Secretaría Xeral expoñía:

“Segundo a información de que dispoñemos o novo SET será enviado previsiblemente ao remate do mes de setembro á empresa encargada da súa impresión, polo que a principios do mes de outubro posiblemente poderá estar xa a disposición da alumna.”

Información que se enviou con data 30 de setembro de 2009 á alumna, quen mediante escrito de 4 de xaneiro de 2010 manifesta que o problema persiste, non pode obter o seu título, e infórmanlle que hai máis persoas afectadas e que de momento parece que non se vai resolver o problema.

Solicitouse un novo informe á Secretaría Xeral da USC, tendo recibido a seguinte resposta:

- 1.- Que efectivamente existe un retraso considerable na expedición dos SET debido a múltiples causas (aproximadamente uns 2000 sen expedir).
- 2.- Que se empezaron a imprimir os SET que non tiñan problemas de configuración.
- 3.- Que a empresa encargada de impresión cambiou o sistema e revisadas as probas, detectáronse erros nos SET expedidos, polo que se procedeu a unha revisión, un por un, de cada un deles.
- 4.- Que se tiveron varias reunións para solventar os problemas e poder imprimir o maior número de SET.
- 5.- Que se ben o caso da alumna reclamante non estaba programado que fose entre os lotes iniciais (xa que é dos que presenta problemas de configuración, por non ter o primeiro ciclo na USC), ordenouse que fose expedido con urxencia.
- 6.- O borrador do SET da presentadora da queixa na data de hoxe xa foi revisado e remitido á empresa para a súa impresión, polo que estamos á espera da súa recepción.

Q 0909/02

Escrito presentado por unha estudante no que indica que se está a producir unha incompatibilidade derivada da convivencia de dous calendarios académicos: o

correspondente ao Espazo Europeo de Educación Superior (Plan Boloña) e o calendario anterior, o que lles imposibilita aos recen licenciados matricularse nun Máster.

Dáse traslado da queixa ao Sr. vicerreitor de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior, que achegou o seguinte informe enviado polo Decanato do Centro:

O problema ao que alude a afectada obedece a unha incompatibilidade entre os calendarios de matrícula dos máster oficiais e o calendario de remate de estudos de licenciatura. Como ben coñece, o prazo de solicitude de pre-matrícula para os máster rematou o 10 de setembro, aínda que en realidade remata o día de peche oficial das actas que este curso é o 6 de outubro. Debido á esixencia de estar en posesión do título de licenciado para poder ser admitido na pre-matrícula, os estudantes que realizan prácticas en empresas ou que acoden á convocatoria de setembro non poden optar a unha praza do máster xa que non poden estar en posesión do seu título.

Para solucionar este problema só cabe a posibilidade de modificar, ou ben os prazos de pre-matrícula dos máster oficiais ou ben os requisitos de acceso. A alumna afectada cualifica de “inxusta” esta situación, cualificativo que compartimos desde este centro. O elevado número de estudantes que opta por facer prácticas en empresas durante o verán do último curso académico, converte esta situación en un grave agravio para os recién licenciados. Por esa razón aproveito a ocasión que me brinda este informe para solicitarlle a vostede que se fagan todas as accións posibles para tentar paliar estas situacións en futuras ocasións.

Q 0909/03

En relación cun escrito de queixa e numerosas consultas realizadas por estudantes que teñen a pretensión de cursar o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, nas que poñen de manifesto a imposibilidade para moitos estudantes que rematan os seus estudos en setembro de realizar a preinscrición en dito Máster por incompatibilidade nas datas: a data de peche de actas, o día 2 de outubro, é posterior

á de remate do prazo de preinscrición, o día 28 de setembro, non podendo así acreditar a data de depósito do título nese momento.

O Sr. reitor envía o seguinte escrito:

Na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio artigos 94, 95 e 97, indícase que para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e o ensino de idiomas será necesario acreditar a formación pedagóxica e didáctica.

Esta formación, que ata o curso 2008-09 se acadaba mediante o curso polo que se obtiña o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP), deberá realizarse a partir deste curso mediante a realización dun máster.

Coa finalidade de regular as condicións ás que deberán axustarse os plans de estudos conducentes á obtención do devandito máster ditáronse as seguintes normas:

1. Resolución de 17 de decembro de 2007, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 14 de decembro de 2007 polo que se establecen as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

2. Orde ECI/3858/2007, de 27 de decembro, pala que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

3. Real Decreto 1834/2008, de 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

4. Resolución da Dirección Xeral de Universidades do 16 de xullo de 2008, na que se determinaba que o curso 2008-09 sería o último no que as universidades poderían seguir organizando as ensinanzas conducentes á obtención do Certificado de Aptitude Pedagóxica.

Tendo en conta esta regulación, a Universidade de Santiago de Compostela elabora a memoria do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, que somete a verificación do Consello de Universidades con data do 13/02/2009. Esta memoria ten informe de verificación positiva da ANECA (data do 15/06/2009).

Así mesmo, estableceuse un protocolo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a USC para a posta en marcha do Prácticum do Máster Oficial que habilita para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria e bacharelato e formación profesional e a ensinanza de idiomas (6 de febreiro de 2009).

Mediante resolución reitoral do 23 de xuño de 2009 a USC realizou a convocatoria de matrícula nos estudos universitarios de primeiro e segundo ciclo, ensinanzas de grao, máster universitario, doutoramento e nas titulacións propias para o curso 2009-2010. Nesta resolución establecíanse os prazos xerais de admisión e matrícula nos másteres universitarios oficiais, e nela non se incluía o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, debido ás especificidades desta titulación (necesaria coordinación entre as tres universidades galegas, e igualmente coa Consellería de Educación, así como os requisitos de acceso).

En consecuencia, e unha vez determinadas as condicións en que os alumnos poderán realizar a súa matrícula, esta Reitoría resolve abrir o prazo de preinscrición no Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (en adiante, o Máster), conforme ás seguintes normas:

1. Os alumnos interesados en matricularse no Máster deberán realizar unha preinscrición entre o día 14 e o 28 de setembro. Esta preinscrición realizarase mediante a Secretaría Virtual do alumno, na que se facilitará o formulario de solicitude, así como o modelo para realizar a declaración da titulación que se posúe, nota media do expediente, etc. En datas que se anunciarán posteriormente publicaranse as relacións de solicitantes por especialidade.
2. A preinscrición na Universidade de Santiago de Compostela non é incompatible coa realizada noutra Universidade.
3. Condicións de acceso ao Máster. Para o ingreso no Máster establécese como

requisito de acceso a acreditación do dominio das competencias relativas á especialización que se desexa cursar (ver anexo especialidades), mediante a realización dunha proba deseñada ao efecto pola Universidade, da que quedarán exentos os que estean en posesión dalgunha das titulacións universitarias que se correspondan coa especialización elixida.

4. Así mesmo, os alumnos terán que acreditar o dominio dunha lingua estranxeira equivalente ao nivel B1 do Marco Común Europeo, de Referencia para as Linguas, de acordo coa Recomendación Nº R (98)6 do Comité de Ministros de Estados Membros, do 17 de outubro de 2000. Esta acreditación poderá realizarse posteriormente á admisión no máster.

Os alumnos con títulos de sistemas educativos doutros países deberán achegar a homologación do seu título.

5. Para realizar a selección dos alumnos, as solicitudes ordenaranse dentro de cada especialidade/itinerario segundo a media do expediente académico calculada ao abeiro do disposto no Real Decreto 1497/1987, modificado polo Real Decreto 1267/1994 e polo Real Decreto 1044/2003.

6. Posteriormente, en data que se anunciará debidamente, publicarase a convocatoria de matrícula, na que se determinarán as datas de publicación das listas de admitidos así como o procedemento para a matrícula.

7. A Universidade de Santiago de Compostela non garante que todas as especialidades e itinerarios se impartan nesta Universidade. En todo caso estableceranse os mecanismos de coordinación coas outras dúas universidades do Sistema Galego de Universidades co fin de que se cubra a oferta de especialidades e itinerarios.

Q 0909/04

Escritos de queixa presentados por estudantes que pretenden cursar un Máster nos que poñen de manifesto:

- á imposibilidade para moitos estudantes que rematan os seus estudos en setembro de realizar a preinscrición en dito Máster por incompatibilidade nas datas de preinscrición e peche de actas.

- que estudantes que rematan estudos na mesma convocatoria, setembro, reciben un trato diferenciado, podendo uns realizar a preinscrición e outros non, segundo a data na que os profesores pecharon as actas.

A Secretaría Xeral da USC enviou un informe indicando que:

Sobre o Máster, o problema foi que non foi suficiente coa ampliación do prazo, xa que se esgotaron todas as prazas ofertadas. Neste caso e perante a situación de que uns alumnos accederan ao Máster e outros non en función da data de peche da acta do profesor e para evitar esta situación de desigualdade, optouse por incrementar o número de prazas deste Máster, conforme á resolución que se achega, polo que este tema enténdese solucionado.

Q 0909/05

Queixa presentada por un estudante en relación co sistema de avaliación seguido nunha materia.

O Sr. decano enviou un informe no que indica que ten remitido ao alumno unha resolución pola que se denega a admisión a trámite da reclamación.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2009-2010

2.2.- CURSO 09/10

2.2.1.- INTERVENCIÓNS E MEDIACIÓNS

M-2010/01

Mediación solicitada por estudantes do 2º curso dun Grao en relación coa imposibilidade de planificar a formalización da súa matrícula por descoñecer a validación de materias con antelación.

Solicitouse información á Secretaría Xeral da USC.

M-2010/02

Escrito presentado por un estudante no que indica que o decanato pechou o local de estudantes, e ante os feitos solicita información acerca de se é obrigada a existencia dun local de estudantes en cada facultade.

A Secretaría Xeral da USC informou o seguinte:

“O Estatuto do Estudantado, aprobado polo Claustro do 12 de decembro de 1998, ademais de desenvolver para alumnos e asociacións o dereito de reunión en locais universitarios, que se recolle nos vixentes Estatutos da Universidade para todos os membros da comunidade universitaria, tamén dispón no artigo 19:

“Artigo 19: Dos recursos.

Sempre que exista dispoñibilidade, facilitaranse locais ás asociacións nos centros onde contén con implantación. Existirá, polo menos, un local común para uso de tódalas asociacións en cada centro.”

M-2010/03

Solicitud presentada por unha profesora no que indica que ao abeiro do Plano Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC solicitou un cambio de horario na materia que tería que impartir conforme ao POD de xeito que lle permitira conciliar a súa vida laboral e familiar. Cambio que lle foi denegado. Asemade indica ter dirixido un escrito análogo á Vicerreitoría de Calidade e Planificación.

A Vicerreitoría de Calidade e Planificación enviou o seguinte escrito:

“En relación ao seu escrito de data 19 de outubro de 2009, referente ao exp. Nº. M-2010/03, comunícolle que a solicitude presentada, co obxecto de cambiar os horarios dunha materia da que imparte docencia, para poder conciliar a súa vida laboral e familiar, foi realizada con anterioridade á implantación do Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC.

O Plan Estratéxico, como ben sabe, foi aprobado o 25 de marzo de 2009 en Consello de Goberno pero para a súa implantación e execución, establécese unha organización secuencial das accións en períodos anuais que serán determinadas pola Comisión de Implantación e Seguimento do Plan, que ten previsto reunirse para acadar este obxectivo o vindeiro 17 de novembro.

Dende a Vicerreitoría de Calidade e Planificación, estamos moi sensibilizados con este tipo de accións e é intención desta vicerreitora, reunir ás partes implicadas e dende o diálogo, intentar chegar a un acordo consensuado.”

M-2010/04

Escrito presentado por unha estudante que padece unha minusvalía do 38% e que necesita facer probas mensuais que lle impiden asistir a certos seminarios, polo que solicita información de como facer fronte a este problema.

M-2010/05

Escrito presentado por unha estudante en relación coa resolución e adxudicación das Bolsas de Sostibilidade 2009/2010. No mesmo indica que presentou reclamación contra a adxudicación das bolsas solicitando coñecer os méritos alegados pola bolseira escollida e que a resposta obtida da Vicerreitoría non foi suficientemente clarificadora.

A Vicerreitoría de Calidade e Planificación envía a puntuación detallada dos méritos presentados polas solicitantes.

M-2010/06

Solicitude presentada por membros da Asociación de Licenciados en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos de Galicia no que suscitan unha serie de dúbidas acerca do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas.

O Sr. director do Máster de Secundaria informou o seguinte:

“En relación ao escrito remitido por membros de ALTAGA no que solicitan información sobre a situación dos Licenciados en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, dentro da organización do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas, comunícolle o seguinte:

Os licenciados en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos poden acceder directamente á especialidade de Formación Profesional. Dentro desa especialidade existe un itinerario referido aos aspectos de Aprendizaxe e ensino dos módulos das familias profesionais do Sector primario e secundario e outro referido a Aprendizaxe e ensino dos módulos das familias profesionais do Sector Servizos.

A este segundo itinerario é ao que poden acceder directamente.

En canto á realización da función docente a obtención do título é requisito para poder acceder e matricularse nas convocatorias a oposicións ao corpo de profesores de secundaria, convocadas polas distintas administracións autonómicas. Así mesmo é necesario estar en posesión do título para poder impartir docencia no Ensino Secundario, en calquera das súas modalidades en centros concertados e tamén en centros privados.

A adquisición do título por un dos itinerarios non impide presentarse ás oposicións por outra especialidade diferente.”

M-2010/07

Solicitud relacionada coa non aceptación dun recurso de reposición que considera presentado nunha oficina de correos dentro do prazo.

A Oficina de Análise de Reclamacións da Universidade de Santiago de Compostela indica:

“Na documentación que consta no expediente está o recurso e o único selo estampado no documento é o do Rexistro de Entrada da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, de data 15/02/2010. Sendo a data de notificación do 11/01/2009 e estando establecido que o prazo para a presentación do recurso de reposición é dun mes, está presentado fóra de prazo co que se procedeu a non admitir a trámite.”

M-2010/08

Escrito informando dos feitos acontecidos nos que a policía nacional procedeu á identificación dalgúns estudantes dentro das instalacións dun centro.

M-2010/09

Escrito presentado por unha estudante en relación co cobro das certificacións académicas necesarias para solicitar bolsas de estudo.

O Sr. vicerreitor de Estudantes e Formación Continua informa do seguinte:

Os prezos por expedición de certificación fíxase na tarifa III do Decreto da Xunta de Galicia 115/2010 do 8 de xullo, DOG nº. 134 do 15 de xullo. Independentemente do fin ao que estas certificacións vaian ser destinadas.

As certificacións expídense de balde cando se expiden de oficio, solicitadas por unha administración que poida facelo.

M-2010/10

Mediación solicitada en relación cos problemas xurdidos na resolución dun concurso a unha praza de Profesor Contratado Doutor.

M-2010/11

Escritos presentados en relación co proceso de creación de prazas de promoción de profesores acreditados para Catedráticos de Universidade na convocatoria do ano 2009.

M-2010/12

En relación coa reclamación do pago dos prezos públicos de matrícula e a denegación de subvención dos mesmos como persoal da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

A Oficina de Análise de Reclamacións da USC indica que o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado ditou resolución de concesión da axuda.

M-2010/13

Escrito presentado por un profesor en relación coa acreditación da súa personalidade perante a mesa electoral para poder exercer o dereito a voto nun proceso electoral.

No informe recibido a Comisión Electoral Central indica o seguinte:

1.- O Regulamento Electoral da USC regula esta materia no seu artigo 36:

Artigo 36. Identificación dos electores.

1.- O dereito a votar acredítase pola inscrición nos exemplares certificados das listas do censo ou por certificación censual específica e, en ambos os dous casos, pola identificación do elector, que se realiza mediante documento nacional de identidade, pasaporte, permiso de conducir ou carné da Universidade en que apareza a fotografía do titular.

2.- Cando a mesa electoral teña dúbida sobre a identidade do individuo que se presente a votar, decidirá por maioría á vista dos documentos acreditativos e da testemuña que poidan presentar os electores presentes.

2. Se descoñecen as circunstancias concretas deste incidente por canto non foi comunicado á Comisión Electoral nin figura ningún tipo de reclamación, queixa ou recurso.

3.- Dado que non se coñeceu este incidente, nin foron oídas as partes, a Comisión non pode determinar se a actuación axustouse ou non a Dereito.

M-2010/14

Escrito presentado por un estudante egresado que cursou a Licenciatura en Humanidades en relación coa obtención da certificación correspondente ao Celga 5 como titulado universitario.

A Secretaría Xeral da USC enviou o seguinte informe:

“En resposta o seu escrito relativo a un estudante egresado da Licenciatura de Humanidades e a súa imposibilidade de obter a certificación correspondente o CELGA 5 (Exp. N°:M-2010/14) cómpre indicar:

Segundo informa o Servizo de Normalización Lingüística a Orde que regula os Celgas recolle que o Celga 5 só se lle valida aos licenciados que cursaron 18 créditos de lingua galega (ademais dos de Filoloxía Galega, so entran os de Tradución da Universidade de Vigo que fixeron a especialidade de lingua galega). O Celga 5 so pode obterse por validación. Trátase dun certificado "de luxo", no sentido de que serve para recoñecer a competencia en galego dos licenciados en Filoloxía Galega e Tradución (e evitar así que estes titulados, que impartían cursos de perfeccionamento de galego, tivesen, a súa vez, que facer eles mesmos un curso de perfeccionamento de galego, xa que a súa titulación non lles computaba como coñecemento de lingua galega, no apartado correspondentes dos procesos selectivos mediante concurso oposición) e das persoas que aprobaron o ciclo superior de galego nas Escolas Oficias de Idiomas, pero, en principio, non foi esixido para ningún posto de traballo.

Os titulados de Humanidades só cursan 9 créditos de lingua galega e por iso non poden validarlle a licenciatura polo Celga 5. Quizais existe unha especie de baleiro legal, xa que, se ben é certo que este alumno ten os coñecementos necesarios para ser licenciado, non son suficientes para obter o Celga 5 (xa que só cursou 9 créditos de lingua galega e non os 18 requiridos). O problema está en como a Universidade pode facilitarlle a superación deses 9 créditos que lle faltan en lingua

galega, xa que o estar licenciado non pode matricularse en materias incompatibles coa súa Licenciatura. A posible solución é que se autorice a súa matrícula extraordinaria nalgunha materia ou materias de Lingua galega (distinta da que xa cursou) ata completar os 9 créditos necesarios, pero isto non garante que en Política Lingüística da Xunta de Galicia procedan á validación do Celga 5 xa que é quen ostenta a competencia nesa materia, sen que a USC poda intervir no proceso.

M-2010/15

Escrito presentado por un estudante no que expón os problemas que ocasiona a non existencia da convocatoria de decembro nos estudos de grao.

Dáse traslado á Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao.

2.2.2- QUEIXAS

Q 0910/01

Queixa relacionada coa imposibilidade de efectuar a preinscrición nun máster ao non estar pechada a día 30 de setembro a acta correspondente ao proxecto fin de carreira quedando prazas vacantes no mesmo.

Trasládase o problema á Secretaría Xeral, que procura unha solución satisfactoria.

Q 0910/02

Presentado por estudantes en relación co Servizo de Préstamo de Bicicletas.

A Vicerreitoría de Calidade e Planificación emitiu o seguinte informe:

O programa de préstamo de bicicletas da USC xestionase desde a Oficina de Desenvolvemento Sostible (dependente da Vicerreitoría de Calidade e Planificación).

A páxina web do programa de préstamo de bicicletas da USC é:

<http://www.usc.es/plands/seccions/datosplan/eixe2/mobilidadesostible/bicis0910/bicis0910.htm> e tamén se pode acceder directamente dende a web da Oficina de Desenvolvemento Sostible www.usc.es/plands na sección "Actualidade" premendo na ligazón "Programa de préstamo de bicicletas curso 09/10". As condicións do préstamo son as mesmas que en edicións anteriores.

Este programa ten dende o seu comezo no curso 2006/2007 un funcionamento independente do persoal asignado ao almacén da Universidade. O persoal do almacén unicamente colabora facilitando o acceso ao almacén por parte do persoal da Oficina de Desenvolvemento Sostible e dos técnicos que acoden a reparar as bicicletas e facilitan a dispoñibilidade do almacén para gardar as bicicletas nos períodos en que non están en préstamo. O persoal do almacén non decide horarios de entrega nin de recollida de bicicletas nin ten a misión de facer as entregas e recollidas.

O funcionamento do Programa de Préstamo é o seguinte. A apertura da convocatoria de préstamo de bicicletas publicítase en todos os centros e bibliotecas da USC a través de carteis e tamén a través de correos electrónicos a

todas as persoas que nalgunha ocasión participaron no programa. Unha vez resolta a convocatoria as bicicletas entréganse e recóllense no almacén da Universidade no caso do Campus de Santiago e no Aulario da Facultade de Veterinaria no caso do campus de Lugo, sendo o persoal da propia Oficina de Desenvolvemento Sostible o que se despraza aos lugares de entrega e recollida das bicicletas.

As entregas e recollidas de bicicletas fanse seguindo un calendario que é decidido na Oficina de Desenvolvemento Sostible e publicado con antelación a través da web da campaña de préstamo (o calendario de recollida que está a seguir na actual convocatoria pódese consultar premendo na ligazón "Procedemento de devolución de bicicletas" na web do Programa) e por correo electrónico a todos os interesados. Para facilitar a devolución solicítase reiteradamente que todos os participantes se anoten enchendo no formulario dispoñible na web o día e hora que devolverán a bicicleta, xa que é posible facelo en diferentes datas e horarios en xuño, xullo e mesmo en setembro. Polo tanto, non hai xustificación para pensar que fóra desas datas e horarios haberá persoas encargadas de entregar ou recoller bicicletas tendo en conta ademais que o contrato de cesión da bicicleta especifica claramente que antes de entregar a bicicleta hai que poñerse en contacto coa Oficina de Desenvolvemento Sostible. Algúns participantes no programa téñense posto en contacto coa Oficina por ter incompatibilidades horarias que lles impiden entregar ou recoller as bicicletas nos horarios previstos e téñense fixado datas e horas alternativas.

Para preguntar as condicións do programa de préstamo ou facer chegar calquera suxestión a vía usual é poñerse en contacto coas persoas que se encargan do programa de préstamo a través do teléfono (extensións 11359, 11317, 44085) ou a través do correo electrónico ás direccións plands@usc.es ou bicispds@usc.es.

Q 0910/03

Escrito de queixa presentado por unha estudante en relación co funcionamento da Sala de Lectura do Aulario Roberto Novoa Santos.

Solicítouse un informe ao decanato do centro. Con posterioridade a alumna envía un escrito no que informa que se teñen corrixido os motivos polos que presentou a queixa.

Q 0910/04

Escritos de queixa presentados por estudantes en relación coa admisión, matrícula e docencia do curso ponte para a obtención dun grao.

A Secretaría Xeral da USC informa da normativa que obrigou a denegar as solicitudes.

Q 0911/01

Queixas presentadas por investigadoras en formación nas que expoñen que foron excluídas do Censo Provisional de Electores para participar nas Eleccións a representantes nas Xuntas de Centro 2009.

A Secretaría Xeral da USC informa o seguinte:

“En relación ás reclamantes, presentaron recurso en primeira instancia á Secretaría Xeral e, posteriormente, ante a Comisión Electoral Central, xa que foron excluídas do listado de electores/as, e consideraban que debían formar parte do sector de estudantes de 3º ciclo. Os seus recursos non foron admitidos xa que todas se atopan realizando a etapa de tese a tempo completo, e o artigo 34.1 a) dos Estatutos establece: "1. Os investigadores en formación e perfeccionamento son titulados universitarios que acadaron o diploma de estudos avanzados ou equivalente, que realizaron actividades de investigación e que están vinculados á universidade nalgunha das seguintes categorías: a) Matriculados en etapa de tese, que a estean realizando cunha dedicación maior ou igual á media xornada”.

En consecuencia, as reclamantes forman parte do subsector de investigadores en formación, e, por tanto, non participan neste proceso no que unicamente se renovan o sector de estudantes de 1º e 2º ciclo e o sector de estudantes de 3º ciclo.”

Q 0911/02

Queixa presentada por un estudante en relación coa simultaneidade de estudos de Licenciatura e de Grao que lle foi concedida, mais condicionada a unha

limitación no número de créditos nos que pode formalizar a matrícula que na práctica lle imposibilita cursar os seus estudos.

A Oficina de Análise de Reclamacións enviou un informe no que se indica que:

“- O apartado 2.1.9 da Convocatoria de Matrícula do curso 2009/2010 establece:
Simultaneidade de estudos:

Os alumnos e alumnas que pretendan simultanear dúas titulacións deberán solicitalo na Unidade de Xestión Académica que se corresponda coa titulación onde vaia a iniciar os novos estudos, de acordo co disposto nas normas de xestión académica. De non ter previamente solicitada a autorización, poderase iniciar o procedemento de anulación dunha das matrículas, previa audiencia ao interesado ou interesada. No caso de que se autorice a simultaneidade con ensinanzas de grao, poderase matricular nun máximo de 75 créditos entre ambos estudos.

- Segundo establece a Convocatoria de Matrícula do curso académico 2009/2010 o alumno pode simultanear os estudos de Licenciatura e o Grao sempre que non supere o máximo de 75 créditos entre ambas titulacións. Consta no expediente do alumno que no curso 2009/2010 está matriculado na Licenciatura en 81,5 créditos polo que superaría o límite máximo de 75 créditos para simultanear a titulación da Licenciatura e as ensinanzas de Grao.

- Á vista do expediente, non procede atender a reclamación do alumno, ao axustarse a resolución recorrida ao establecido na Convocatoria de Matrícula do curso académico 2009/2010 para a autorización da simultaneidade con ensinanzas de Grao.”

Q 0911/03

Queixa presentada por unha estudante en relación coa súa desconformidade cos prazos que emprega a USC para informar das desestimacións de matrícula en materias de libre configuración. Na mesma indica que:

- Este curso a mediados de novembro a UXA excluíu unha materia da súa matrícula. Ademais doutras dúas materias do segundo cuadrimestre.

- Que dita exclusión co curso académico tan avanzado supónlle un serio prexuízo por canto estivo asistindo á clase nunha materia que lle foi anulada e ten que matricularse dunha nova na que xa levan semanas de docencia impartida.

A Unidade de Xestión Académica enviou o seguinte informe:

Segundo a Normativa de matrícula curso 2009/2010 no apartado de Libre Elección di o seguinte:

2.1.8. Libre elección

2.1.8.1. Criterios xerais

Límite de prazas: As materias tanto específicas para libre configuración curricular como as pertencentes a titulacións oficiais, teñen o límite de prazas que se establece na oferta académica.

Poderase formalizar matrícula en todas as materias sen necesidade de inscrición previa (preinscrición), indistintamente que sexan específicas ou non, de acordo co procedemento de xestión das listas que se indica. Todas as materias estarán sometidas aos requisitos, prelacións e exclusións que se determinan na oferta de materias específicas ou no plan de estudos ao que pertencen. Non se admitirá a matrícula nas materias que teñan prelación, agás que xa se teña superada a materia que fai prelación. Este impedimento non será de aplicación aos alumnos e alumnas doutras universidades que cursen estudos nesta en virtude dun programa de intercambio, sempre que así figure no acordo académico ou compromiso de estudos.

A matrícula formalizarase conxuntamente coa matrícula ordinaria nos prazos establecidos nesta convocatoria.

2.1.8.2. Criterios específicos para as materias impartidas na Facultade de Filoloxía

Para poder matricularse da "Ampliación da Segunda Lingua..." deberá terse superada a "Segunda Lingua..." correspondente. Para poder matricularse da "Literatura da Segunda Lingua II" deberá terse superada a "Segunda Lingua I" correspondente.

2.1.8.3. Procedemento de xestión das listas

- Listas de ocupación: Os alumnos e alumnas poderán coñecer en todo momento o nivel de ocupación da materia solicitada a través da secretaría virtual. Cando a ocupación supere o 75% das prazas ofertadas faranse públicas as listas de

matriculados clasificados segundo a media do expediente. Estas listas actualizaranse diariamente e informarán das expectativas para conseguir a praza desexada.

- Modificación da matrícula nas materias de libre elección: cando o alumno/a matriculado considere escasas ou nulas as posibilidades de conseguir praza nas materias de libre elección da súa preferencia, poderá modificar a súa matrícula nas materias de libre elección durante o prazo de matrícula.

- Rematado o período ordinario de matrícula, no primeiro período de modificación de matrícula, procederase do seguinte xeito:

- a) Nas materias en que a demanda é superior á oferta de prazas, non se autorizará a ampliación de matrícula nestas materias, pero si a anulación por parte dos alumnos e alumnas matriculados.

- b) Nas materias en que a demanda é inferior á oferta, autorizarase a modificación da matrícula (ampliación ou anulación) nestas materias ata cubrir as prazas ofertadas.

Neste período, adxudicaranse as prazas por orde temporal de modificación da matrícula.

Asignación definitiva de prazas: Inmediatamente ao remate do prazo de modificación de matrícula, publicarase na páxina web <http://www.usc.es/matricula> (na sección de libre elección) a asignación das prazas, en función da media do expediente, naquelas materias onde a demanda fora superior á oferta, desestimando as solicitudes de matrícula que excedan o número de prazas ofertadas, procedéndose de oficio á súa anulación.

Os alumnos e alumnas aos que non se lles conceda praza nalgunha materia poderán substituílas por outras nas que existan prazas vacantes, no prazo de dez días inmediatamente seguintes ao de publicación das listaxes.

Nas materias en que a demanda non supere en máis do 15% ás prazas ofertadas, non será necesario facer selección, adxudicándose a todos os alumnos matriculados, agás naquelas materias que polas súas características ou contido práctico non permita un maior número de alumnos e alumnas, e se indique expresamente na oferta de prazas.

- Logo da asignación definitiva das prazas, non se autorizará aos alumnos admitidos a anulación da matrícula destas materias.

- No segundo período de modificación de matrícula (en marzo, no prazo que se indica no anexo I), só se ofertarán as materias do segundo cuatrimestre que tiveran prazas vacantes. A prioridade será por orde temporal de modificación de matrícula e ata cubrir as prazas ofertadas.

2.1.8.4. Imposibilidade de formalizar matrícula en materias de libre elección.

Os alumnos e alumnas que se matriculen por primeira vez nunha titulación non poderán solicitar nin cursar materias como créditos de libre configuración curricular. Non obstante, poderán solicitar o recoñecemento ou validación de créditos para a libre configuración curricular de materias, materias de nivelación, seminarios ou actividades académicas que tivesen realizado.

Este recoñecemento ou validación non se terá en conta para os efectos de cumprir os requisitos que se esixen para unha nova inscrición no primeiro curso, de acordo co regulado no apartado 3.2 desta convocatoria.

Esta limitación non é de aplicación para os seguintes alumnos:

-Que formalicen matrícula no primeiro curso de titulacións de só segundo ciclo.

-Que accedan aos segundos ciclos que non son continuación directa dun primeiro ciclo superado, ou por teren título que lles recoñeza o acceso.

- Aos que lles foi recoñecida a adaptación ou validación de materias troncais, obrigatorias ou optativas da titulación.

Tampouco se poderán matricular en materias de libre elección os alumnos e alumnas que vaian cursar estudos noutra universidade no marco de convenios ou programas de intercambio interuniversitario. Estes alumnos e alumnas deberán matricularse nos créditos de libre elección, de acordo disposto no regulamento de intercambios interuniversitarios.

Finalizada a matrícula no mes de outubro, o día 3 de novembro publicáronse as listaxes de matrículas estimadas e desestimadas en materias de Libre Elección, así como as prazas vacantes. Os alumnos tiñan 10 días para a modificación da súa matrícula desde a data de publicación das listaxes (3 de novembro) en materias nas que existían prazas vacantes. A todos os alumnos aos que non se lles concedeu praza enviárouselles un correo electrónico notificándolles a desestimación e o prazo para modificar a matrícula.

Con data 16/11/2009 esta alumna dirixiuse a UXA e mediante instancia modificou a súa matrícula dando de baixa as materias de Libre Elección desestimadas.”

Q 0911/04

Queixa relacionada coa demora nun centro do inicio da actividade docente no presente curso académico.

O centro informa das causas polas que se retrasou o inicio das actividades académicas.

Q 0912/01

Escrito de queixa asinado por membros do Consello de Residentes dun Colexio Maior en representación dos colexiais no que manifestan a súa preocupación polas futuras reformas en dito Colexio Maior ao abeiro do proxecto Campus Vida, que algúns dereitos recollidos en regulamentos internos teñen sido vulnerados e comunican que se dirixiron a distintas autoridades académicas co fin de que sexan informados e tidos en conta neses próximos cambios.

Dáse traslado do escrito á Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social solicitando que informe aos estudantes das obras a realizar e da repercusión das mesmas.

Q 0912/02

Escrito de queixa presentado por un profesor en relación cun cargo que se efectuou sen a súa autorización nunha partida presupostaria da que é responsable como investigador principal.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación comunicou o seguinte:

En relación co expediente nº Q 0912/02 de queixa do profesor se lle informa que a Sra. vicerreitora de Investigación e Innovación e o Sr. xerente da Universidade reuníronse co profesor para tratar o tema da queixa quedando arranxado o problema nesa reunión."

Q 0912/03

Presentado por unha estudante en relación co procedemento de adxudicación e matrícula das materias de libre elección.

O Servizo de Xestión Académica enviou o seguinte informe:

“En relación co escrito de queixa presentado pola alumna, infórmolle que no procedemento de matrícula e asignación de prazas en materias de libre elección aplícase o regulado no apartado 2.1.8.3 da convocatoria de matrícula do curso académico 2009/10, que establece o seguinte:

2.1.8.3. Procedemento de xestión das listas

- *Listas de ocupación: Os alumnos e alumnas poderán coñecer en todo momento o nivel de ocupación da materia solicitada a través da secretaría virtual. Cando a ocupación supere o 75% das prazas ofertadas faranse públicas as listas de matriculados clasificados segundo a media do expediente. Estas listas actualizaranse diariamente e informarán das expectativas para conseguir a praza desexada.*

- *Modificación da matrícula nas materias de libre elección: cando o alumno/a matriculado considere escasas ou nulas as posibilidades de conseguir praza nas materias de libre elección da súa preferencia, poderá modificar a súa matrícula nas materias de libre elección durante o prazo de matrícula.*

- *Rematado o período ordinario de matrícula, no primeiro período de modificación de matrícula, procederase do seguinte xeito:*

a) Nas materias en que a demanda é superior á oferta de prazas, non se autorizará a ampliación de matrícula nesas materias, pero si a anulación por parte dos alumnos e alumnas matriculados.

b) Nas materias en que a demanda é inferior á oferta, autorizarase a modificación da matrícula (ampliación ou anulación) nestas materias ata cubrir as prazas ofertadas. Neste período, adxudicaranse as prazas por orde temporal de modificación da matrícula.

- *Asignación definitiva de prazas: Inmediatamente ao remate do prazo de modificación de matrícula, publicarase na páxina web <http://www.usc.es/matricula> (na sección de libre elección) a asignación das prazas, en función da media do expediente, naquelas materias onde a demanda fora superior á oferta, desestimando as solicitudes de matrícula que excedan o número de prazas ofertadas, procedéndose de oficio á súa anulación. Os alumnos e alumnas aos que non se lles conceda praza nalgunha materia poderán substituílas por outras*

nas que existan prazas vacantes, no prazo de dez días inmediatamente seguintes ao de publicación das listaxes.

Nas materias en que a demanda non supere en máis do 15% ás prazas ofertadas, non será necesario facer selección, adxudicándose a todos os alumnos matriculados, agás naquelas materias que polas súas características ou contido práctico non permita un maior número de alumnos e alumnas, e se indique expresamente na oferta de prazas.

- Logo da asignación definitiva das prazas, non se autorizará aos alumnos admitidos a anulación da matrícula destas materias.

No segundo período de modificación de matrícula (en marzo, no prazo que se indica no anexo I), só se ofertarán as materias do segundo cuadrimestre que tiveran prazas vacantes. A prioridade será por orde temporal de modificación de matrícula e ata cubrir as prazas ofertadas.

A alumna matriculouse na materia o día 15 de outubro de 2009, e non fixo ningunha modificación durante o prazo establecido na convocatoria de matrícula.

Durante o período de matrícula e de modificación da matrícula, os alumnos podían consultar, a través da secretaría virtual, os matriculados nas materias de libre elección para informarse das expectativas para conseguir a praza desexada.

Tras rematar o prazo de modificación da matrícula (31 de outubro), procedeuse a publicar, o día 3 de novembro de 2009, as listaxes de matrículas estimadas e desestimadas en materias de libre elección. Ademais, enviúselles un correo electrónico a todos os alumnos aos que se lles desestimou a matrícula nalgunha materia de libre elección concedéndoselle un prazo de 10 días para que se matricularan noutra materia na que existiran prazas vacantes.

Na listaxe de matrículas estimadas figuraba a alumna na materia.

O procedemento de asignación de prazas e as listaxes publicadas poden consultarse na páxina web <http://www.usc.es/matricula>, na sección de libre elección.

A alumna presentou, o día 15 de decembro de 2009, unha solicitude de anulación de matrícula da materia, que lle foi desestimada por Resolución Reitoral do 23 de decembro de 2009, en aplicación do disposto na convocatoria de matrícula do curso académico 2009/10.”

Q 1001/01

Escrito presentado por alumnos de terceiro ciclo matriculados na etapa de tese no curso 2009/2010 que se atopan sen director tras a finalización da relación contractual deste coa Universidade

Trasládase o escrito á Vicerreitoría de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior para que leve a cabo as actuacións necesarias para resolvela situación exposta na queixa..

Q 1001/02

Queixa presentada por unha estudante en relación coa desestimación da súa solicitude de anulación e devolución de prezos públicos de matrícula dun Máster.

O Sr. vicerreitor de Ofertas Docente e Espazo Europeo de Educación Superior informa dos motivos da denegación da solicitude.

Q 1001/03

Queixa presentada por unha estudante en relación coa cota que lle foi asignada no Sistema Universitario de Residencias.

A Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social enviou o seguinte escrito:

En relación coa queixa Q 1001/03 pola que pide diversas aclaracións sobre as cotas, bolsas de comedor, renda persoal dispoñible, etc. todas vinculadas co aloxamento no Servizo Universitario de Residencias (SUR) infórmoo do seguinte:

1.- Segundo as distintas convocatorias de bolsas e axudas ao estudo que convoca o Ministerio de Educación, a obtención de calquera delas por parte do estudantado é incompatible con calquera outra que para a mesma finalidade poida percibirse doutras entidades, ou de persoas públicas ou privadas.

2.- A Universidade anualmente convoca prazas de aloxamento no SUR, convocatoria que é aprobada polo Consello de Goberno e polo Consello Social. Nun punto delas se reitera:

“Incompatibilidades. Segundo as distintas convocatorias de bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, a obtención de calquera delas por parte do estudiantado é incompatible con calquera outra que para a mesma finalidade poidan recibir doutras entidades ou persoas públicas ou privadas, polo que os beneficiarios da axuda de residencias do Ministerio deberán optar entre esta ou as cotas anteriormente establecidas.”

3.- O Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro, polo que se establece o réxime de bolsas e axudas ao estudo personalizadas, ten un artigo, o 35, que se refire ás obrigas dos bolseiros que di:

“Son obrigas dos beneficiarios de bolsas e axudas ao estudo, ademais das que establece a respectiva convocatoria:

1.- Destinar a bolsa ou axuda á finalidade para a que se lle concede, entendéndose por tal, a matriculación, asistencia a clase, presentación a exames, abono dos gastos para os que se concedera...

2.O incumprimento de calquera destas obrigas será causa de reintegro da bolsa ou axuda ao estudo.”

É dicir, as distintas axudas que se lle conceden ao alumnado para desprazamento, material didáctico, matrícula, residencia, son de carácter persoal e teñen que ser para abonar os gastos que implican eses conceptos.

4.- A Universidade a través da Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social, e co obxecto de que os estudantes beneficiarios da axuda de residencia do Ministerio que están aloxados no Sur, non teñan que abonar toda a contía desa axuda, convoca anualmente unhas bolsas de comedor para beneficialos, convocatoria que, así mesmo, aproba o Consello de Goberno e o Consello Social ao mesmo tempo que a Convocatoria de Aloxamento polo que os estudantes están informados de ambas as dúas.

Nos centros do SUR foi explicado todo o anteriormente exposto.

Q 1001/04

Escrito presentado por estudantes no que dan conta dos problemas prantexados na impartición de docencia dunha materia.

Mantívose unha reunión co Sr. reitor da USC, o Sr. decano do Centro e o Sr. director do Departamento para resolver a cuestión exposta.

Q 1002/01

Escrito presentado por un profesor da USC en relación coa súa adscrición ao censo electoral. No mesmo indica:

“Que no último proceso electoral para elección de Reitor e de representantes no Claustro Universitario celebrado en 2006, foi elixido membro do Claustro en representación do Profesorado Funcionario Doutor dun centro.

Que o pasado 9 de novembro enterouse, por conversación coa Secretaría Xeral desa Universidade que agora está censado noutro centro.

Que con data 10 de novembro pasado presentou un escrito dirixido ao Presidente da Comisión Electoral Central da mesma Universidade solicitando ser censado na Facultade de ..., polos motivos que claramente expón en dito escrito, motivos fundamentados no vixente Regulamento Electoral.

Que dito escrito foi respostado denegando o solicitado.”

Envióuselle o seguinte escrito ao presentador da queixa:

1.- Non procede admitir a trámite o punto 2 do seu escrito xa que tendo en conta o disposto no artigo 3.1 dos Estatutos da USC: A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela e no Artigo 3. Usos Lingüísticos Internos, do Regulamento do uso do galego na USC, é obrigado que a comunicación que lle remite a Secretaria Xeral estea escrita en lingua galega.

2.- O Estatuto do Valedor da USC non lle atribúe competencias para “instar” a actuación dos órganos colexiados, nin para “modificar de xeito inmediato” regulamentos vixentes na USC.

Por iso admitiuse a trámite o escrito de queixa en relación coas actuacións que se refiren á súa inclusión no censo electoral e deuse traslado á Secretaría Xeral para que o informara dos motivos da denegación.

Q 1002/02

Queixa presentada por un estudante matriculado nun Máster e nunha Diplomatura en relación coa comunicación de incompatibilidade de ambos estudos:

O Servizo de Xestión Académica informa o seguinte:

“En relación co escrito de queixa presentado polo alumno, infórmolle que na convocatoria de matrícula do curso académico 2009/10, aprobada por Resolución Reitoral do 23 de xuño de 2009, establécese no apartado 2.2.6.5 sobre a simultaneidade de estudos de máster o seguinte:

2.2.6.5. Simultaneidade de estudos

Para a simultaneidade de estudos oficiais de máster será necesaria a previa autorización. Para a súa concesión terase en conta:

- a) Que os segundos estudos a cursar non teñan límite de prazas ou que de telo non se cubriaran todas as prazas.*
- b) Que a suma da matrícula dos dous estudos non supere os 75 ECTS.*
- c) A formalización da matrícula na etapa de tese será compatible coa matrícula nunha titulación oficial de grao ou posgrao. Neste caso, deberá ter o informe favorable do director ou directora da tese.*

Este alumno matriculouse no presente curso académico no primeiro curso da Diplomatura, sen ter solicitada a autorización previa, tal como se establece na convocatoria de matrícula.

Tras revisar a súa matrícula, procedeuse a notificarlle, o 3 de febreiro de 2010, que tiña que solicitar a simultaneidade de estudos, e que a suma da matrícula dos dous estudos non pode superar 75 créditos.

En contestación a este requirimento, presentou unha solicitude o día 17 de febreiro de 2010 para que se lle permita realizar ambas titulacións e que non se lle anule a matrícula dunha dalas. Esta solicitude está pendente de resolución, pero aplicarase o disposto na convocatoria de matrícula, polo que o alumno deberá anular parcialmente a súa matrícula na Diplomatura para que a suma de créditos entre ambas titulacións non supere os 75, xa que no máster é obrigatorio que estea matriculado en 60 créditos, na modalidade a tempo completo, de acordo co establecido no apartado 2.2.6.1 da convocatoria de matrícula. Na resolución notificaránselle os recursos que procedan interpoñer.

Ademais, este alumno non efectuou o pagamento da matrícula da Diplomatura,

por canto declarou ser solicitante da subvención para funcionarios da Consellería da Educación, á que non ten dereito xa que aplicou esta subvención nunha Licenciatura que cursou con anterioridade. Na convocatoria de axudas e subvencións establece que só é aplicable para unha titulación oficial, polo que, de ser o caso, se procederá reclamar o pagamento que corresponda.”

Q 1002/03

Queixa presentada por un estudante en relación co trato recibido da dirección dunha Residencia Universitaria.

O Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social enviou un informe no que di:

“Esta vicerreitoría non ten recibido ningunha queixa de ningún outro residente en relación ao director, é máis, considérao unha persoa capaz e que desenvolve as súas labores como director do centro de maneira axeitada e sempre na liña de mellora e calidade que a universidade require. Indicar que dentro das súas tarefas como director está a de “velar porque se cumpran as disposicións do Regulamento do SUR e do Regulamento de Réxime Interno e ditar cantas instrucións sexan necesarias para o seu desenvolvemento.”

Q 1003/01

Presentada por un membro do P.A.S. en relación coa Convocatoria de data 1 de marzo de 2010 pola que se ofertan destinos a persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo de oficiais de servizo do grupo IV-1 da USC.

O Sr. reitor da USC enviou o seguinte escrito á presentadora da queixa:

“1.- Por resolución reitoral do día 19 de maio de 2005, convócanse probas selectivas para cubrir 27 prazas vacantes da categoría oficial de servizos.

2.- Que no punto 1.8 da convocatoria, establécese que a adxudicación das prazas efectuarase de acordo coa puntuación total obtida sumadas as dúas fases do proceso selectivo.

3.- Que se ben é certo que no tempo transcorrido desde que se iniciou este procedemento ata actualidade, pasaron cinco anos, o número de prazas vacantes incrementouse, tamén certo é que a USC facendo uso das súas competencias sobre a organización do traballo ofertou o número de vacantes comprometidas no proceso selectivo, cumprindo así os requirimentos esixidos na convocatoria.

4.- Que a conciliación da vida laboral coa familiar que vostede invoca, poderá instala nun momento posterior sen conculcar dereitos de terceiros afectados como é o persoal laboral fixo.

Por todo o indicado comunícolle que non é posible atender a súa solicitude e que deberá presentar a relación de prazas ás que opta antes do día 5 de abril, xa que de non facelo adxudicáraselle destino nunha das vacantes que resulten sen adxudicar, unha vez que se atenderan as peticións das demais persoas aspirantes.”

Q 1003/02

Queixa referida á demora na expedición/modificación do seu título de doutora.

A Secretaría Xeral da USC informa o seguinte:

1.- A interesada fixo o depósito do título de doutora con data do 7 de xullo de 1989, en papel de pagos do Estado.

2.- Á interesada con data do 27 de setembro de 1999 se lle concedeu o Premio extraordinario de doutoramento, polo que non se puido incorporar o premio.

3.- A interesada solicitou a reexpedición do título no ano 2009 e para isto entregou o título orixinal.

4.- A USC remitiu o título ao Ministerio de Educación, que é o órgano competente para a súa expedición, con data do 29 de setembro de 2009

5.- A interesada presentou varios e sucesivos escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria e na USC.

6.- Tamén presentou escrito ao Ministerio de Educación con data do 26 de outubro de 2010.

7.- Da Subdirección Xeral de Atención ao Estudante Orientación e Inserción Profesional mandaron un correo electrónico con data do 17 de novembro de 2010 indicando que o título estaba localizado dentro do ministerio e que procederían a enviálo con prontitude.

8.- Con data de 23 de novembro de 2010 envióselle escrito dende a Secretaría Xeral á interesada indicándolle entre outros temas:

C.- Reexpedición do título

A reexpedición dos títulos desa data é competencia do Ministerio de Educación. O seu título foi remitido ao Ministerio con data do 29 de setembro de 2009 para proceder a unha nova reexpedición incorporando o premio. Segundo un correo electrónico do Ministerio de 17 de novembro de 2010, procederán a enviálo a esta universidade con prontitude.

Q 1004/01

Queixa presentada por un profesor no que indica que enviou unha solicitude á Vicerreitoría de Investigación e Innovación relativa aos datos contidos nunha partida presupostaria da que é investigador principal e á súa modificación, sen que teña obtido resposta ata o momento.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación informa que mediante escrito de data 20 de maio de 2010 comunicou a revisión que se efectuou das dotacións orzamentarias da partida e feitas as comprobacións oportunas detectáronse imputacións erróneas que foron corrixidas.

Q 1004/02

Escrito de queixa presentado por un estudante de doutoramento en relación coa información e actuación da Oficina de Relacións Exteriores respecto das bolsas de mobilidade para estudantes.

A Vicerreitoría de Política Internacional enviou un informe no que indica:

“1. Durante os últimos meses a Vicerreitoría de Política Internacional incrementou a difusión das iniciativas de mobilidade, entre outras iniciativas, creando unha páxina específica que se denomina USC Internacional, dende onde se presenta unha estrutura con todos os programas de mobilidade e cooperación, así como explicacións e axudas para facilitar a toda a comunidade da USC o súa maior participación nos mesmos. Este portal está aberto dende setembro de 2009. (Véxase Anexo "Información EM20B")

USC Internacional é de acceso libre para calquera persoa na Web da USC. Non ten ningunha restrición e non é necesario pertencer á USC para acceder a él. Pódese localizar na páxina inicial da USC a través de dúas rutas:

- Directamente aparece na sección de destacados co seu nome "USC Internacional",

- Aos estudantes ofrécelles na sección de perfil, un menú cos enlaces ás páxinas máis interesantes para facilitar a navegación. Nese menú aparece un apartado de "Mobilidade Nacional e Internacional" que enlaza directamente a "USC Internacional".

Erasmus Mundus aparece en USC internacional na sección de programas de "Cooperación ao desenvolvemento". Nese apartado preséntase EMUNDUS 20B cunha breve explicación e o enlace á Web do proxecto. Dende a Vicerreitoría a nosa responsabilidade é facilitar información e a súa localización. Ademais, neste apartado de Erasmus Mundus enlázase directamente coa Web da UE específica deste tipo de programas para que estea dispoñible toda a información de calquera programa.

Amais, durante os meses de xaneiro e febreiro difundíuse un logo específico sobre Mobilidade de estudantes 2010 na portada da Web da USC xunto á imaxe do Campus de Excelencia Internacional, dado que durante eses meses estaban abertos a maioría de programas de mobilidade.

2. EMUNDUS 20B. No programa Erasmus Mundus o coordinador do proxecto é o responsable da creación dunha Web específica. Polo tanto, esta web pódese localizar de forma aberta dende calquera buscador de Internet. Tamén se pode dirixir directamente á Web da UE.

A Vicerreitoría emprega tamén outros instrumentos de publicidade da información a través de:

- Xornal da USC, aberta para consulta na páxina inicial da USC.

- Listas de distribución que permiten enviar mensaxes á comunidade universitaria. En programas que son de interese para os diferentes membros da USC emprégase unha lista que, segundo aparece no servizo de ATIC, diríxese a toda a USC e que se denomina USC-Difusión (Véxase Anexos: Listas USC, Consulta ATIC, correos informativos de EM2OB enviados para a súa distribución á comunidade universitaria).

En relación á solicitude de información no Servizo da ORE, queremos clarificar que:

- Os programas Erasmus Mundus non funcionan como convocatorias de mobilidade que se convocan con periodicidade como é o caso do programa Erasmus, programa organizado dende a UE que establece convenios xerais entre todos os países, a mobilidade ábrese todos os anos e pode variar nas prazas que ofertan as universidades que queiran participar.

- Os programas EM son de cooperación e son as universidades ou outros organismos os que establecen relacións de cooperación e se presentan á convocatoria cun proxecto. Este proxecto pode ser aprobado, ou non. Cando se aproba empeza o proceso de publicación da oferta da mobilidade que foi acordada na cooperación para que se presenten os candidatos que queiran realizala.

- Este funcionamento implica que non hai periodicidade e que a data da súa aprobación non se pode determinar con precisión.

- As persoas da ORE non poden informar dun programa de EM ata que se informe da súa aprobación dende a UE, polo que non poden anticipar ningunha data, aínda que si se pode facer con programas que se convocan periodicamente.

- A indicación por parte da ORE de que a solicitude se fixera por escrito ao correo electrónico da ORE é un instrumento que permite que quede rexistrada a solicitude e que se poida responder á demanda se se localiza algunha información de interese para a persoa solicitante.

- Nesta convocatoria no proceso de selección dos estudantes, concursaron de todas as áreas de coñecemento da USC.

Q 1004/03

Queixa presentada por representantes do alumnado en relación co servizo da Biblioteca da Facultade. Na mesma expoñen:

- Que dita biblioteca non ofrece as mesmas prestacións que o resto de Bibliotecas da Universidade.
- Que non hai acceso directo aos libros. As instalacións de que dispón son pequenas e incómodas. Non hai espazos de lectura ben iluminados, ventilados e amplos. E o número de postos para traballar son escasos e están apiñados.
- Que é lamentable que as Facultades citadas non dispoñan dunha biblioteca acorde coas súas necesidades e os novos tempos.
- E solicitan se lles indique porque razón non se acondicionan as instalacións e que medidas se van iniciar para acabar con esta situación tan precaria.

A Sra. directora da Biblioteca Universitaria da USC comunica que ten informado das medidas adoptadas mediante o seguinte escrito:

“Recibido o seu escrito de queixa ante a situación da Biblioteca da Facultade, quero en primeiro lugar agradecerlles a preocupación por un servizo fundamental para os alumnos da USC. En segundo lugar comparto a súa reclamación sobre as deficiencias nas instalacións desta biblioteca no que atinxe a temas como o número de postos de lectura e o acceso directo aos fondos, tendo en conta o número de usuarios potenciais aos que atende.

Teño que dicir que dende hai case dez anos o arranxo desta situación vense demorando debido as obras pendentes de construción da nova biblioteca. Dado que non parece oportuno seguir retrasando mais a abordaxe do problema, na última Comisión de Biblioteca un dos puntos da orde do día era precisamente a remodelación dos espazos da Biblioteca que permitan un acceso libre á colección bibliográfica.

A directora da devandita biblioteca, informou dos pasos que se estaban a dar:

- Presentación da proposta aos Decanos.
- Solicitude de informe á Oficina de Arquitectura da USC que contemple a supresión de paredes que dividen a biblioteca, a apertura de ventás no actual depósito, e a valoración/estudo do peso que pode soportar o chan con respecto a instalación dos andeis necesarios para permitir o libre acceso aos fondos.
 - Valoración dos custos relacionados coa obra.
 - Petición aos equipos decanais de ampliación do espazo necesario, na planta baixa da biblioteca, para albergar a sala de lectura.

Está pendente unha reunión da Comisión de Biblioteca para dar conta deste tema, pero o equipo decanal está xa informado do proxecto.

Dende a dirección da Biblioteca Universitaria apoiaremos economicamente o proxecto, dentro das limitacións presupostarias que ternos, e, por suposto, estamos abertos a recibir suxestións e propostas de mellora do servizo que redundan no beneficio de toda a comunidade universitaria.”

Q 1004/04

Queixa formulada por unha estudante referida á docencia dunha materia.

O Sr. vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo traslada os informes emitidos pola Dirección do Centro e polo profesor da materia, reiterando este último en relación cos estudantes “su continua disponibilidad para aclarar cuantas dudas o sugerencias deseen realizar, así como la disponibilidad para aclarar las dudas que tengan acerca del contenido de las asignaturas.”

Q 1004/05

Presentado por unha estudante en relación co recoñecemento de estudos efectuados dentro do Programa de Intercambio interuniversitario Sócrates/Erasmus.

Mediante resolución reitoral estímase o recurso de alzada e corríxese a cualificación outorgada á materia.

Q 1005/01

Escrito de queixa presentado por representantes do alumnado en relación co funcionamento da cafetería que da servizo a unha Facultade.

Dáse traslado do escrito á Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social para que leve a cabo as actuacións que considere oportunas.

Q 1005/02

Queixa presentada por unha estudante en relación co proceso de descentralización das prácticas da Licenciatura en Medicina.

Póñense os feitos en coñecemento do Decanato da Facultade.

Q 1006/01

Presentado por unha estudante en relación coa resolución do programa Sicúe/Séneca.

Solicitouse informe á Vicerreitoría de Política Internacional non téndose recibido resposta.

Q 1006/02

Queixa presentada por unha estudante na que indica:

- Que dende a Oficina de Relacións Exteriores non se lle da a posibilidade de optar ás prazas vacantes existentes no seu primeiro destino solicitado a través dun convenio bilateral, xa que efectuou reclamacións conxuntamente cunha estudante que rexeitaba á súa praza, polo que quedando vacante a primeira opción da súa solicitude non se lle concede.

Solicitouse informe á Vicerreitoría de Política Internacional sen que se recibira a resposta.

Q 1006/03

Escrito referido á denegación da solicitude de matrícula nunha materia.

A Oficina de Análise de Reclamacións da USC informa que mediante resolución de data 5 de xullo de 2010 estímase o recurso de reposición interposto polo alumno.

Q 1006/04

Queixa presentada por unha profesora en relación coa elaboración do POD.

A Sra. vicerreitora de Persoal Docente e Investigador enviou o seguinte informe:

Recibido o escrito, esta Vicerreitoría entrevístase coa interesada e despois coa directora do departamento para expoñerlle a queixa e pedirle unha solución ao respecto. Ata o momento non recibimos resposta do departamento, e temos constancia de que a profesora encóntrase actualmente en situación de baixa por enfermidade. Polo momento non é posible facer ningún axuste no POD mentres a profesora estea de baixa, e agardamos a contestación da directora do departamento.”

Q 1006/05

Escrito presentado por unha estudante en relación coa denegación da súa solicitude de revisión de cualificación nunha materia.

A Secretaría Xeral enviou un informe no que indica que non se estima trato discriminatorio ou arbitrario na avaliación do rendemento académico da alumna.

Q 1006/06

Queixa relacionada co procedemento seguido para a provisión dunha praza de profesor categoría ASOU.

Mantense unha entrevista coa Sra. vicerreitora de Persoal Docente e Investigador solicitándolle que leve a cabo un seguimento dos feitos que motivan a queixa.

Q 1007/01

Presentada por un estudante dun Máster en relación coa demora do peche das actas dunha materia.

No informe remitido dende a Secretaría Xeral da USC indícase que:

“1.- A acta estivo aberta ata o remate do prazo establecido para a cobertura das actas (25/05/2010).

2.- Con posterioridade esta Secretaría Xeral procedeu a avisar aos titulares de 34 actas que habendo introducido datos, non as pecharan.

3.- Nesta acta o problema de que non fora pechada en prazo foi a caducidade da sinatura dixital do profesor. Este profesor foi dos primeiros en obter o certificado dixital na primeira experiencia piloto de sinatura de actas, polo que se produciu a caducidade do certificado da Fábrica Nacional de Moneda y Timbre (FNMT), certificado que era necesario renovar para que teña plena validez.

Deste xeito foi necesario obter un novo certificado dixital para poder asinar as actas, o que produciu a demora na sinatura desta acta.

4.- Aberta de novo a acta cando se solucionou o problema do certificado dixital, a acta foi asinada e recepcionada con data do 6 de xullo de 2010.”

Q 1007/02

Queixa presentada por estudantes estranxeiros dun Máster en relación ao idioma de presentación do traballo fin de Máster.

A Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao da USC emitiu o seguinte informe:

“En relación con sus escritos de fecha 1 de julio e 6 de julio de 2010 sobre la queja presentada por estudiantes del Máster le comunico que en la memoria verificada por el Consello de Coordinación Universitaria en su punto 1.5 entre otras cuestiones establece:

Lengua(s) empleadas a lo largo del proceso formativo: gallego y español

Por lo tanto el Trabajo Fin de Máster deberá realizarse en una de las dos lenguas empleadas en el proceso formativo (proceso de enseñanza/aprendizaje), y en ningún caso la Universidad tiene porque admitir otra Lengua, entre otras cosas porque la defensa es pública y los que quieran ir a escucharla irán con la información que aparece en la Memoria del título, publicada en la página web de la USC desde su aprobación.

Por otra parte, en el caso de que se admitiese en inglés los miembros del Tribunal tendrían que tener una competencia en el dominio de esta lengua lo suficientemente amplia para juzgar a los estudiantes.

Finalmente los estudiantes podrían presentar bien en gallego o bien en castellano el trabajo fin de máster con los medios existentes (utilización de traductor, traductores, etc.) y defenderlo ya que si el proceso de enseñanza aprendizaje se hizo en las lenguas establecidas, imagino también que esos alumnos ya serían más veces evaluados a lo largo del proceso de aprendizaje de este máster universitario y que lo harían en gallego o castellano por lo que comparto la respuesta dada por el profesor, coordinador del mencionado máster.”

Q 1007/03

Queixa referida á simultaneidade de estudos dun Máster Universitario e dunha Diplomatura.

A Oficina de Análise de Reclamacións enviou o seguinte informe:

“1.- Na convocatoria de matrícula do curso 2010/2011, aprobada por resolución do reitor do 24/06/2010, no apartado 2.1.10 Simultaneidade de estudos establécense os requisitos e condicións nas que o alumnado pode realizar estudos de dúas titulacións oficiais. No seu caso é simultanear estudos de Máster e dunha Diplomatura e tal suposto recóllese no subapartado 2.1.10.3 Simultaneidade entre titulacións adaptadas ao EEES e titulación non adaptadas ao Real Decreto

1393/2007:

“Os alumnos e alumnas que pretendan simultanear dúas titulacións deberán solicitalo na Unidade de Xestión Académica e o establecido na presente Resolución. Non procederá a autorización cando superen 90 créditos en total. Tamén se permitirá a matrícula no proxecto ou traballo e nun máximo de 60 créditos nos outros estudos.”

2.- En consecuencia deberá axustar a súa matrícula ao establecido na norma do próximo curso académico que amplía en 15 o total de créditos para simultanear estudos en relación coa convocatoria do curso 2009/2010.

3.- Non obstante, no período correspondente á matrícula de materias do segundo cuatrimestre pode formular solicitude de ampliación de matrícula.”

Q 1007/04

Queixa presentada por unha estudante en relación coa valoración do expediente académico na convocatoria do programa de axudas para contratos predoutorais para o ano 2010.

Na mesma indica que lle foi denegada a valoración conxunta do seu expediente de Diplomada e o Máster Oficial así como a valoración da Tese de Máster, polos que foi admitida para a realización da Tese de Doutoramento dentro dun Programa de Doutoramento.

Na resolución denegatoria indícase que a valoración do expediente académico da presentadora da queixa axustase ás bases da convocatoria, e que:

- a) As notas obtidas nos estudos de máster non poden terse en conta para obter a nota media do expediente académico xa que tal como se lle comunicou á interesada son estudos de especialización non da súa titulación.
- b) En canto á valoración da tese de máster como tesina ou proxecto de fin de carreira, non pode terse en conta xa que forman parte dos estudos de máster non da súa titulación.

As bases da convocatoria parecen contemplar un único modo de acceso á realización da Tese de Doutoramento a través do título de Licenciado (ou equivalente) o que fai que como requisitos dos candidatos se establezan a “media do

expediente académico da licenciatura igual ou superior a 1,1” ou “posuír o certificado de estudos avanzados ou equivalente”, ou que entre os criterios de valoración figure a “media do expediente académico de primeiro e segundo ciclo”.

Incluso o primeiro parágrafo da convocatoria di: “A Universidade de Santiago de Compostela fai pública a convocatoria de contratos predoutorais conducentes á formación de doutores dirixida a investigadores que obtiveron o Diploma de Estudos Avanzados (DEA) ou equivalentes.”

Sen embargo actualmente os nomeados non son os únicos estudos que dan acceso á realización da Tese de Doutoramento, xa que como é o caso da presentadora da queixa, pódese acceder estando en posesión do título de Diplomado e dun Máster Oficial.

Por iso recomendo que se actualicen as bases da convocatoria de Axudas para Contratos Predoutorais da USC especificando os requisitos esixidos e a valoración dos méritos para os candidatos que estean en posesión dos distintos tipos de estudos que dan acceso á realización da Tese de Doutoramento.

Q 1007/05

Escrito de queixa presentado por unha profesora en relación coa norma de avaliación das materias do grao establecida polo Decanato da Facultade.

A Secretaría Xeral da USC informa que remitiu á presentadora da queixa o seguinte escrito:

1.- É de obrigado cumprimento o establecido na Memoria do Grao que indica:
«CRITERIO GENERAL DE EVALUACIÓN PARA TODAS LAS ASIGNATURAS
En todas las asignaturas del Grado la calificación de cada alumno se hará mediante evaluación continua y la realización de un examen final. La calificación del alumno no será inferior a la del examen final ni a la obtenida ponderándola con la evaluación continua, dándole a esta Última un peso no inferior al 25%.
La evaluación continua comprenderá el seguimiento del trabajo personal del alumno por medio de controles escritos, trabajos entregados, participación del estudiante en el aula, tutorías u otros medios explicitados en la programación de la asignatura.

La asistencia a las clases de pizarra en grupo reducido (seminarios), las tutorías y las prácticas se considerará obligatoria con carácter general. Dado que en todos los casos las prácticas están integradas en las asignaturas teóricas, la evaluación de las mismas se incluirá en el porcentaje de la evaluación continua. Además, para aprobar la asignatura, el alumno debe alcanzar la calificación de apto en las prácticas. El profesor fijará en la guía docente anual el peso concreto que otorgará a la evaluación continua y al examen final, respetando la regla anterior, así como la tipología, métodos y características del sistema de evaluación que propone».

2.- Os criterios de avaliación do Grao foron aprobados polo Decanato, e deberían figurar nas programacións académicas da materia ou nas guías docentes.

Os criterios xerais de avaliación das materias deberían ser aprobados pola Xunta da Facultade e incorporados ás guías docentes, así como os efectos da non asistencia a clase, cuestión que queda claramente definida na **NORMATIVA DE ASISTENCIA A CLASE NAS ENSINANZAS ADAPTADAS AO EEES** que será aplicable no curso 2010/11.

3.- Non obstante o anterior cómpre sinalar que os actos administrativos se presumen válidos en tanto non exista impugnación contra os mesmos.

Deste xeito a valoración de legalidade ou ilegalidade dos criterios de avaliación do Grao que foron aprobados polo Decanato con data do 15 de xaneiro de 2010 deberá determinarse previa impugnación do acordo da Xunta da Facultade ou dos actos de execución do mesmo, sen que nesta data conste ningunha impugnación dos alumnos nin de persoas lexitimadas para impugnalos dentro dos prazos establecidos.”

Q 1007/06

Queixa presentada pola denegación dunha Axuda/Subvención de prezos públicos para persoal da USC solicitada para cursar estudos de doutoramento.

O Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado informou das causas de denegación:

“A queixa desta persoa está motivada pola denegación da subvención dos prezos públicos por servizos académicos no curso 2009-2010. Esta persoa presentou o 26 de marzo de 2010 un Recurso de Reposición contra da denegación da súa

solicitud e mediante resolución de 21 de maio de 2010 desestimouse o recurso presentado. O fundamento da desestimación do recurso basease en que a convocatoria de becas establecía como requisito para ter dereito á subvención para o "d) Persoal contratado de proxectos e actividades de investigación, cuxas retribucións son percibidas con cargo ao capítulo VI do orzamento de gastos da USC. Ten que estar prestando servizos ininterrompidamente, polo menos, desde o 21 de xaneiro ao 21 de xullo de 2009". Esta persoa iniciou o seu contrato o 26 de xaneiro de 2009, e polo tanto non cumpre os requisitos para ter dereito á subvención solicitada."

Q 1007/07

Queixa presentada pola denegación dunha Axuda/Subvención de prezos públicos para persoal da USC solicitada para cursar estudos de Máster.

O Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado enviou o seguinte informe motivando a denegación da axuda:

Este expediente recolle a queixa presentada e motivada na denegación da subvención dos prezos públicos por servizos académicos no curso 2009-2010. Esta persoa presentou o 8 de abril de 2010 Recurso de Reposición contra da denegación da solicitude de axuda. Mediante Resolución do 21 de maio de 2010 desestimouse o recurso presentado. As causas de denegación son non cumprir o requisito de "prestar servizos ininterrompidamente, polo menos, desde o 21 de xaneiro ao 21 de xullo de 2009" xa que iniciou o contrato en abril de 2009. Polo tanto non cumpre os requisitos que marca a convocatoria para ter dereito á subvención.

Nesta mesma queixa mostra a súa desconformidade coa Resolución Reitoral de 22 de xullo de 2009, que é a resolución pola que se convocan as axudas e se establecen os requisitos para ter dereito á subvención. A este respecto indicar que a Resolución de convocatoria fíxose pública o mesmo 22 de xullo de 2009, establecía a entrada en vigor para o día seguinte á súa publicación, e fixaba un prazo de dous meses para interpoñer recurso contencioso-administrativo e un mes para presentar recurso potestativo de reposición sen que se presentase recurso algún. Polo tanto, unha vez transcorrido o prazo legalmente establecido, as condicións que fixa a resolución de convocatoria son as únicas que se poden aplicar aos solicitantes, calquera interpretación distinta sería discrecional e discriminatoria respecto do resto de solicitantes.

Q 1007/08

Queixa presentada por un estudante en relación coa denegación dunha solicitude de recoñecemento como créditos de libre configuración do Nivel Básico do idioma alemán cursado na Escola Oficial de Idiomas.

A Secretaría Xeral da USC informou que mediante resolución reitoral do 17/09/2010 estimaron o recurso interposto recoñecendo no curso académico 2009/2010 o Nivel Básico de alemán cursado na Escola Oficial de Idiomas para libre configuración curricular.

Q 1007/09

Escrito presentado por un estudante en relación co recoñecemento dos cursos da Escola Oficial de Idiomas para a súa equivalencia como acreditación do nivel B1 de coñecemento dunha lingua estranxeira nos graos. No escrito indícase:

“Como estudante dos novos graos e habendo aprobado tódalas materias do plan de estudos e presentado o traballo fin de grao, atópome en trámites de validar o meu nivel de Inglés, nos cales estou atopando moitos problemas polo que a miña consulta é sobre o procedemento a seguir. A continuación detallo o proceso que seguín ata o momento:

Seguindo a normativa exposta en [1] é necesario acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira tal e como se describe no Anexo II de [1]. Segundo esta normativa a acreditación realízase mediante unha proba de nivel do CLM, quedando eximidos desta proba as persoas que acrediten ter unha serie de certificados ou pertencer a unha serie de cursos de diferentes institucións segundo a táboa do anexo II, sendo un deles “EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 4 ou superior”. O problema comeza aquí por diversos motivos:

Non existe tal “nivel 4 ou superior”, as ensinanzas nas EOI divídense en nivel básico, intermedio e superior, dividíndose a súa vez en 2 cursos cada un, dando un total de 6 cursos.

Xa que no texto se fala de cursos, podería entenderse por tanto que estamos a falar de “Curso 4 ou superior” , pero isto parece non ser así.

O meu certificado da EOI, especifica que me atopo cursando Avanzado II (sexto curso) e teño aprobado Avanzado I (quinto curso), polo que realizo unha solicitude

para validar o nivel B1 de inglés esixido polos novos grados en base a normativa da universidade. Esta solicitude é denegada por non constar o nivel “Avanzado 1” na táboa de excepcións da universidade que especifica “nivel 4 ou superior”.

Neste punto recoméndaseme presentar unha reclamación para que a Oficina de Reclamacións intente solucionar isto, xa que na oficina de adaptacións e validacións “so poden validar inglés se se presenta un certificado de nivel intermedio que é o equivalente o nivel B1”. A EOI non pode emitir este certificado xa que accedín a través de proba de nivel a un curso superior (nivel avanzado) polo que non poden certificar que aprobara o nivel intermedio, lóxicamente porque non o cursei.

Na reclamación intento establecer unha equivalencia entre o meu nivel “Avanzado 1” e ese “nivel 4 ou superior” que require a universidade, polo que, coa axuda da EOI remítome o decreto 191/2007 do 20 de setembro polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial, decreto no cal existe unha táboa que establece a equivalencia entre o nivel “avanzado 1” e o “1º curso do ciclo superior” segundo a nomenclatura antiga. Neste punto da reclamación, remítome o meu certificado de inglés que conta cunha lenda que establece “Curso S(Ciclo superior)= 4º e 5º” dando a entender que o antigo ciclo superior corresponde ós niveis , ou cursos, catro e cinco, polo que xa poderíamos ter unha equivalencia entre o meu nivel de inglés certificado pola escola oficial de idiomas e o requirido pola universidade, que por outra banda, non existe como tal.

Aquí remata a explicación da miña situación da que temo que de novo, despois da reclamación, se me denegue a validación do meu nivel de inglés e todo por unha normativa da universidade mal redactada. Non obstante o que máis me preocupa desta situación é que estou ante o último paso para a obtención do meu título, requisito imprescindible para firmar un contrato de traballo coa propia universidade.”

Con posterioridade o alumno informa que ao final o resultado da reclamación foi favorable, polo que se reconece o seu nivel de inglés como o necesario para obter o grao.

Q 1009/01

Queixa presentada por unha profesora en relación coa elaboración do POD.

A Sra. vicerreitora de Persoal Docente e Investigador enviou o seguinte informe:

“En relación ao seu escrito exp. nº: Q 1009/01 .../..., comunícolle o seguinte:

- 1.- Que a dita profesora presentou recurso de impugnación do POD ante o reitor da USC.
- 2.- Que durante o mes de agosto esta Vicerreitoría mantivo unha entrevista coa profesora, coa dirección do Departamento e coa dirección do Centro, a fin de ter a información completa sobre a elaboración do POD do Departamento.
- 3.- Que durante o mes de setembro entabóronse as negociacións oportunas coa profesora e a dirección do Departamento para coñecer o problema en detalle.
- 4.- Que con data 30 de setembro de 2010 o Consello de Goberno da USC, previo informe da Asesoría Xurídica, desestimou o recurso presentado pola profesora, aínda así, a fin de buscar unha solución ao problema, dende a Vicerreitoría fíxose unha mediación co Departamento e a profesora, de forma que se realizaron modificacións no POD que permitiron acomodar o POD do curso 2010-11 á petición da presentadora da queixa, e que conta coa súa conformidade.”

Q 1009/02

Foron presentados escritos de queixa por estudantes en relación cos prazos establecidos para a solicitude de admisión no Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Nos mesmos indican:

- O carácter lesivo do prazo para solicitar a admisión no Máster en Profesorado xa que é do 3 ao 10 de setembro, mentres que as actas da 2ª convocatoria ordinaria (setembro) pechan con posterioridade: data límite de sinatura de actas ata o 30 de setembro de 2010.
- Así pois ábrese un máster para o vindeiro curso sen posibilidade de que grande parte do estudantado que teña superado ese mesmo curso (na convocatoria de setembro) poida cursalo.
- Que se debería considerar a apertura dun prazo para que os alumnos que se atopen nesta circunstancia poidan cursar os estudos do máster.

A Sra. vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao, enviou o informe elaborado polo Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica no que se indicaba:

1. A normativa que establece as condicións de acceso ao Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas, establece que se debe estar en posesión da titulación universitaria que se corresponda coa especialización e tamén acreditar o dominio dunha lingua estranxeira equivalente ao nivel B1, do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

2. Por outra banda, o Calendario Académico aprobado polo Consello de Goberno establece para as titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Graos e Máster) como data de inicio do curso o 13 de setembro de 2010.

3. O Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas, cuxa impartición e Xestión se fai en coordinación coas demais Universidades do Sistema Universitario Galego maila Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ten establecido un período de solicitude, ao través da secretaría virtual, do 3 ao 10 de setembro, comezando a súa matrícula o 16 de setembro e tendo prevista a finalización o 24 de setembro.

Tendo en conta a demanda que ten este máster, ao ser un requisito necesario para o exercicio da profesión, así como a súa duración e a necesidade de que os estudantes que o superen poidan presentarse ás convocatorias de oposición que realice a Administración e superar o máster dentro das datas do curso académico, é necesario axustar as datas de acordo co interese xeral e dos estudantes que o solicitan.

Por outra parte, nas titulacións de Grao e Máster os estudantes rematan os estudos no mes de xullo (non hai convocatoria de setembro) polo que de retrasar o proceso de inscrición ata despois dos exames de setembro e do peche de actas os estudantes non poderían cursar o máster no tempo necesario para poder acceder ás convocatorias de oposición.

CONCLUSIÓN:

O establecemento das datas de admisión realízase logo da análise de todas as cuestións que inciden na súa posta en marcha, considerando en todo momento o

interese xeral e a finalidade para o que foi aprobado, polo que as cuestións de xustiza son percibidas de xeito subxectivo polo interesado, non poden afectar á organización do Máster.

Q 1009/03

Queixa presentada por unha alumna en relación coa incomparecencia dun profesor ao exame correspondente á convocatoria de setembro e no que solicita información acerca dos dereitos que lles corresponderían aos estudantes nesta situación.

Dáse traslado do seguinte escrito recibido da Secretaría Xeral da USC:

“1.- A Normativa Básica para a ordenación do proceso ensino/aprendizaxe e da Avaliación do rendemento académico dos estudantes establece que os estudantes teñen dereito a ser avaliados en todas as materias das que estean matriculados. Este dereito non implica dereito a datas de avaliación distintas das previstas se están matriculados de materias con datas de avaliación coincidentes. Procurarase que non haxa materias de dous cursos consecutivos con calendarios de avaliación coincidentes.

Tamén sinala que o Centro aprobará e fará pública a programación das probas finais das disciplinas de todas as convocatorias de cada curso antes do 15 de maio do curso académico anterior e que o decano/director do centro resolverá, previa consulta co(s) profesor(s) correspondente(s) e cos alumnos do curso ou grupo afectado, as situacións nas que por imposibilidade sobrevida resulte imposible realizar o exame de acordo co establecido na programación (artigos 7 e 8).

No artigo 16 establece que na realización dos exames e probas de cada materia deberá(n) estar presente(s) o(s) profesor(s) responsable(s) da materia, salvo casos excepcionais debidamente autorizados pola dirección do centro e departamento.

E no artigo 14 sinala que no caso de que desapareza (perda, roubo...) o material dunha proba antes de finalizar o prazo de revisión e sen que o alumno exercera ese dereito, entón o alumno pode solicitar a realización dunha nova avaliación. Neste caso o profesor procurará que o alumno teña facilidades (flexibilización das datas de exame, tipo de exame, etc.) para esta avaliación especial.

2.- Á vista do anterior, o alumno ten dereito á realización da proba de setembro e seguindo os criterios para o caso de perda do material de avaliación, o profesor procurará que o alumno teña facilidades para esta avaliación especial, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incurrir se non se autorizou a súa incomparecencia ou esta non se debeu a causas de forza maior.”

Q 1009/04

Escrito de queixa presentado por estudantes en relación coa demora no peche de actas dunha materia.

A Secretaría Xeral da USC enviou un escrito no que indicaba as causas da demora e informaba que coa finalidade de solucionar o problema causado polo atraso no peche da acta que impediu a matrícula de determinados alumnos no máster autorizou incluír na oferta as prazas vacantes e ampliar o seu prazo de matrícula ata o 15 de outubro de 2010.

Q 1009/05

Presentada por unha estudante en relación coa continuación dos estudos de licenciatura.

A Secretaría Xeral da USC enviou o seguinte informe:

“En relación coas queixas presentadas números Q 1009/07 e Q 1009/05, relativas á extinción do plan de estudos da Licenciatura, procede indicar:

1.- A Disposición Adicional Primeira do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas oficiais, sinala:

“A implantación polas universidades dos planos de estudos conducentes á obtención dos títulos previstos por este RD, poderá realizarse de xeito simultáneo, para un ou varios cursos, ou de xeito progresivo de acordo coa temporalidade prevista no correspondente plano de estudos”.

“No curso académico 2010/2011 non poderán ofertarse prazas de novo ingreso no prime/ro curso para as actuais titulacións: licenciaturas, diplomaturas, enxeñarías, arquitecturas, arquitecturas técnicas e enxeñarías técnicas”.

Doutra banda, a Disposición Adicional Segunda do devandito RD establece que

"Os alumnos que teñan comezado estudos consonte a anteriores ordenacións universitarias poderán acceder ás ensinanzas reguladas neste Real Decreto, previa admisión da universidade correspondente, de acordo co establecido neste RD e na normativa da propia universidade".

Asemade, no Procedemento de verificación que establece o Anexo II do RD 1393/2007 establécese no seu punto 10.2 que na memoria do plano de estudos deberá indicarse o procedemento de adaptación que deberán aplicarse ao alumnado, de ser o caso, dos estudos existentes aos novos graos.

Finalmente, a Disposición Transitoria Segunda do devandito RD sinala que:

"Aos estudantes que na data de entrada en vigor deste Real Decreto tivesen iniciado estudos universitarios oficiais consonte a anteriores ordenacións seralles de aplicación as disposicións reguladoras polas que tivesen iniciado os estudos, sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda deste RD, ata o 30 de setembro do 2015, no que quedarán definitivamente extinguidas".

Esta Disposición Transitoria foi obxecto de modificación polo Real Decreto 861/2010, quedando redactado do seguinte tenor:

a) A los estudiantes que hubiesen iniciado estudios universitarios oficiales conforme a anteriores ordenaciones, les serán de aplicación las disposiciones reguladoras por las que hubieran iniciado sus estudios, sin perjuicio de lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de este real decreto, hasta el 30 de septiembre de 2015, en que quedarán definitivamente extinguidas. Ello no obstante, las universidades, sin perjuicio de las normas de permanencia que sean de aplicación, garantizarán la organización de al menos cuatro convocatorias de examen en los dos cursos académicos siguientes a la citada fecha de extinción

2.- 0 art. 11.2.3 do RD 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos planos de estudo se indica que

"... os planos de estudos, agás casos excepcionais apreciados pola correspondente universidade, extinguíranse temporalmente curso a curso. Unha vez extinguido cada curso, efectuaranse catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes."

3.- Por todo isto e, en consonancia coa normativa citada, a USC decidiu aprobar a normativa que regula a extinción das actuais titulacións, polo que o Consello de Goberno na súa reunión do 14 de maio de 2009 adoptou o ACORDO PARA EXTINCIÓN DOS PLANES DE ESTUDIO ACTUAIS POLA IMPLANTACIÓN DO GRAO no que se establece:

- As actuais titulacións reguladas consonte ao RD 1497/1987, do 27 de novembro, extinguíranse curso a curso a partir do ano académico no que se implante a respectiva titulación de Grao.
- Tendo en conta a estruturación das actuais titulacións de Licenciatura, Enxeñaría, Enxeñarías Técnicas e Diplomaturas, nas que as materias poden estar

vinculadas a un curso, a un ciclo ou á titulación, o procedemento de extinción das materias será o que a seguir se indica:

a) Terán a consideración de materias pertencentes a un curso as materias que na resolución pola que se aproba o plano de estudos figuren adscritas a un dos cursos académicos nos que se organiza a titulación.

b) Cando as materias (troncais, obrigatorias e optativas) non figuren vinculadas a un curso terán esta consideración, aos efectos de extinción, aquelas materias que na oferta de estudos estaban vinculadas de xeito orientativo a un curso académico e que de acordo coa Resolución reitoral pola que se aprobaron os planos de estudo, o punto 1.4 de Estrutura xeral do plano de estudos e a distribución dos créditos por curso que figura en cada un dos planos de estudo e a recomendación temporal para cursalas establecida na oferta de estudos terase en conta este criterio para a súa extinción (código curso). No caso das materias de primeiro curso, tendo en conta a oferta pechada das materias nas que se poden matricular os estudantes que comezan estudos por primeira vez, extinguiranse todas as materias que se ofertaron con docencia no último curso académico.

- Os estudantes matriculados en materias dos planos de estudo en extinción terán dereito a catro convocatorias de exame consecutivas (dúas por cada matrícula) contadas a partir da data de extinción oficial do curso correspondente, que coincidirá cos dous cursos consecutivos ao de implantación do novo plano de estudos, con independencia das convocatorias que o alumno tivese esgotado. A estes efectos, terán a consideración de convocatorias as establecidas na normativa vixente para as materias cuatrimestrais e anuais.

- Durante o proceso de extinción do plano de estudos os estudantes terán dereito aos exames e ás titorías correspondentes nas materias sen docencia pero con dereito a exame.

- Iniciado o proceso de extinción dunha titulación non poderá admitirse matrícula dos estudantes de novo ingreso para iniciar as ensinanzas neste título. Só se admitirá a matrícula nas ensinanzas en proceso de extinción aos estudantes con traslado de expediente doutras universidades cando as materias nas que pretendan formalizar matrícula teñan docencia por non terse extinguido o curso, ou estivesen no período transitorio de dous anos seguintes á extinción do curso" (materias sen docencia, só con dereito a exame).

- No caso de estudantes matriculados nun título en proceso de extinción aos que lles faltasen por superar materia/s que estivesen completamente extinguidas, de xeito que non puidesen obter o título oficial correspondente, non poderán

continuar matriculados nesa titulación e deberán adaptarse ás novas ensinanzas de grao para poder matricularse.

- A matrícula no Grao será irreversible, de tal xeito que os estudantes non poderán reincorporarse a plans de estudo en extinción. Os estudantes tampouco poderán matricularse simultaneamente nunha titulación en extinción e no título de Grao que a substitúe.
- Respecto a extinción dos Complementos de formación, indícase

A) TITULACIÓNS DE SO SEGUNDO CICLO: Segundo a Resolución do 16 de xullo de 2008 da Dirección Xeral de Universidades a extinción das titulacións de só segundo ciclo comezará no curso académico 2013/2014; polo tanto para estas titulacións a extinción dos complementos de formación comezará no devandito curso.

B) TITULACIÓNS DE PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO: nas titulacións de primeiro e segundo ciclo que teñen aprobadas Ordes que regulan os complementos de formación que deben realizar os estudantes non se admitirán alumnos novos para matricularse nos segundos ciclos cando os complementos de formación se oferten incluídos en materias do primeiro ciclo para o que xa comezou a extinción do curso e/ou materia consonte ao que se determina nos puntos sexto e sétimo deste acordo. No ANEXO I inclúense as titulacións ás que lles é de aplicación este artigo.

- No caso dos estudantes que cambien aos estudos de Grao desde unha titulación regulada polo RD 1497/87, ao tratarse dun cambio de plano de estudos, non se terán en conta o número de convocatorias esgotadas na titulación de orixe e se rexerán a todos os efectos pola nova regulamentación, incluído os prezos de matrícula, que terán a consideración de matrícula de primeiro por primeira vez, na titulación adaptada ao EEES.

Por todo o anterior cómpre sinalar que se as materias pendentes de cursar xa se extinguiron e rematou o período de extinción de materias sen docencia, as alumnas deberán adaptarse ao novo plano de estudos.”

Q 1009/06

Queixa relacionada coa prescrición e admisión nun máster.

A Secretaría Xeral da USC informa da resposta que lle ten enviado ao presentador da queixa.

Q 1009/07

Queixa relacionada coa continuación dos estudos de licenciatura.

Ver queixa Q 1009/05

Q 1009/08

Queixa presentada por profesores do Centro de Linguas Modernas da USC.

Mantense unha entrevista coa Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2010-2011

2.3.- CURSO 10/11

2.3.1- INTERVENCIÓNS E MEDIACIÓNS

M-2011/01

Escrito en relación coa Convocatoria de Matrícula do curso 2010/2011 na que se indica no apartado 2.1.3 que “os alumnos e alumnas que iniciaran estudos de Grao noutra universidade poderán solicitar continuar os mesmos estudos na USC, agás que só estivera implantado o primeiro curso destes estudos.”

M-2011/02

Solicitud presentada por un profesor da USC en relación cos feitos acaídos na elaboración da programación docente dunha materia correspondente a un Máster.

M-2011/03

Solicitud presentada por unha estudante en relación coa avaliación dunha materia dun Máster.

M-2011/04

Solicitud relacionada co procedemento seguido no concurso dunha praza de profesorado.

En relación coa solicitud de mediación enviouse o seguinte informe:

1.- A solicitud foi aceptada a trámite como unha Mediación, xa que de acordo co establecido no artigo 10.4 do Estatuto do Valedor da USC, non pode ser admitida como queixa por estar sometida a procedemento xudicial:

Art. 10.4.- O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

2.- No proceso de mediación mantivéronse varias reunións coa Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador. Na última, celebrada o día 26 de maio de 2011, a Sra. vicerreitora comunicoume que ata que rematara o procedemento xudicial non enviaría o informe que lle foi solicitado, polo que ata ese momento non será posible emitir o informe final.

M-2011/05

Escrito relacionado co procedemento seguido pola USC nos concursos de traslados do PAS e a conciliación da vida persoal e laboral.

O solicitado non entra nas atribucións do Valedor da Comunidade Universitaria, polo que se da traslado do mesmo á Xerencia, a que con posterioridade envía copia da resposta dada:

En contestación ao seu escrito de 22 de decembro, no que solicita por motivos familiares que cando se execute o concurso permanente convocado por resolución reitoral de 19 de novembro de 2010, se lle oferte unha vacante en quenda de tarde, ou se lle permita un traslado temporal a calquera compañeiro para a praza da quenda de mañá que a vostede lle corresponde, cómpre indicarlle o que segue:

1. A recolocación noutro posto de traballo, logo dun concurso de traslados á que vostede fai referencia, deriva dos criterios de xestión de listaxes de espera para a cobertura temporal de postos, asinados entre a xerencia e o Comité Intercentros, en desenvolvemento do previsto no artigo 41 do vixente Convenio colectivo.
2. No apdo. VII, punto 2.3) deses criterios, establécese como hai que facer a recolocación das persoas afectadas polo concurso, redistribuíndoas nos postos que quedaron vacantes a resultas do mesmo.
3. Os criterios, establecen garantías para as persoas traballadoras, pero tamén obrigas para as partes asinantes, xa que son esas prazas e non outras as que se teñen que ofertar.
4. O Convenio colectivo vixente, non permite a cobertura provisional de postos ao persoal incluído no seu ámbito de aplicación, nin ao fixo nin ao temporal. Pero a cambio, contempla o concurso permanente de traslados, é dicir, que a medida que se producen as vacantes se van ofrecendo para a cobertura definitiva.
5. Unha vez executado o concurso permanente convocado pola resolución antes citada, procederase a unha nova convocatoria de concurso coas prazas vacantes existentes, polo que de existir persoal fixo interesado concorrerá, e vostede pode ter unha posibilidade de que a praza a resultas sexa de quenda de tarde.

En consecuencia, hai que desestimar a súa solicitude de desempeño provisional dun posto en quenda de tarde, dado que no vixente Convenio colectivo non ten amparo normativo, e procederemos cando se execute o concurso, en aplicación dos criterios citados, a ofertarlle a praza vacante de quenda de mañá resultante deste concurso.

M-2011/06

Solicitude presentada por unha membro do Persoal Docente e Investigador solicitando o amparo do Valedor en relación coa actuación desenvolvida no Departamento co fin de obter o desaloxo do despacho que ocupa.

Mantívoase unha xuntanza coa Sra. vicerreitora de Persoal Docente e Investigador e volveu iniciarse o procedemento de xeito que tivera todas as garantías para a presentadora do escrito.

M-2011/07

Solicitud relacionada cun concurso dunha praza de profesorado.

M-2011/08

Escrito presentado por unha estudante respecto á avaliación nunha materia.

A Secretaría Xeral da USC indica o seguinte:

“En relación coa queixa co número de expediente M-2011/08 sobre o sistema de avaliación dunha alumna que ten concedida a exención de asistencia a clase, cómpre indicar:

1.- A alumna no momento de matricularse ten á súa disposición a programación docente que establece o sistema de avaliación nas distintas convocatorias.

2.- No presente caso a alumna está eximida da obriga de asistencia a clase pero non está eximida do cumprimento dos requisitos da programación docente.

O feito de non asistir a clase impídelle realizar unha serie de actividades programadas e, polo tanto, da súa valoración complementaria.

3.- No presente caso non se aprecia que o feito de ter concedida a exención docente lle impida superar a materia segundo os criterios de valoración podendo alcanzar ata un 8 na materia, pese a non realizar todas as actividades programadas.

4.- A programación académica que se remite se considera detallada e axustada ao establecido pola USC.

Por todo o anterior, non se aprecia que exista discriminación na avaliación co resto dos compañeiros senón que se está a aplicar a programación docente establecida. A alumna non realiza todas as actividades programadas polo que pode ter unha cualificación inferior co resto dos compañeiros que si a realizan.”

M-2011/09

Solicitud relacionada cos problemas xurdidos para a realización do exame dunha materia.

A Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador da USC comunicou ter efectuado as seguintes actuacións:

“Que se lle deu traslado ao centro da reclamación, e se lle solicitou informe sobre a incidencia e a súa resolución.

En relación á mesma infórmolle que dende o centro procedeuse a resolver a incidencia garantindo os dereitos de exames da alumna, nunha data acordada a tal fin con ela, e foi cualificada dentro do prazo previsto para a realización das actas.”

M-2011/10

Solicitud relacionada co trato dispensado por unha funcionaria ao facilitar información sobre un procedemento.

Puxéronse os feitos en coñecemento da xefatura do servizo.

M-2011/11

Solicitud presentada por un estudante en relación co esgotamento de convocatorias ordinarias de exame nunha materia.

Dende o decanato da facultade infórmanos que o alumno superou a materia ao asistir ao procedemento de revisión do exame coa docente.

M-2011/12

Escrito presentado por unha membro do Persoal Docente e Investigador no que manifesta a súa desconformidade coa aplicación da Instrución 3/2010 da Secretaría Xeral sobre coberturas de actas de estudos adaptados ao Espazo de Europeo de Educación Superior.

M-2011/13

Escrito presentado en representación dos investigadores contratados na Universidade de Santiago de Compostela (USC) ao abeiro do programa Isidro Parga Pondal (convocatoria 2006). No mesmo expoñen:

“Que o seu colectivo atópase nunha situación de indefensión ante as autoridades universitarias:

O colectivo de investigadores do programa Isidro Parga Pondal son persoal docente investigador laboral da USC e os membros da promoción do 2006 levan 5 anos traballando na USC cumprindo con as súas obrigas investigadoras e docentes nos respectivos departamentos aos que pertencen.

A USC ten un compromiso de estabilización para os investigadores que rematan o programa Isidro Parga Pondal cunha avaliación positiva por parte dos órganos competentes (avaliación denominada ata agora Manuel Colmeiro), este ano realizada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Despois da avaliación, 17 dos 18 investigadores da USC implicados acadaron unha certificación positiva (<http://www.edu.xunta.es/web/node/2988>). Sen embargo, a convocatoria de prazas estables non se produciu aducindo falta de apoio pola Xunta, aínda que esta ten publicada na súa web (http://www.xunta.es/notas-de-prensa?content=nova_estandar13692.html) o compromiso de incentivación dos investigadores procedentes do programa Parga Pondal da última promoción.

Os departamentos universitarios nos que estes 17 investigadores traballan, mediante acordos dos seus consellos de departamento respectivos, solicitaron en tempo e forma a provisión de prazas estables (Profesor Contratado Doutor ou Profesor Titular). Aínda así, a USC non quere convocar as prazas de consolidación e considera que o plan de incentivación da Xunta non existe.”

Con data 22 de decembro a Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador enviou o seguinte informe:

Que en relación á problemática plantexada da que é coñecedora toda a Comunidade Universitaria infórmolle que o Consello de Goberno extraordinario do 29 de novembro de 2011 adoptou, tal como figura en acta, o seguinte acordo:

“Creación no 2012 de 7 prazas de estabilización: 5 delas para os investigadores do programa Isidro Parga Pondal con un máximo de unha por cada grande área, sometidas a un proceso de selección externo. As outras 2 para os investigadores con Starting Grant que rematan no ano 2012. Ademais proponse a creación de igual número de prazas de estabilización en áreas deficitarias. En adiante propoñerase a planificación da plantilla a través dunha programa que atenderá a criterios estruturais, criterios que serán negociados nos órganos colexiados e de representación correspondentes.”

Con data 6 de febreiro de 2012 o Sr. reitor pon en coñecemento da Comunidade Universitaria a seguinte resolución:

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, na súa sesión do 25 de xaneiro de 2012, acordou estimar varios recursos de reposición acumulados contra o acordo adoptado polo Consello de Goberno extraordinario do 29 de novembro de 2011, sobre a "Análise da situación e proposta relativa aos investigadores/as contratados/as".

Como consecuencia da estimación dos recursos declárase anulado e polo tanto sen efecto o referido acordo do Consello de Goberno extraordinario do 29 de novembro de 2011,

Esta decisión determina tamén a anulación da actuación administrativa vinculada ao citado acordo, da que trae causa e, en particular, da convocatoria publicada o 23 de decembro de 2011, para a selección dos *curricula* dos beneficiarios do programa Isidro Parga Pondal que rematan o contrato no mes de decembro de 2011, e contan coa avaliación positiva Manuel Colmeiro"

En consecuencia, esta Reitoría resolve:

Anular e deixar sen efecto a Convocatoria para a selección dos *curricula* dos beneficiarios do programa Isidro Parga Pondal que rematan o contrato no mes de decembro de 2011, e contan coa avaliación positiva Manuel Colmeiro, publicada o 23 de decembro de 2011.

Que polo Servizo de convocatorias e recursos humanos de I+D da Oficina de Investigación e Tecnoloxía da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, se proceda á publicación desta resolución para xeral coñecemento, e á devolución dos currículos presentados polo que participaron na devandita convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.da Lei da Xurisdición Contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, poderá, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar desde o día seguinte á súa recepción, perante este órgano.

Á vista da antedita resolución enviouse un novo requirimento de información á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador no que se expoñía:

En relación coa solicitude de mediación presentada polos investigadores Isidro Parga Pondal e Ramón y Cajal con data 22 de decembro de 2011 esa Vicerreitoría deume traslado do acordo do Consello de Goberno tomado na sesión extraordinaria do 29 de novembro.

Con data 10 de febreiro de 2012 fíxose pública unha Resolución Reitoral consecuencia da estimación polo Consello de Goberno, na sesión do 25 de xaneiro de 2012, dos recursos de reposición interpostos con data 19 de decembro de 2011. Na Resolución Reitoral indícase que como consecuencia declárase anulado e polo tanto sen efecto o acordo do Consello de Goberno extraordinario do 29 de novembro de 2011 ao que se fai referencia no seu escrito do 22 de decembro.

Por iso solicito que me informe das actuacións que se leven a cabo para a creación de prazas de estabilización para os investigadores que remataron o seu contrato Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal e contén coa avaliación positiva dos órganos competentes.

Obtendo como resposta o seguinte escrito por parte da Vicerreitoría:

“En relación co escrito con rexistro de entrada 3145 do 6 de marzo de 2012, relativo ao expediente nº M 2011/13 (solicitude de informe das actuacións para a creación de prazas de estabilización para investigadores Parga Pondal e Ramón e Cajal que remataron contrato e teñen avaliación positiva),

INFORMO que as actuacións que se están levando a cabo son as seguintes:
Elaboración de criterios estruturais que permitan definir as necesidades de plantilla da USC e ordenar todas as decisións en materia de prazas de PDI.

Unha vez se dispoñan destes criterios, consensuados en Mesa de Negociación Sindical e aprobados en Consello de Goberno, procederase a determinar as necesidades de cada área, as posibilidades orzamentarias de actuación e tomaranse as decisións que correspondan en materia de estabilización, reposición de vacantes, promocións, etc.”

M-2011/14

Escrito relacionado co procedemento seguido para a difusión da información, admisión e matrícula nun curso ponte do Grao para titulados.

Dáse traslado ao Servizo de Xestión Académica.

2.3.2- QUEIXAS

Q 1010/01

Queixa referida aos problemas xurdidos para recibir docencia nunha materia de licenciatura.

A Sra. vicerreitora de Grao e Posgrao enviou o seguinte informe:

“Contestando ao seu escrito do pasado 13 de outubro no que solicita información en relación coa queixa presentada por un estudante, matriculado na licenciatura, e os problemas que se crean nas materias que quedan sen docencia e cuxas prácticas son necesarias, non só para superar o exame senón tamén para poder presentarse, teño a ben facilitarlle a seguinte información:

.../... estanse estudando medidas que permitan conciliar os dereitos dos estudantes para render exame xunto coa obrigada extinción das materias.

Na reunión mantida, na que se analizou o problema existente con algunha materia da Licenciatura informóuselle da necesidade de realizar un marco normativo que dea resposta a estas situacións, o que se faría á maior brevidade posible, non obstante, e como primeiro paso vai a facerse unha instrución que de xeito provisional poida dar resposta a situacións como as reflectidas polo estudante.”

Q 1010/02

Queixa presentada por estudantes dun Máster Universitario en relación coa reclamación da bolsa que lles foi concedida no curso anterior.

Póñense os feitos en coñecemento da Vicerreitoría de Grao e Posgrao e da Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo.

Q 1010/03

Recibiuse un escrito de queixa en relación co funcionamento da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUGA), organismo non dependente da Universidade

de Santiago de Compostela, que non foi admitido a trámite ao non entrar dentro do ámbito de actuación do Valedor.

Q 1010/04

Escrito de queixa presentado por unha membro do Persoal de Administración e Servizos da USC, en relación co procedemento de matrícula para o P.A.S. no Centro de Linguas Modernas da USC no presente curso académico.

A Sra. xerente da USC informa que:

“.../... O día 21 de outubro, o mesmo día que se admite a trámite a queixa, a xefa do Servizo de Planificación e Programación de PAS, comunicoulle por correo electrónico ás 8 h. 36 minutos á presentadora da queixa, que a súa situación estaba normalizada, pois ela xa se matriculara e se aboaría a matrícula con cargo a formación.

Hai que concluír que debido a un malentendido propiciado pola falta de documentación escrita do procedemento e a existencia dunha nova dirección académica no CLM, creouse un clima de alarma, que finalmente foi solucionado. Para o futuro curso académico, estudarase a posibilidade de establecer un acordo entre a xerencia e o CLM, que evite incidentes como o acaecido.”

Q 1010/05

Escrito de queixa presentado por unha estudante en relación coa denegación de ampliación da súa matrícula. Na mesma indica:

- Que mediante escrito de data 15 de setembro de 2010 solicitou ampliar a súa matrícula para poder finalizar os seus estudos de Grao.
- Que mediante resolución do 1 de outubro de 2010 denégase a súa solicitude pois a alumna solicita poder matricularse para o curso 2010/2011 dun total de 78 créditos, excedendo así o límite de 75 créditos ECTS que como máximo permite o apartado 2.1.2 da Convocatoria de Matrícula.

- Que lle restan para rematalos seus estudos 3 materias (de 6 créditos cada unha), as prácticas externas (30 créditos) e o traballo de fin de grao (30 créditos)
- Que é bolseira e solicitante de bolsa para o presente curso académico, polo que precisa matricularse dun mínimo de 60 créditos.
- Que a única opción posible de matrícula para iso é que lle permitan matricularse de todas as materias que lle restan ata completar os 78 créditos.
- Que de non permitirillo perdería a bolsa de estudos e se lle obrigaría a adiar un ano máis o remate dos seus estudos.

A Oficina de Análise de Reclamacións informa que tendo en conta a normativa de aplicación, non procede autorizarlle a matrícula no Traballo Fin de Grao, non obstante se despois do primeiro cuadrimestre lle restan menos de 75 créditos para rematar a titulación, a alumna poderá matricularse no TFG no prazo do 11 ao 25 de febreiro de 2010.

Q 1010/06

Queixa presentada por unha estudante de licenciatura en relación coa deficiente información facilitada a través da web da USC sobre as materias optativas da titulación. Na mesma expoñía que na páxina web da titulación non figura completa a información relativa ás materias optativas, omitíndose datos como o horario, docente encargado de impartila, programa das materias..., o que dificulta ou imposibilita unha axeitada elección das mesmas polo alumnado á hora de efectuar a súa matrícula.

Solicítouse informe ao Decanato da Facultade no que indica:

“A información das materias optativas ofertadas pola Universidade de Santiago na titulación está publicada na páxina web oficial da universidade, incluíndo a información dos horarios e do programa, tal e como se pode comprobar na páxina web http://www.usc.es/gl/centros/cc_comunicacion/programas.html?plan=2997, ou máis en detalle na páxina http://www.usc.es/gl/centros/cc_comunicacion/materia.html?materia=43302&ano=61.

Nesta información figura o nome do profesor, o contido do programa aprobado

polo Consello de Departamento e pola Xunta de Facultade, así como os horarios detallados de impartición das materias.

Sen embargo, a queixa da estudante ten un fundamento claro na organización da información publicada, que é común a toda a Universidade de Santiago.

Na actualidade, no sitio web www.usc.es ofrécese información completa pero desagregada que levan á confusión dos estudantes, en especial da alumna referida.

Un estudante que queira coñecer o contido da materia desexada debe proceder do seguinte xeito:

1. Información xeral

Debe acudir á páxina oficial do centro

(http://www.usc.es/gl/centros/cc_comunicacion/index.html) e seleccionar o enlace correspondente. Dese xeito obterá toda a información de referencia da licenciatura e un listado con todas as materias ofertadas, indicando en cada caso o carácter da materia, a carga lectiva, o período de docencia e as anotacións correspondentes para a matrícula (posibilidades de matrícula, posibilidades de docencia....) No caso da titulación hai unhas características que fai especialmente importante esta información, xa que boa parte das materias optativas son impartidas na Universidade de Vigo, en virtude do acordo de titulación compartida que existe entre as dúas universidades.

2. Información de programas

Lamentablemente, desde a páxina anteriormente descrita non é posible acceder directamente á información dos contidos dos programas. Se o estudante desexa consultalo debe acudir á sección "Programa das materias", situada no menú esquerdo da páxina

(http://www.usc.es/gl/centros/cc_comunicacion/programas.html?plan=2997). Nese caso, aparece de novo un listado de materias ofertadas pola titulación, indicando soamente o nome da materia, o carácter da mesma e o cuadrimestre de docencia. Non aparece publicada a información de matrícula (en especial o dato da posibilidade de docencia, xa que moitas materias extinguíronse, e o nome da universidade responsable da docencia). Polo tanto, un estudante tería que comprobar primeiro o lugar de impartición e logo localizar a materia na sección "Programa das materias".

3. Información de horarios

Para que un estudante poida coñecer os horarios da materia ten dúas

posibilidades Por un lado, unha vez que chega á información do programa anteriormente descrita, pode premer no enlace correspondente situado na columna "Horarios", onde lle aparecerán detallados, incluídos os dos exames.

Por outro, o estudante pode acceder á sección "Horario de Cursos" situado no menú esquerdo (http://www.usc.es/gl/centros/cc_comunicacion/horario_cursos.html), e acceder directamente desde a materia. Neste caso, a información está organizada por curso e por tipoloxía de docencia (teórica, práctica e laboratorio) e só aparecen as materias que son impartidas na USC e que están en vigor.

Como se observa, é certo que a información publicada, común a toda a USC, non está estruturada dun xeito óptimo, o que crea a confusión dos estudantes. Por iso, coido que este é un problema que debe ser resolto para toda a universidade.

Sen embargo, debe reiterarlle que toda a información necesaria para a matrícula das materias optativas da Licenciatura que se imparten na USC está publicada."

Por iso á vista do exposto no antedito informe *recomendo á Secretaría Xeral que leve a cabo as medidas que considere oportunas para evitar situacións como a que se pon de manifesto na presente queixa.*

Q 1010/07

Escritos de queixa presentados por estudantes de licenciatura en relación coa non asignación de Proxecto para efectuar o Traballo Fin de Carreira.

O Sr. decano da Facultade emitiu un informe no que indica:

".../... fágolle saber que se trata dunha alumna que non cumpría o número de créditos mínimos esixido para solicitar o proxecto."

Q 1010/08

Escrito de queixa presentado por un membro do Persoal Docente e Investigador en relación coa interpretación e aplicación que a USC está a facer da normativa de contratación laboral. Na mesma expón:

"A USC parece estar facendo unha interpretación restritiva e errónea da recente normativa de contratación laboral (RDL 10/2010 e Lei 35/2010), por canto tense informado aos investigadores que xa tiveran estado contratados con cargo a proxectos por períodos de tres ou mais anos (aínda sendo anteriores á entrada en vigor da Lei actual) que non volverían a seren contratados.

Nesa liña, na última convocatoria pública de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra e servizo determinado (<http://imaisd.usc.es/guiaconvocatorias.asp?i=gl&s=-2-26-128-129&id=1676&t=9&st=0>), explícanse como motivos de exclusión:

"Serán excluídos os candidatos que estiveran nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter estado vinculados coa USC, mediante un ou varios contratos temporais por un tempo igual ou superior a 36 meses.
- b) Ter estado vinculados coa USC, mediante dous ou mais contratos temporais, por un prazo superior a 24 meses nun período de 30 meses."

Estes criterios de interpretación levan a unha situación de imposibilidade de contratación para centos de investigadores, moitos deles aínda en formación. Igualmente afecta aos directores das respectivas actividades de investigación, por veren limitada a súa capacidade de contratación.

Sendo a USC unha institución pública, que debe rexerse na contratación de persoal polos principios de igualdade, mérito e capacidade, teño serias dúbidas de se estes motivos de exclusión se axustan a dereito por violar o principio de igualdade, seren arbitrarios e absolutamente inxustificadas.

Consultada a Vicerreitoría de Investigación a través do persoal da OIT parece que estas medidas están orixinadas na Instrución VII/2010 da Xerencia, na que se fai unha interpretación particular da lexislación vixente:

(http://www.usc.es/xerencia/Instruccion/2010/instruccion_VII_2010.pdf).

A limitación de contratación que se insta nese documento nace, segundo se cita, de "respectar os tempos máximos e demais requisitos que se deriven da lexislación aplicable". Nembargantes, resulta sorprendente a interpretación feita da Lei, por canto consultadas as webs dos sindicatos estatais maioritarios, e consultados algúns colegas do CSIC, parece claro que os límites de contratación temporal non aplican á Administración Pública, incluídas as Universidades e OPIs, en particular cando na Lei 35/2010, punto seis, que modifica a disposición adicional decimoquinta do "Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los

Trabajadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo", di:
"2. No obstante lo previsto en el apartado anterior, lo dispuesto en el artículo 15.1.a) en materia de duración máxima del contrato por obra o servicio determinados no será de aplicación a los contratos celebrados por las Administraciones Públicas y sus organismos públicos vinculados o dependientes, ni a las modalidades particulares de contrato de trabajo contempladas en la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades o en cualesquiera otras normas con rango de ley cuando estén vinculados a un proyecto específico de investigación o de inversión de duración superior a tres años."

De feito, na valoración conxunta UGT-CCOO publicada ao respecto da Lei 35/2010 a nivel estatal:

(<http://www.ugt.es/actualidad/2010/septiembre/22%20Valoracion%20conjunta%20mercado%20trabajo.pdf>) dise:

"Una de las pocas medidas que contenía el RDL para poner algún límite a la temporalidad, el plazo máximo de duración del contrato de obra o servicio y el reforzamiento al encadenamiento de contratos temporales, ha sido excluida por la Ley de su aplicación a las Administraciones Públicas y a sus organismos públicos vinculados o dependientes, a las Universidades y a los contratos temporales contemplados en normas con rango de ley vinculados a proyectos específicos de investigación o de inversión"

Polo tanto, os mesmos sindicatos maioritarios perciben, o mesmo que outras OPIs como o CSIC, que non existen as restricións que a nosa universidade aplica. O que reafirma o meu convencemento de que os motivos de exclusión nos concursos públicos de contratación da Vicerreitoría non se axustan nin a forma nin ao fondo da lexislación vixente.

Os contratados laborais aos que se refire a queixa acoden ao xulgado na defensa dos que consideran son os seus dereitos, polo que en cumprimento do establecido no Estatuto do Valedor suspéndense as actuacións.

Q 1010/09

Escritos de queixa presentados por estudantes de grao procedentes da antiga licenciatura, en relación coa imposibilidade de matriculación e realización do

Traballo Fin de Grao por mor da limitación que establece a Resolución Reitoral de 18/05/2010:

“Para poder formalizar matrícula no TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos incluídos os correspondentes ao TFG e superados 150 créditos, entre eles todos os da primeira metade da titulación.”

A Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao informa da Resolución Reitoral de 17/12/2010 de autorización excepcional de matrícula no segundo cuatrimestre para determinados supostos:

SEGUNDO.- 1.- Excepcionalmente o alumnado que se tivera adaptado dende un plan de estudos a extinguir e que tivera materias que antes se impartían nos últimos cursos e que co novo plan pasaran aos primeiros cursos se lles eximirá do requisito de ter superados todos os créditos da primeira metade da titulación.

2.- Tamén e con carácter excepcional e transitorio, o alumnado que se adaptou ao novo plan e que tras a realización das probas do primeiro cuatrimestre lle reste menos de 75 créditos para rematar a titulación poderá matricularse do TFG.

Q 1010/10

Queixa presentada por un estudante en relación co procedemento de matrícula e admisión nun máster. Na mesma expón o seguinte:

O día 6 de setembro accedo á páxina web da USC para realizar a solicitude de acceso ao Máster. Dous días máis tarde ao mirar na páxina web se había algún cambio vexo que ao acceder á matrícula pon “solicitude aceptada, matrícula non realizada”, polo que pregunto no COIE se iso significa que estaba admitido no máster podendo realizar a matrícula, alí danme un número de teléfono para que pregunte, ao chamar dinme que se pon iso é que fun aceptado e que polo tanto debo efectuar a matrícula, o que fago o día 09/09/10.

Ao ter sido alumno da USC non teño obriga de entregar documentación algunha respecto da miña titulación, pois teñen acceso a eses datos.

Finalmente o día 16/09/10 a USC fai efectivo o cobro da matrícula.

O día 28/09/10 achégome ao COIE e infórmanme que anulara a matrícula, anulación que nunca efectuei, polo que tras comprobar que pasaba dinme que estou excluído, que a matrícula era provisional e que me devolverían os cartos.

Segundo o texto que aparece publicado na web:

Procederáse á anulación da matrícula provisoria dos alumnos que non obtiveron praza

A matrícula provisoria dos alumnos admitidos para a ter carácter definitivo, só condicionada a que se verifiquen os datos económicos e a titulación de acceso declarada no momento de facer a solicitude.

O prazo para efectuar o pagamento da matrícula computará a partir da data de publicación destas listaxes (17 de setembro de 2010)

Polo tanto entendo que non deberían terme cobrado nada. Parece que as listaxes as publicaron o 17 de setembro, data a partir da que os admitidos deben presentar documentación e pagar. Pero cobráronme e recolléronme a documentación, actuando como se estivera admitido polo que deben ser consecuentes coa súa actuación, e ao meu parecer deben admitirme no máster.

No informe solicitado o Sr. reitor da USC indica o seguinte:

1. Efectivamente o alumno, fixo unha solicitude para o Máster o día 6 de setembro de 2010.

2. Ao alumno fíxoselle unha asignación provisoria da praza de xeito manual, pero finalmente non foi admitido xa que pola cota da súa titulación había máis solicitudes que prazas ofertadas, polo que, de acordo cos criterios de admisión, saíu excluído nas listaxes publicadas na web.

3. Se ben é certo que por un erro informático, por tratarse dunha matrícula provisoria e sen cruzar os datos cos alumnos que resultaron excluídos, si se procedeu ó cobro de tarifas de secretaria por importe de 41,00 euros, non obstante, este importe foi devolto pola USC e ingresado na conta do presentador da queixa, con data do 21 de setembro de 2010.

4. Do propio escrito da queixa evidenciase que o presentador da queixa é pleno coñecedor da convocatoria de matrícula, do límite de prazas do Máster e do cupo específico, como era o seu caso. A convocatoria de matrícula obriga e vincula por igual tanto á administración universitaria como ós solicitantes, polo que non se pode pola USC "admitirme no máster", xa que asignación de prazas ten que facerse por estrito orde conforme ós criterios fixados na convocatoria.

5. Non pode alegarse que un erro no cobro de tarifas de secretaría, que foi inmediatamente subsanado poda xerar dereito algún a obter unha praza nun máster con límite de prazas e cota para determinados titulados, cando, con aplicación dos criterios de asignación, non se alcanza a puntuación do último admitido na cota existindo ademais outros solicitantes con superior puntuación.

Q 1011/01

Escrito presentado por un estudante en relación coa accesibilidade da Web da USC. Na mesma expón:

“Se me ha notificado la iniciación de oficio de un expediente de corrección de errores materiales sobre una de mis notas.

En la sección de normativa aplicable de la notificación de la tramitación del dicho expediente, se hace referencia a dos instrucciones de la Secretaría General de la USC (a saber: la Instrucción 2/2007 de la Secretaría General de la USC del 6 de marzo de 2007 sobre elaboración informática, cobertura, tramitación, custodia y modificación de actas de exámenes y la Instrucción 7/2010 de la secretaría General de la USC del 28 de septiembre de 2010 sobre rectificación de actas electrónicas) de las cuales la primera ha sido publicada en el DOG, pero no la segunda.

Hoy 2 de noviembre de 2010 me puse en contacto telefónico con la Unidad de Gestión Académica, de la cual emana el acto de notificación, para informarme sobre el contenido de la Instrucción 7/2010, ya que, careciendo de publicidad mediante diario oficial, no me resultó posible encontrarla de otro modo. Se me dieron indicaciones de cómo localizarla mediante la página Web de la USC. Seguidas estas indicaciones, encontré la instrucción en cuestión, publicada en formato PDF.

Dado que soy ciego, requiero de ciertas tecnologías para el acceso a la información electrónica. Pues bien, el PDF en cuestión no resulta accesible, ya que no contiene la información textual de la instrucción, como por otra parte es perfectamente posible (siendo la norma en publicaciones oficiales, como el BOE o el DOG). En su lugar, el PDF contiene solamente la imagen, posiblemente resultado de un scanner, de la instrucción.

Teniendo en cuenta la necesidad de la publicidad de la normativa pública, así como, entre otras, la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos, que dispone en su artículo 4.c) el principio de accesibilidad, así como el derecho de los ciudadanos reconocido en su artículo 6.2.c) "A la igualdad en el acceso electrónico a los servicios de las Administraciones Públicas", la publicación de normativa e información necesaria para el adecuado acceso a los servicios de la USC y en particular al procedimiento administrativo en formato PDF opaco sin las condiciones adecuadas de accesibilidad supone una vulneración de los derechos de los estudiantes que requerimos de este tipo de medidas."

A Área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación indicou que:

Comprobouse que efectivamente o documento indicado polo alumno estaba publicado nun formato pdf non accesible. Como a información colgada nos diferentes apartados da web corporativa é subida en cada apartado polos propios responsables da unidade, procedeuse a informar á unidade responsable deste documento, neste caso a Secretaría Xeral da USC, para que substituíse o documento pdf por unha versión accesible. A Secretaría Xeral informou que colgara o documento escaneado para que figurase a sinatura e selo do rexistro de saída do documento, pero que en todo caso procedía de xeito inmediato a substituír este documento por unha versión accesible, e que ao mesmo tempo iniciaba unha revisión do resto das instrucións e normativas co obxecto de asegurar a accesibilidade a todos eles.

Asemade, dende ATIC procederase á elaboración dun documento de instrución e de boas prácticas no uso da ferramenta de xestión de contidos da web corporativa, co obxecto de difundila entre a comunidade de usuarios editores da web corporativa, co obxecto de asegurar a aplicación de criterios que garantan o mantemento da accesibilidade da mesma.

Q 1011/02

Queixa presentada por unha estudante do Terceiro Ciclo en relación coa ausencia do Director/Titor da súa Tese Doutoral.

A Sra. vicerreitora de Titulacións e PDI enviou un informe no que indica:

“1.- Que como consecuencia da reclamación abriuse un procedemento disciplinario que aínda está en curso.

2.- Que procedeuse a asignar un novo director da súa tese.”

Q 1011/03

Escrito presentado por dous profesores adscritos ao Campus de Lugo en relación cunha modificación do P.O.D. do Departamento que implicaría para os presentadores da queixa a obriga de impartir docencia no Campus de Santiago.

A Secretaría Xeral da USC informa que o Consello de Goberno aprobou por asentimento a proposta de desestimación dos recursos dos dous profesores.

Q 1011/04

Foi presentado un escrito de queixa por alumnos do Centro de Linguas Modernas en relación con distintos aspectos de funcionamento do mesmo.

A Dirección do CLM enviou o seguinte informe:

“En vista da nova convocatoria de cursos de linguas estranxeiras no CLM da USC, restableceremos a información pertinente na nosa páxina web e traballaremos, en coordinación coa Vicerreitoría de PDI, coa Xerencia e có Xescampus, para que os desaxustes denunciados polos alumnos ao comezo deste curso académico non volvan a ocorrer.”

Q 1011/05

Queixa presentada por un estudante no que indica que a data 12 de novembro de 2010 non ten recibido a Tarxeta Universitaria de Identidade (TUI)

No informe solicitado á Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua indícase que:

“Segundo os protocolos de xestión e utilización da Tarxeta Universitaria de Identificación, aprobados polo consello de goberno o 17 de febreiro de 2005, "Artigo 2.- Expedición: 1. Todos os membros da comunidade universitaria teñen dereito á TUI, segundo o disposto no artigo 5. A denegación da expedición só poderá facerse mediante resolución motivada . 2. A tarxeta, a petición da Universidade, será emitida pola Fábrica Nacional da Moeda e Timbre ou pola empresa de recoñecida solvencia e capacidade técnica que se determine. A súa expedición poderá contar coa colaboración de entidades financeiras ao abeiro dun convenio coa USC."

A tarxeta é un dereito do membros da comunidade universitaria nunca unha obriga, polo que a expedición desta realízase despois da solicitude da persoa interesada.

Despois de solicitar información ás oficinas do Banco, o alumno non presentou ningunha solicitude, motivo polo cal non se lle expediu tarxeta algunha.

O devandito alumno esta incluído na base de datos e a expedición da tarxeta realizarase unha vez presente a solicitude xunto cunha foto actual nalgunha das oficinas co Banco Santander ten distribuídas polos Campus de Lugo e Santiago.”

Q 1011/06

Escrito presentado por unha candidata nun concurso a unha praza de profesor asociado. No mesmo expón:

- Que con data 18 de outubro publicouse a autorización para a contratación en dita praza do candidato seleccionado.
- Que o prazo para a sinatura do contrato por parte do candidato seleccionado finou o pasado día 29 de outubro sen que procedera á sinatura do contrato.
- Que a presentadora da queixa é a candidata proposta na seguinte posición.
- Que non se está a cumprir o punto 9.4 da convocatoria procedendo a formalizar a contratación do candidato proposto na seguinte posición cando o candidato seleccionado non asinou o contrato dentro do prazo establecido na convocatoria.

A Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador enviou o seguinte informe:

1.- Por resolución reitoral de 11/06/10 foron convocados varios concursos ao abeiro da Normativa pola que se regula a selección do PDI contratado e interino da USC (aprobada por Consello de Goberno do 17 de febreiro de 2005).

2.- Con data 07/10/10, a Comisión de selección fixo pública a proposta de candidatos polo que, con data 18/10/10 por resolución reitoral se ordena a contratación do 1º candidato proposto, concedéndolle un prazo ata o 29/10/10 para asinar o contrato.

3.- O interesado solicita ao reitor, con data 26/10/10, que o cómputo do prazo de sinatura do contrato quede en suspenso ata a resolución da petición de compatibilidade coa súa actividade principal no sector público que presentou á Xunta de Galicia con data 26/10/10.

4.- A base 9.7 da convocatoria desta praza establecía que “serán de aplicación ao persoal contratado en virtude desta convocatoria as normas contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas”.

En base ao artigo 10 desta Lei, por resolución reitoral de 28/10/10 concedeuse o aprazamento solicitado ata que recaera resolución expresa de concesión da compatibilidade, dado que o interesado solicitara a compatibilidade con outro posto no sector público dentro dos dez primeiros días que tiña para a sinatura do contrato.

5.- De non obter o primeiro candidato a compatibilidade solicitada, procederáse a formalizar a contratación da segunda candidata, segundo se establece na antedita Normativa.

Q 1011/07

Foron presentados escritos de queixa por catro membros da Comunidade Universitaria en relación coa súa exclusión do Intercambio de Vacacións de Nadal 2010 para Persoal de Administración e Servizos. Nos mesmos indican:

“Con data 16/11/2010 anunciouse na lista de distribución dos PAS da USC a

apertura do prazo para solicitar intercambio de vacacións de Nadal 2010. Eu fixen a solicitude conforme o indicado, pero fun excluído porque, segundo consta no correo electrónico que recibín como resposta o día 17/11/2010 o Intercambio de Vacacións está destinado para o Persoal de Administración e Servizos que reciban as súas retribucións con cargo ao capítulo I.

Descoñezo de qué Capítulo proceden as miñas retribucións. Só sei que a miña TUI identifícame como PAS da USC, que fago uso dos aparcadoiros, bibliotecas e demais servizos coa condición de PAS, que estou amparado polo convenio do PAS laboral da USC, e que nas últimas eleccións sindicais puíden exercer o meu dereito ó voto para escoller os representantes do Comité de Empresa do PAS.

Polo tanto, ¿qué razón existe para coartar o meu dereito a participar nas oportunidades que posúe o meu colectivo? ¿qué fundamento de dereito ten a exclusión dun traballador baseada no Capítulo orzamentario de procedencia das súas retribucións?”

No informe solicitado á Xerencia da USC indícase que:

“Na normativa que figura na web da USC (<http://www.usc.es/gl/perfis/pas/intercambiopas/normativa.html>) indícase que poderán participar no Intercambio o Persoal de Administración e Servizos, funcionario de carreira ou interino e o persoal laboral fixo ou contratado, con cargo ao capítulo I.

Esta indicación sobre que persoal pode participar no intercambio, ven motivada porque esta medida de acción social financíase con cargo ao 1% da masa salarial do persoal con cargo ao capítulo I, tal e como figura no Convenio Colectivo, no Acordo entre a USC e a Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos Sobre Mellora das Condicións De Traballo, Medidas De Acción Social e Outras Cuestións, e nas Memorias de Responsabilidade Social.

Polo tanto, o persoal con cargo ao capítulo VI non pode participar neste programa, ao igual que non participa noutras medidas de acción social que se pagan con cargo ao 1% da masa salarial do persoal con cargo ao capítulo I como son: O Plan de Formación, Seguro de Vida, Plano de Pensións, etc.”

Q 1011/08

Admitida a trámite unha queixa presentada por estudantes dun Máster no que expoñen que:

Ao matricularse cumprimentaron a documentación necesaria para facerse acredores dunha das bolsas que nas bases de ditos Máster e Curso se recollían.

En novembro de 2009 recibiron as cartas de pago, todas elas coa cualificación de “Matrícula bolseira” e “Pago único”, equivalente a un 25% do importe total das respectivas matrículas. Procedendo ao seu abono en prazo e forma.

Posteriormente, sen ningún tipo de rigor formal ou notificación fehaciente, envióselles un número inxente de cartas de pago onde se lles retiraba a bolsa previamente outorgada, sen maiores explicacións nin garantías xurídicas, que solicitaron por escrito, ao que se lles respostou afirmando que a bolsa se retiraba a pesares de non existir resolución algunha.

Esta semana recibiron unha carta apremiante remitida polo Centro de Posgrao onde se os comina ao abono urxente do importe restante das matrículas, coa advertencia de perder todo o dereito ao título e de ver reclamadas as cantidades en vía de apremio e que presentaron alegacións a dito escrito.

No informe que lle foi solicitado o Sr. director do Centro de Posgrao indica o seguinte:

“A xestión da matrícula dos másteres e cursos de posgrao propio correspóndelle á Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua.

A Comisión de Posgrao Propio na súa xuntanza de 4 de marzo de 2010 a petición da dirección do Máster e do Curso arriba citados acordou non outorgar bolsas de matrícula.”

Solicitouse información ao Sr. xefe da Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua quen remitiu:

“A documentación que obra nesta Sección, que consta tamén na OAR desta Universidade, para a resolución das queixas presentadas polos ditos alumnos diante de diferentes órganos desta Universidade:

1º.- Informe detallado do procedemento aplicado nesta Sección relativo aos catro alumnos con respecto ao apartado de matrícula.

2º.- Comunicación do acordo da Comisión Académica do Curso, competente na resolución das bolsas de matrícula.

3º.- Solicitud dunha alumna, así como escrito desta Sección informando acerca do solicitado.

4º.- Comunicación de recadación extraordinaria de faltas de pagamento.

5º.- Recursos de reposición presentados polos catro alumnos, que foron remitidos á OAR para a súa resolución.”

Entre a documentación figura:

- un escrito de data 6 de novembro de 2009, no que non aparece a quen vai dirixido, no que as Sras. directoras do Máster informan:

“Que na presente edición do curso académico 2009-2010 do Máster, acordouse non conceder ningunha bolsa da Universidade de Santiago de Compostela.”

- un escrito do Centro de Posgrao de data 26 de febreiro de 2010 dirixido aos estudantes no que di:

“Infórmolle de que si tivo entrada neste centro un escrito enviado polas directoras do curso solicitándolle á Comisión de Posgrao Propio que exima da concesión das bolsas previstas neles. Os argumentos recollidos nesta solicitude serán estudados e valorados na vindeira reunión da Comisión.”

Á vista do exposto pódese concluír que a Dirección do Máster denegou a bolsa solicitada polos estudantes e iniciou o procedemento de recadación dos prezos de matrícula no mes de novembro de 2009 e presentou a autorización correspondente ao Centro de Posgrao no mes de febreiro de 2010.

Por iso solicito que por parte desa Vicerreitoría se lle recorde á Dirección do Máster que o órgano competente para autorizar a non concesión de bolsas e iniciar o procedemento de recadación é o Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua.

Por outra parte á vista da situación presentada pola presente queixa *recomendo que en relación cos Cursos de Posgrao propios da USC se estude a posibilidade de:*

1º.- Especificar tanto no regulamento dos cursos como na convocatoria dos mesmos as condicións que poden eximir da concesión das bolsas, nomeadamente a relación entre o número de estudantes matriculados e o número de bolsas que será obrigado conceder.

2º.- Axilizar ao máximo posible o proceso de resolución da convocatoria de bolsas de xeito que os estudantes poidan tomar as decisións que consideren oportunas.

Q 1011/09

Escritos de queixa presentados por unha traballadora da USC en relación coa non adopción de medidas por parte da Universidade que faciliten a conciliación da vida persoal e laboral dos seus traballadores.

Dáse traslado do escrito á Xerencia da USC e con posterioridade mantense unha reunión coa mesma.

Q 1012/01

Queixa presentada por un estudante en relación co proceso de resolución e axudicación das Bolsas Europracticum V da USC.

A Vicerreitoría adxunta para estudos de Grao e Posgrao do Campus de Lugo enviou copia do escrito que lle ten remitido ao presentador da queixa no que se indica o seguinte:

- 1.- Segundo a conformación do formulario de solicitude para optar ao proceso de selección dos candidatos, era preceptivo indicar en cada apartado da mesma os datos oportunos, tanto de idioma como país de acollida, período de prácticas ou actividade preferida.
- 2.- No relativo aos idiomas, os candidatos debían sinalar no apartado

correspondente (apartado 4) o(s) idioma(s) polo(s) que desexaban concorrer á convocatoria das prácticas en empresa, sen prexuízo de mencionar calquera outra información ao respecto no apartado correspondente ás observacións. De ter marcado a opción alemán nese apartado, do mesmo xeito que o fixo co inglés, podería ter optado por igual ás prácticas en empresas por calquera destas dúas linguas, sempre que fora declarado apto mediante a proba de idioma ou presentando certificación oficial no prazo indicado, tal como se especifica na páxina web.

Xa que non o fixo así, tan só está optando pola bolsa de empresas ligadas ao inglés. De calquera xeito, a súa competencia en alemán sempre será tida en conta na baremación correspondente en relación aos candidatos que opten pola dita bolsa.

Q 1012/02

Escrito de queixa presentado por sete usuarios do Servizo de Deportes en relación coa actividade de Tenis.

No informe que foi solicitado a Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade indica que o Director do Servizo de Deportes ten chegado a un acordo cos afectados e que está pendente de ser plasmado por escrito por parte da Asesoría Xurídica da USC.

Q 1012/03

Escrito de queixa presentado por unha estudante en relación coa non recepción da Tarxeta Universitaria de Identidade. Na mesma expón que:

“Solicitou a tarxeta universitaria na modalidade de moedeiro electrónico (sen conta corrente asociada coa entidade bancaria) no mes de xullo.

A data 9 de decembro non lle facilitaron a tarxeta, pese a que acode todas as semanas á oficina sita na facultade.”

Deuse traslado á alumna do informe da Vicerreitoría de Estudiantes e Formación Continua no que se expoñía:

“Na data de entrada desta queixa no rexistro xeral a alumna xa dispón da TUI.

O alumnado da Universidade de Santiago de Compostela debe pasar a recoller a tarxeta pola oficina do Banco Santander Central Hispano sito no campus onde desenvolva os seus estudos.

Esta vicerreitoría púxose en contacto coa oficina sita no Campus de Lugo (Facultade de Veterinaria) co gallo de solicitar información sobre o estado desta petición. A responsable da oficina infórmame que ten no seu poder a TUI da presentadora da queixa, que deberá pasar a recoller polo banco, trámite seguido por todos os alumnos da nosa universidade agás os pertencentes á Facultade de Xeografía e Historia.

Tendo o teléfono da alumna debido ás repetidas veces que acudiu polo BSCH, a responsable púxose en contacto telefonicamente coa alumna para ofrecerlle a enviarlle a tarxeta ao seu domicilio recibindo como resposta que xa tiña a TUI.”

Solicitouse da alumna que informase de cales son os motivos polos que presentou a queixa cando xa dispoñía no seu poder da tarxeta universitaria de identidade e respostou indicando:

“En respuesta a la carta certificada que me envía, le informo que pocos días después de ponerme en contacto con ud., me paso por la oficina sita en la Facultad de Veterinaria del campus de Lugo para informarles de que había elevado una queja al respecto.

La respuesta de la oficina es que tratarían de solucionarlo lo antes posible.

A la semana, se ponen en contacto telefónico conmigo para informarme de que ya tienen en su poder mi tarjeta y que procederán a enviármela como YO les había solicitado.

Un mes después de recibir la primera tarjeta, vuelvo a recibir una llamada de la oficina para informarme de que tienen mi tarjeta. Es entonces cuando les comunico que ELLOS MISMOS YA ME HABIAN ENVIADO LA TARJETA.

Reitero que cuando elevé la queja, NO DISPONIA DE LA TUI Y QUE FUÉ DIAS DESPUÉS CUANDO LA RECIBÍ.

Le informo además que desde la oficina recibí mil disculpas por el retraso, pues según ellos LA TUI ESTABA EN SANTIAGO Y NO SABIAN POR QUÉ.

Una vez recibida la tarjeta, envíe a ésta misma dirección de correo electrónico ésta información.”

Q 1012/04

Queixa presentada por un estudante do Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP) no ano 2009 en relación con problemas xurdidos na expedición do título.

A Dirección do Instituto de Ciencias da Educación indicou que:

“Posto en contacto co profesor e tamén co profesor titor de prácticas, decidiron unha vez analizado o problema, resolvelo favorablemente.”

Q 1101/01

Escrito presentado por un membro da comunidade universitaria no que se solicitaba ao Valedor que inste a anulación dun Regulamento sobre o traballo fin de máster.

Indícase ao presentador da queixa que o solicitado non entra dentro das atribucións contempladas no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria e infórmase que para facer efectiva a súa pretensión debe recorrer o Regulamento aprobado pola Comisión Académica do Máster.

Q 1101/02

Escrito de queixa presentado pola demora na resposta a unha solicitude que efectuara en outubro de 2010. Das actuacións efectuadas e da información recadada ao respecto despréndese:

- Que con data de rexistro de saída do 19 de xaneiro de 2011 deron resposta dende o Servizo ao escrito que tiña presentado.

- Que o Coordinador do Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC envioulle un correo-e con data 13 de xaneiro de 2011 ofertándolle colaboración e que Vde. contactou con dito servizo.

Por iso entendendo que o problema que fundamentaba a queixa está a seguir as canles axeitadas damos por rematada a nosa actuación.

Q 1101/03

Escrito de queixa presentado por un profesor en relación coa modificación do procedemento de xestión de permisos de altas e baixas de usuarios dentro da plataforma USC virtual. No escrito expón:

-Que dende que usa a plataforma USC virtual leva administrando aos alumnos dos seus cursos e de cursos onde imparten varios profesores sen ningún problema.

-Este ano decidiuse cambiar isto, xa ben empezado o curso, de xeito que o profesorado ten que poñerse en contacto co persoal do Ceta para solicitar calquera modificación, procedemento que o profesor non considera axeitado

A Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador enviou o seguinte informe:

Os procedementos de xestión da plataforma de teleformación da USC (Blackboard) e permisos ou alta e baixa de usuarios corresponden ao CeTA que debe asistir aos profesores nas súas necesidades de apoio no proceso de ensino e garantir o mellor funcionamento do campus virtual. Nos consta na Vicerreitoría que dende o mes de novembro o CeTA atendeu todas e cada unha das incidencias de alta e baixa de alumnos plantexadas polo profesor, activando ou desactivando os usuarios correspondentes unha vez comprobada e verificada a súa situación dos mesmos contra as bases de datos da matrícula.

A alta e baixa dos alumnos e usuarios da plataforma é unha tarefa que debe estar vinculada e verificada contra as bases de datos da Universidade (matrícula, persoal, POD, etc) de xeito que o servizo sexa o máis seguro, áxil e profesional posible. Polo tanto, non procede que sexa o profesor quen active ou desactive

alumnos na aula virtual, senón que como se lle comunicou de observar algunha anomalía ou ter algunha necesidade específica cara a docencia debe comunicala ao CeTA para que procedan a solventala de inmediato -como foi o caso-.

Estase a traballar na optimización do campus virtual: dende unha xestión máis segura das ferramentas actualmente dispoñibles ata unha migración no menor tempo posible a unha plataforma aberta. Nesta dirección entendemos que avanzamos na mellora do servizo aos usuarios.

A política de xestión do servizo corresponde á Vicerreitoría e ao CeTA e dentro de esa política todas as decisións relativas á xestión técnica, seguridade e procedementos para garantir o bo funcionamento do campus virtual e o servizo aos seus usuarios, minimizando as incidencias e problemáticas derivadas da ausencia de protocolos claros de xestión da ferramenta e dos seus usuarios: profesores e alumnos.

Á vista do cal considero que a modificación do procedemento de xestión da plataforma de teleformación da USC acordouna a Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador en uso das súas competencias para a mellora do servizo que presta na aplicación e xeral, polo que non hai ningún trato discriminatorio.

Q 1101/04

Presentado por un estudante dun curso de posgrao. Na mesma expón o seguinte:

- Que estivo matriculado no ano 2010.
- Que ao finalizar o curso solicitou unha revisión da súa cualificación pero esta non se puido levar a cabo porque supostamente non pagara o segundo prazo do curso. Ante o que enviou unha carta no mes de novembro de 2010 ao Centro de Posgrao axuntando o recibo conforme realizara o pago.
- Que ante a falla de resposta á súa solicitude de revisión, a principios de xaneiro enviou un correo-e ao Centro de Posgrao preguntando se recibiran a carta e se había algún problema.
- Contestándolle que ao recibir a súa comunicación enviáronlle ao coordinador do curso a documentación requirida para poder iniciar o procedemento de revisión pero que non recibiran resposta.

O informe enviado polo Sr. director do curso indica:

- 1) O alumno reclamou ante a Comisión da Facultade, onde está ubicada a coordinación do posgrao, pola cualificación recibida (Non Apto).
- 2) Como coordinador do posgrao e da súa comisión académica informei á Comisión da Facultade os criterios polos que se considerou claramente insuficiente o traballo feito polo alumno durante o curso.
- 3) Vistas as nosas alegacións, a Comisión Académica da Facultade resolveu “que debería ser competente sobre esa revisión a comisión académica do devandito curso”, onde ratificamos a nota inicial.
- 4) Seguindo o método establecido, cando o Centro de Posgrao ten comunicación de parte do alumno de que ter pagado o segundo prazo de matrícula, enviánnos unha acta adicional que asinamos, ratificando a cualificación orixinal, e a secretaria do posgrao remitiu ó Centro de Posgrao, quen acusou recibo.
- 5) Obviamente, en ningún caso temos en conta á hora de cualificar (ou revisar) a nota dos alumnos se teñen ou non pagado o segundo prazo da matrícula, dato que soamente coñecemos cando recibimos (ou non recibimos) a acta correspondente a cada un dos inicialmente inscritos.

Q 1101/05

Queixa presentada por un estudante en relación coa demora na resolución do Premio Extraordinario de Licenciatura. Na mesma expón o seguinte:

- “Que a Comisión Permanente da Xunta de Facultade na sesión ordinaria celebrada o día 7 de outubro acordou convocar o Premio Extraordinario correspondente ao curso 2009/10 de acordo co establecido nas Normas de Xestión Académica da USC
- O Título I apartado 7.3.3 das Normas de Xestión Académica da USC establecen que “*os centros establecerán entre o 1 e o 15 de decembro as datas concretas para xulgalos concorrentes ao Premio Extraordinario*”, se ben no caso do Premio Extraordinario da súa Licenciatura, o tribunal,

elixido na sesión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta de Facultade do 19 de novembro de 2010, non se reuniu para xulgar o devandito premio ata o 14 de xaneiro de 2011; o que supón un retraso de practicamente un mes dende o remate do período establecido.”

Despois de recibir o informe da Facultade informando das causas que motivaron o retraso e feitas as comprobacións oportunas atopáronse varios centros que non cumpriran os prazos polo que *recomendouse á Secretaría Xeral que recorde aos centros a obriga de cumprir os prazos que establecen as Normas de Xestión Académica da USC para xulgalos concorrentes aos Premios Extraordinarios de Licenciatura.*

Con posterioridade a Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor da Comunidade Universitaria na reunión celebrada o día 6 de abril de 2011 acordou recomendar que no calendario de resolución de ditos premios, nomeadamente no punto 105.1 do escrito de 24 de marzo de 2011 (Rexistro de saída do 29/3/2011) se inclúa a data límite na que as Unidades de Xestión Académica teñen que remitir aos centros a relación de alumnos que concorren ao premio e as certificacións dos expedientes.

Q 1102/01

Queixa presentada por un estudante en relación co proceso de expedición e características da Tarxeta Universitaria de Identidade (TUI). No mesmo expoñía o seguinte:

1. La sucursal del Santander ofrece una información poco clara a los usuarios de la Universidad, pretendiendo que escojan hacerse una tarjeta ligada al banco. Es necesario señalar que yo, como cualquier otra persona, he acudido a hacer la tarjeta como USUARIO de la Universidad (es mi derecho y obligación), no como CLIENTE del Banco Santander.
2. Por lo tanto, y aún entiendo la colaboración existente entre la USC y el Banco Santander, no me parece comprensible que la tarjeta identificativa tenga que ser recogida en la sede del banco. Se deberían de ofrecer dos opciones totalmente claras y separadas:
 - a) Hacer una tarjeta identificativa, que fuera expedida por la Universidad.

b) Hacer una tarjeta que sirva además como tarjeta bancaria del Santander, expedida por tanto en cualquier sucursal de la entidad.

3. Resulta completamente incomprensible que siga apareciendo la publicidad del Banco en la parte trasera de las mismas. Una cosa es que haya un convenio económico entre el Banco y la Universidad, y otra muy distinta es que desaparezcan todas las reglas.”

No informe recibido da Vicerreitoría de Estudiantes e Formación Continua indicábase:

No que se refire á actuación da Universidade de Santiago de Compostela en relación cos procesos de solicitude e expedición da TUI, o marco de referencia está determinado polo contrato de prestación de servizos asinado entre a Universidade e o Banco de Santander. Nel se establece que o Banco proporciona o servizo de elaboración da TUI con vantaxes e obrigas por ambas partes.

Unha delas é a presenza do logotipo do banco nos soportes físicos da TUI. Outra é que todas as tarxetas, independentemente de se levan ou non servizos financeiros asociados (conta corrente do Banco de Santander) son moedeiros electrónicos válidos para recargar en calquera aparello que o permita, e válidos para pagar en calquera establecemento que admita este tipo de pagamento. Non está vinculado a conta algunha e pódese recargar con diñeiro en metálico. Ninguén pode queixarse de ter este servizo incorporado na TUI pois pertence á tecnoloxía da tarxeta e non está relacionado de ningún xeito coa entidade financeira.

Despois da pasada remodelación do aspecto externo da TUI, non existe diferenza externa entre ter ou non ter servizos financeiros asociados a ela. Precisamente, unificáronse ambos modelos para que o anverso tivera exclusivamente funcións identificativas, pois é a parte da tarxeta que recolle os elementos de identificación: apelidos, nome, documento de identidade, fotografía, colectivo, etc., polo que a Universidade proporciona un elemento de identificación completo e libre de símbolos alleos.

Está dentro das competencias da Universidade decidir se encarga a un terceiro a prestación dun determinado servizo: limpeza, seguridade ou expedición da TUI. Na nosa relación de prestación de servizos se cumpre coa legalidade e coa lei de protección de datos; singularmente, non proporcionamos ao Santander a dirección postal dos usuarios da TUI, salvo que o interesado abra unha conta no

banco e o faga voluntariamente. É por iso que non se lle envía a tarxeta ao seu domicilio, senón que é preciso pasar por un punto de recollida que, por acordo entre ambas partes, é a oficina do campus universitario do banco.

Por último, o reclamante demostra estar ben informado sobre a existencia de dúas modalidades de tarxeta, cita a información que a USC proporciona aos usuarios a través da páxina web e da aplicación de matrícula e sabe reaccionar ante o que considera información sesgada por parte do banco. Cabe deducir que a USC cumpre coa súa obriga de información á comunidade universitaria.

Á vista do exposto, e tendo en conta que con anterioridade téñense presentado queixas análogas á presente, nas que estudantes da USC manifestaban o seu desacordo coa actuación da entidade bancaria na entrega da TUI, suxiro que se modifique o procedemento de distribución da tarxeta de identidade aos estudantes e que se faga a través dos centros da USC.

Q 1102/02

Queixa presentada por un estudante da USC en relación co procedemento de selección de estudantes na convocatoria de prazas de intercambio con destino a Brasil do Convenio Bilateral con Iberoamérica.

Mantívose unha entrevista coa Sra. xerente da USC na que se lle dou traslado da queixa co fin de que se procurara unha solución aos problemas expostos na mesma.

Q 1102/03

Escrito presentado por un estudante da USC en relación co procedemento de selección de estudantes seguido na convocatoria de prazas de intercambio con destino a Brasil do Convenio Bilateral con Iberoamérica.

Análoga á queixa Q 1102/02

Q 1102/04

Presentado un escrito de queixa por un membro da comunidade universitaria en relación coa oferta de cursos de idiomas do Centro de Linguas Modernas (CLM) no Campus de Lugo.

Recibiuse un informe da Dirección do CLM no que se indica:

“No segundo cuadrimestre do presente curso académico non ofertamos cursos de inglés nin no campus de Lugo nin no campus de Santiago.

O Centro de Recursos de Idiomas está pechado dende o comezo deste curso tanto en Santiago como en Lugo.

É certo que a oferta de idiomas é sempre menor no campus de Lugo en comparación co campus de Santiago, pero este balance pode verse reflexado tamén no menor número de estudantes e de facultades no campus lucense.

Sendo conscientes da necesidade de formación en linguas estranxeiras, especialmente en inglés, como resposta á queixa presentada, en colaboración coa dirección do programa PFID, organizamos sesións de conversación en inglés con colaboradores externos, tanto para persoal docente e investigador no campus de Lugo como de Santiago (Código CLM.10ing-03 English conversation sessions, marzo 2011).”

Q 1102/05

Queixa presentada por un estudante en relación cunha resolución do centro pola que se acorda non emitir informe de recoñecemento das materias que tiña cursado na Enxeñaría Técnica en Obras Públicas doutra Universidade por non existir un procedemento específico de adaptación.

O Servizo de Xestión Académica da USC informa que mediante escrito de data 3 de marzo de 2011 trasladoulle ao presentador da queixa o recoñecemento efectuado polo centro.

Q 1102/06

Queixa presentada por estudantes bolseiros de informática dunha residencia universitaria en relación cos servizos de informática da citada residencia.

No informe solicitado, o Sr. xefe da Área de Tecnoloxías de Información e Comunicación da USC indica o seguinte:

“En relación coa comunicación remitida á esta área polo valedor da Comunidade Universitaria con data 28/02/2011, no que se comunicaba a queixa dun grupo de estudantes bolseiros de informática respecto á forma de xestión dos servizos informáticos da Residencia Universitaria Bal e Gay, dende a Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación da USC procedeuse a analizar cada unha dos elementos indicados na queixa, pasando a contestar a cada un deles:

- Respecto ao acceso dende portátil á rede WIFI da USC por parte de persoal visitante, hai que sinalar que para este servizo a visitantes existe a solución EDUROAM, que permite conectarse a calquera visitante doutra universidade utilizando as mesmas credenciais que utiliza na súa institución de orixe, e sen necesidade de solicitar conta algunha na USC. Actualmente este servizo está dirixido a calquera membro da comunidade universitaria: PDI, PAS e alumnos. A lista de institucións adheridas ao programa EDUROAM pode consultarse no enderezo <http://www.eduroam.org/> .
- Si é certo que, por motivos de seguridade, a normativa sobre utilización das tecnoloxías da información e das comunicacións na USC (da que foi aprobada a súa última redacción en Consello de Goberno o 16 de novembro de 2010) restrinxe o uso dos sistemas informáticos corporativos en xeral (aulas de acceso libre, Secretaría Virtual...) a usuarios sen credenciais, agás nos servizos habilitados a tal efecto como pode ser o caso EDUROAM antes mencionado. Esta forma de traballar ven determinada polo obrigado cumprimento por parte da USC da esixente normativa vixente en materia de seguridade dos sistemas de información, en concreto o "Real Decreto 3/2010, de 8 de enero (BOE de 29 de enero), por el que se regula el Esquema Nacional de Seguridad", e a "Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal" e o seu regulamento correspondente. En ambos casos esíxese que as organizacións teñan en todo momento identificados aos usuarios no acceso a calquera sistema físico ou tóxico de información da organización.

- Non obstante, dende ATIC coñecemos as necesidades de poder ofrecer determinados servizos a usuarios recién chegados e sen credenciais de acceso USC. Neste sentido, estamos traballando en iniciativas europeas semellantes a EDUROAM, pero que se poidan aplicar a outros ámbitos e servizos (acceso á Secretaría Virtual, etc.). En concreto, a USC a través de ATIC participa nunha experiencia a nivel europeo denominada STORK, que permitirá a visitantes doutras universidades acceder aos servizos TIC da USC facendo uso das súas credenciais de orixe. Cando este proxecto se concrete nun servizo que se poida ofrecer aos visitantes, daráselle a correspondente publicidade.
- Respecto a dar permisos de agregación de equipos en dominio, criterios de seguridade desaconsellan actualmente ofrecer esta posibilidade. Non obstante, dende ATIC analizaremos solucións alternativas que non contraveñan os requirimentos de seguridade.
- Calquera solicitude de autenticación do proxí tamén responden a medidas de seguridade esixibles á Universidade pola lexislación antes mencionada. Por outra banda, a solicitude de autenticación é única por sesión de aplicación.
- Finalmente, respecto da mellora da cobertura da rede WIFI, o actual escenario orzamentario fai imposible á ATIC asumir todas as ampliacións da rede para mellora da cobertura, xa que supoñen un importante investimento para o que non temos dispoñibilidade. Non obstante, logo da análise dos nosos técnicos, e sempre que a Residencia asuma o custe dos traballos de cableado, a área comprométese a subministrar e asumir o custe dos 4 equipos WIFI que solventarían as deficiencias. A este respecto, os responsables de rede ATIC en Lugo e Santiago están informados e a actuación queda á espera da aceptación do custe dos traballos de cableado por parte da Residencia.”

Q 1103/01

Presentados distintos escritos de queixa por estudantes da USC en relación co procedemento de selección de alumnos para a obtención de bolsas Erasmus.

Mantívose unha entrevista coa Sra. xerente da USC na que se lle deu traslado das queixas co fin de que se lle procurara unha solución aos problemas expostos.

Q 1103/02

Presentado escrito de queixa por unha estudante en relación coa información da oferta académica da licenciatura que se facilita aos estudantes.

O Sr. decano no seu informe indica:

1. Tal como a alumna indica, o plano de estudos da Licenciatura contempla a necesidade de facer 6 créditos optativos entre as materias ofertadas de primeiro ciclo como optativas.
2. Ven sendo recorrente o erro na matrícula dalgúns estudantes, dado que a información que figura na páxina web da USC e a información que se lles facilita no COIE, non é totalmente precisa en comparación á que figura no libro de matrícula para este plano de estudos.
3. Coñecedores desta incidencia dende hai máis de cinco anos, tanto os directores do departamento como o decano do centro, veñen facendo sesións informativas ao final do segundo curso da licenciatura para os alumnos que pasan a terceiro co obxecto de que coñezan en detalle as peculiaridades do seu plano. Información que ademais tamén se lle facilitaba ao inicio dos seus estudos no Centro.
- 4, En casos como o presente, o Centro e os profesores implicados na docencia na Licenciatura, sempre poñen a súa mellor disposición para solventar un problema ao que é totalmente alleo o Centro.
5. No día de hoxe, mantívose unha entrevista cunha alumna que nos presentou o mesmo problema e que, tal como se di no punto anterior, quedou resolto poñendo todos os medios para que se matricule nunha materia optativa e a poida cursar sen que iso supoña unha interferencia na súa programación para este ano 2011.
6. Por último, en relación coa indicación que fai a estudante sobre a imposibilidade de facer 72 créditos exactos para acadar a Licenciatura en materias optativas, é necesario recordar que no plano de estudos da Licenciatura existe a posibilidade de matricularse a través de Traballos Academicamente Dirixidos en créditos optativos.

Á vista do expresado polo Sr. decano envíase á Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao un escrito solicitando que adopte as medidas que considere oportunas para intentar que non sigan a producirse situacións como a que motiva a queixa.

A Sra. vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao da USC remitiu un escrito no que indica que:

“Á vista do exposto nos informes solicitados ao Director da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación e á Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, adoptaranse as medidas necesarias para que a programación web que se ofrece aos alumnos sexa correcta.”

Q 1103/03

Queixa presentada en relación coa imposibilidade de realizaren exames en galego en determinadas materias.

No informe que lle foi solicitado a Sra. decana da Facultade indica o seguinte:

En relación coa solicitude de informe sobre os feitos que motivaron o citado expediente de queixa, infórmolle que:

1.- Pidiuse ás profesoras encargadas das materias aludidas na queixa, que fixesen chegar ao Decanato a súa descrición das circunstancias dos exames referidos e, de ser o caso, evidencias sobre a posibilidade ofertada ao alumnado de realización das probas en galego.

2.- As tres profesoras afirmaron ter por norma ofrecer ao alumnado a posibilidade de realizar os exames en galego e que así o fixeron na convocatoria referida na queixa. As profesoras depositaron no Decanato copias dos exames elaborados para a dita convocatoria, na súa versión en idioma galego. A profesora coordinadora dunha materia, entregou tamén copias de diversos materiais docentes publicados en galego para os/as alumnos/as. Achéganse estes documentos ao presente informe.

3.- Dúas das profesoras argumentaron por escrito a inexactitude da queixa. Achéganse, tamén, copias destes escritos.

4.- Non constan no Decanato, ata o presente, incidencias referidas ao motivo da queixa.

Este informe ven acompañado da seguinte documentación:

- Exemplares en galego dos exames das tres materias correspondentes ao primeiro cuatrimestre do curso 2010/2011.
- Programa e unha unidade didáctica en galego correspondente a unha das materias.

Á vista do anterior considero que nas materias facilítase que os estudantes poidan facer uso da lingua galega nas probas de avaliación.

Q 1103/04

Queixa presentada por un estudante de Grao en relación co non recoñecemento dun curso de verán.

Enviouse o seguinte informe:

- O artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 indica:

Art.: 12.8. De acuerdo con el artículo 46.2.i) de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre de Universidades, los estudiantes podrán obtener reconocimiento académico en créditos por la participación en actividades universitarias culturales, deportivas, de representación estudiantil, solidarias y de cooperación hasta un máximo de 6 créditos del total del plan de estudios cursado.

- O *Acordo do Consello de Goberno de 04/07/2008* é a normativa aprobada pola Universidade de Santiago de Compostela que regula que actividades e competencias transversais (*actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación*) se poden recoñecer para os estudos de Grao ao abeiro do art. 12. 8 do Real Decreto 1393/2007.

- No mencionado Acordo do Consello de Goberno a actividade realizada por vostede non se atopa entre as recoñecidas pola USC para os estudos de Grao.

Por iso, considérase que a USC actuou conforme á normativa que ten aprobada ao non recoñecer dita actividade para os estudos do Grao, e dase por rematado o procedemento de tramitación da presente queixa.

Q 1104/01

Escrito de queixa presentado por estudantes dun Máster Oficial da USC en relación co incumprimento da programación docente.

A Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao enviou o seguinte informe:

En relación á queixa nº Q 1104/01 relativa a un escrito presentado por estudantes do Máster oficial polo incumprimento da programación docente de dito máster infórmolle de que:

1. Falei co coordinador do máster, recomendándolle que a información que se ofrece do máster debe axustarse ás posibilidades reais de realización das prácticas por parte do alumnado.
2. Á vista desta queixa dende esta vicerreitoría procedeuse a solicitar a todos/as os/as coordinadores/as de másteres a publicidade que queren facer para supervisar que esta se axusta á oferta real. Achego unha copia do correo electrónico no que se solicitaba esta información aos/ás coordinadores/as de másteres:

Dado que se está a proceder á elaboración e difusión publicitaria da oferta de másteres da USC para o vindeiro curso académico, pregaríalle que con carácter previo á difusión da publicidade nos faga chegar a esta Vicerreitoría a información detallada que se vai ofrecer con relación ao máster que coordina.

Por outra banda, se no marco dese máster se prevé a realización de prácticas polos alumnos, pregaríalle tamén que nos faga chegar a información precisa sobre a viabilidade desa oferta de prácticas, tanto dende o punto de vista académico como dende unha perspectiva económica.

Q 1104/02

Presentado escrito de queixa por unha profesora asociada (L.R.U.) no que manifesta o seu desacordo co procedemento seguido polo departamento para a adopción do acordo de non emitir informe favorable do seu labor docente para a tramitación da súa petición de prórroga de contrato.

A Sra. vicerreitora de Titulacións e Persoal Docente e Investigador enviou o seguinte informe:

- 1.- En relación ao expediente, como xa se lle informou á interesada e ao Departamento, os informes son preceptivos e non vinculantes.

- 2.- O dito contrato foi prorrogado ata o 2 de maio do curso presente, data en que os contratos administrativos por mandato da LOMLOU se extinguirán.

Q 1104/03

Queixa presentada por unha persoa que foi membro do P.A.S. da USC en relación coa demora na expedición dunha certificación.

A Xerencia da USC indicou o seguinte:

O presentador da queixa causou baixa nun contrato de obra e servizo determinado o pasado día 28 de febreiro de 2011.

Non hai constancia na sección de xestión de persoal da Vicexerencia de que o traballador teña formulado solicitude de que se lle emitise certificado de empresa para tramitación de prestación por desemprego, con anterioridade ao día 8 de abril.

O traballador dirixiuse a esta sección o pasado venres 8 de abril, a primeira hora da mañá (en torno as 10 horas), para poñer no noso coñecemento que se tiña dirixido ao INEM a tramitar a prestación por desemprego e foi informado de que non era posible facer o trámite pois a Universidade non tiña emitido o correspondente certificado de empresa.

Por parte desta sección procedeuse a comprobar que non houbo solicitude anterior do traballador, e a chamar á unidade encargada de emitir o certificado (Acción Social- Servizo de Xestión de Persoal en Santiago) para que este fose emitido.

O certificado de empresa foi emitido e enviado por vía telemática ao INEM o mesmo día 8 pola mañá.

INFORME:

Os certificados de empresa para xestionar as prestacións por desemprego emítense previa petición dos interesados. Esta petición, que a maioría das veces é formulada verbalmente, tramítase no mesmo momento polo sistema de enviar un correo electrónico a Unidade de Acción Social a Santiago no que se solicita a emisión deste certificado.

Os correos electrónicos enviados arquivanse cunha dobre finalidade:

Ao ser verbais as solicitudes, para deixar algunha constancia de que estas se teñen formulado.

Ter constancia da data da petición, por se os certificados non se emiten en prazo. Isto facilita as comprobacións internas para detectar as causas da non emisión e subsanalas.

Nestes momentos os certificados deixáronse de emitir en papel e remítense por vía telemática directamente ao INEM. Esta informatización do trámite non supón a supresión do requirimento da solicitude do interesado, xa que o envío ao INEM destas certificacións supón facilitar a unha administración distinta da universitaria datos persoais e profesionais dos traballadores.

Q 1104/04

Escrito presentado por unha alumna de Terceiro Ciclo referido ao procedemento de recadación extraordinaria que por falta de pagamento dos prezos públicos de matrícula se ten iniciado.

O Servizo de Xestión Académica informa das causas polas que se denegou a solicitude que motiva a presente queixa.

Q 1105/01

Escrito de queixa presentada por unha estudante en relación co procedemento de sinatura de actas dos Proxectos Fin de Carreira do presente curso 2011 na titulación que cursa.

Recibíronse informes da Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador e da Dirección do Centro nos que se indica que:

“Detectada a incidencia procedeuse a dar as instrucións pertinentes ao centro e foi arraxada de inmediato de forma que as actas foron asinadas.”

“O problema ao que fai referencia o escrito xa foi resolto o pasado luns 2 de maio cando dende o centro remitiuse un escrito á UXA indicándolle que profesores deberían figurar nas actas das materias de Proxecto Fin de Carreira correspondentes á convocatoria de abril de 2011.”

Q 1105/02

Queixa presentada por unha profesora titular en relación coa antigüidade que lle reconece a USC e os criterios que se aplican para o recoñecemento da mesma. No escrito expón:

- Que a Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador remitiu ao Departamento un documento no que figura a antigüidade de cada un dos seus membros. Nese documento figuro cunha antigüidade de 103 días na miña categoría, a mesma que a que presenta D. ..., xa que ámbolos dous tomamos posesión como Profesores Titulares de Universidade o día 17 de xaneiro de 2011. Sen embargo nese documento aparezo ordenada con menor antigüidade que o mencionado compañeiro.

- Realizada a consulta pertinente na Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador, me indican que por aplicación do criterio 1 b) da Normativa sobre o Criterio de Antigüidade do Persoal Docente e Investigador para efectos internos na USC (Aprobado polo Consello de Goberno de 22 de Xullo de 2004) e que di "...En segundo lugar terase en conta o tempo de permanencia na USC dentro da categoría ou categorías integradas nun mesmo grupo de prelación...". este criterio non resulta suficiente para discernir cal destas dúas persoas ten unha maior antigüidade na USC, posto que tomaron posesión da súa praza como Profesores Titulados de Universidade o mesmo día.

- Que segundo a Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador o seguinte criterio de prelación a aplicar, recollido no apartado 1c) da mencionada normativa e que di : "c) No caso de que os anteriores criterios fosen insuficientes para

determinar a respectiva antigüidade de dous ou máis membros do PDI, terase en conta a permanencia como docente na USC....". non pode ser aplicado posto que a miña vinculación anterior como Contratada Isidro Parga Pondal dende o 3 de outubro de 2005 como a de Contratado Ramón y Cajal do Profesor non son consideradas "figuras de Persoal Docente". Que polo tanto segundo a Vicerreitoría pasa a ser de aplicación como criterio de prelación a data de lectura de tese.

- Que a Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador non está a aplicar correctamente a mencionada Normativa sobre o Criterio de Antigüidade do Persoal Docente e Investigador para efectos internos na USC, posto que no seu apartado 2 recóllese que a mencionada normativa debера ser aplicada a tódalas figuras de Persoal Docente e Investigador recollidas e especificadas nese apartado 2. Máis concretamente nese apartado 2, punto 3, recóllese claramente que un dos grupos de Persoal Docente e Investigador aos que aplicar esa normativa son "Os investigadores contratados ao abeiro do programa Ramón y Cajal, Parga Pondal ou outros equivalentes...". Polo tanto esas figuras son, a efectos da mencionada Normativa, Persoal Docente e Investigador.

Polo tanto, neste caso debe ser considerada a miña vinculación como Persoal Docente e Investigador dende o 3 de outubro de 2005 a través dun contrato Isidro Parga Pondal, á hora de calcular a miña antigüidade na USC.

- Que durante a miña vinculación como contratada Isidro Parga Pondal levei a cabo tarefas docentes durante máis de cinco anos, tal como me ten certificado a propia Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador. Resulta a todas luces contradictorio que a mesma Vicerreitoría que certifica que levei a cabo actividades docentes durante cinco anos, neste caso non considere ese período como actividade docente, cando elixín POD, impartín docencia e mesmo asinei as actas. E cando elixín POD o fixen sempre antes que o Prof. ..., dada a miña maior antigüidade como Contratada Isidro Parga Pondal. Non pode ser que para algunhas cousas un sexa un docente e para outras non.

- Que a miña actividade docente no período como contratada Parga Pondal tamén inclúe a dirección de dúas Teses de Doutoramento e de varios Proxectos de Tese en curso. Todas estas actividades Docentes recibiron non só a valoración global positiva do Departamento ao que pertenzo ou dos centros na que foi impartida, senón tamén a Valoración Global Positiva da Actividade Docente expedida polo reitor da USC, máis o Diploma en Docencia Universitaria. Ademais pola miña actividade docente nese período recibín as acreditacións da ANECA para as figuras de Profesor Contratado Doutor e Profesor Titular de

Universidade. Se non fose tamén un docente, ¿podaría ter recibido tales acreditacións?

- Tamén resulta sorprendente que a Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador si considere ese período como actividade docente e me recoñeza que teño un trienio e a punto de conquistar o segundo. Ademais, por ter sido contratada Isidro Parga Pondal e nese período ser docente poderei solicitar o recoñecemento da miña labor docente (quinquenio) cando se abra o prazo para elo.

- Teño que dicir que outras instancias da USC como a Xerencia si se considerou ese período como Contratada Isidro Parga Pondal á hora de calcular a miña antigüidade na USC, como por exemplo para as Eleccións Sindicais celebradas neste ano 2011 para as que fun Secretaria Suplente na Mesa de Persoal Funcionario, cunha antigüidade que si recolle o meu período como contratada Isidro Parga Pondal: 63,95 meses, que inclúen 5 anos e 3 meses como Contratada Parga Pondal posto que tomei posesión como Profesora Titular de Universidade o día 17/1/2011). Son unha figura distinta e teño unha antigüidade diferente dependendo do Órgano colexiado da USC implicado? Máis aínda, teño unha antigüidade distinta como Persoal Docente e Investigador na propia Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador dependendo para qué? Non debера ser así.

- Que gañei o concurso da miña praza como Profesora Titular de Universidade días antes que o Prof. ... e foi a Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador a que decidiu retrasar a publicación do meu nomeamento no BOE como profesora Titular de Universidade, por causas alleas á miña vontade. Este feito, que pode parecer sen importancia, podería causarme un grave prexuízo, posto que fai que unha persoa que iniciou a súa vinculación contractual coa USC tres meses máis tarde ca min, e que gañou a praza días despois de min, sexa considerada máis antiga ao non ser aplicado o criterio de prelación indicado.

É por iso que,

SOLICITO

- Que o Valedor do Estudante e da Comunidade Universitaria faga as xestións pertinentes para que a Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador aplique correctamente a Normativa sobre o Criterio de Antigüidade do Persoal Docente e Investigador para efectos internos na USC.

- Que se me aclare porque teño unha antigüidade diferente como Persoal Docente e Investigador dependendo do órgano colexiado da USC e incluso dentro do mesmo órgano colexiado.

A Sra. vicerreitora de Persoal Docente e Investigador remitiu o seguinte escrito onde se recollen os motivos que xustifican dita actuación:

“1. O artigo 17.e, en correspondencia, a disposición adicional cuarta dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro (DOG do 9 de febreiro de 2004), establecen o criterio a ter en conta para determinar a antigüidade do persoal docente e investigador para efectos internos na USC.

2. O Consello de Goberno na súa sesión de 22 de xullo de 2004 aprobou a Normativa que desenvolve este criterio de antigüidade do PDI recollido nos Estatutos para a súa aplicación uniforme nos procesos internos nos que sexa preciso.

3. En aplicación desta Normativa, para determinar a antigüidade por área considérase en primeiro lugar a prelación de corpos e categorías establecida nos Estatutos (apdo. 1.a da Normativa), en segundo lugar o tempo de permanencia na USC dentro da categoría ou categorías integradas no mesmo grupo de prelación dentro dos que fixa a Normativa (apdo. 1.b da Normativa), e no caso de que isto fose insuficiente recorreríase ao apartado 1.c da Normativa, que di textualmente:

"c) No caso de que os anteriores criterios fosen insuficientes para determinar a respectiva antigüidade de dous ou máis membros do PDI, terase en conta o tempo de permanencia como docente na USC. Se fose idéntico considerarase máis antigo quen teña o grao de doutor, e se o tivesen ambos, o de maior idade."

4. Conforme ao anterior, e respecto ao seu caso, resultan insuficientes os apartados 1.a e 1.b da Normativa, sendo preciso recorrer ao apartado 1.c. Neste sentido este apartado é claro á hora de determinar o tempo de permanencia na USC que se terá en conta para o desempate, e este é o tempo de permanencia como docente, non cabendo, polo tanto, a posibilidade de computar neste período o tempo como investigador ao abeiro dos Programas Ramón y Cajal e/ou Parga Pondal, pois a docencia impartida neses programas non o é en calidade de docente, senón en calidade de investigador ao que o seu contrato lle abre a posibilidade de impartir docencia.

Cuestión distinta é que estes investigadores estean contemplados dentro dun dos grupos nos que se clasifican os corpos e categorías na Normativa sobre o criterio de antigüidade de PDI, entre outras cousas, porque poden participar do POD do departamento e se lles pode asignar docencia; sen embargo, a Normativa, para o desempate, considera unicamente a permanencia nas figuras docentes, e de ser unha permanencia igual, como no caso que nos ocupa, esixe recorrer á posesión do grao de doutor, e se o tivesen as persoas empatadas, a quen teña maior idade.

5. Ao respecto do que di a solicitante de que a USC si lle recoñece a antigüidade como contratada na USC a outros efectos, tales como trienios, eleccións sindicais,..., debemos ter en conta que o concepto de antigüidade é un concepto polisémico e o tempo de servizos prestados que se inclúe varía en función da súa aplicación a uns determinados procedementos ou outros: acceso, provisión, trienios, promoción interna, quinquenios, sexenios,....

6. Por último, en relación ao seu nomeamento como profesora titular de universidade no BOE, non é a vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador a que retrasa o nomeamento das persoas propostas polas respectivas comisións de selección. O envío ao BOE, basicamente por xestión de recursos, adoita facerse semanalmente e é o propio BOE en base á súa dinámica e prazos internos o que xestiona a publicación.”

Q 1105/03

Escrito presentado por unha estudante en relación cos problemas xurdidos para efectuar a matrícula e defensa da súa memoria de licenciatura. No esmo expón o seguinte:

Eu estudei a miña carreira na Universidade Complutense de Madrid, e agora estou a facer o doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela. Realicei unha memoria de licenciatura, tamén chamada tesíña, e tiña prevista a súa lectura ante o tribunal a semana próxima, concretamente para o día 26 de Maio. Sen embargo, esta non foi admitida a trámite na Unidade de Xestión Académica porque o mérito da memoria de licenciatura está vinculada ao meu expediente da licenciatura, polo que a Unidade de Xestión Académica solicita que se realice un traslado do meu expediente de forma temporal dende a

Universidade Complutense para engadir o meu mérito e logo devolvelo á miña universidade de orixe. Ata aquí se trata de trámites administrativos rutinarios. O problema xurde cando na miña Universidade de orixe, a Complutense de Madrid, me din que non me facilitan este trámite. O que argumentan é que eu xa rematei a carreira polo que o traslado de expediente non ten lugar, e que alí fai anos que non fan memorias de licenciatura, polo que non poden engadir algo no meu expediente que para eles "non existe". Así que non me dan acceso ao traslado de expediente e a miña memoria de licenciatura non é admitida a trámite.

A Secretaría Xeral informa da imposibilidade de resolvelo problema que motiva a queixa.

Q 1105/04

Escritos de queixa presentados por nove estudantes en relación coa súa exclusión das probas de competencia lingüística organizadas polo Centro de Linguas Modernas da USC.

No informe recibido da Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador da USC indícase que:

“Este ano (a diferenza dos anteriores) están previstas dúas convocatorias oficiais para a acreditación de competencias lingüísticas:

- unha primeira para os alumnos dos graos (xa convocada)
- e unha segunda (que se convocará en breve) para os alumnos das licenciaturas que queiran acceder aos máster (terá lugar na primeira semana de setembro e estará resolta antes do peche de matrícula). Nesta convocatoria terán prioridade os alumnos das licenciaturas da USC para facilitar o acceso aos máster.

A razón de establecer dúas convocatorias responde ao incremento de demanda que fai necesario organizar as avaliacións garantindo a todos os alumnos que teñan posibilidade de ser avaliados antes do peche de prazos de matrícula.

Na web do CLM teñen un aviso ao respecto, indicando que en setembro haberá outra convocatoria.”

Q 1106/01

Foi presentado un escrito de queixa por un membro do Persoal Docente e Investigador en relación co Programa de Formación e Innovación Docente no que expón:

- Que no Curso de Inglés Xurídico ofertábanse 15 prazas, e quedaron 6 prazas vacantes.
- Que fixo a preinscrición no Curso e a matrícula foi admitida mediante escrito do 5 de maio de 2011.
- Que con posterioridade, cando xa levaba cursado un 50% do curso se lle comunica, con data 19 de maio a anulación da súa matrícula fundamentada en que o 10% de prazas reservadas a Plan Noveis estaba cuberto a pesares de quedar prazas vacantes.

Non se ten recibido resposta.

Q 1106/02

Presentado un escrito de queixa por unha estudante do Campus de Lugo en relación cos problemas xurdidos para o envío de documentación ao Consello Social a través dos servizos do campus.

O informe solicitado á Secretaría Xeral expón que:

“- Feitas as consultas pertinentes á Xefa do Rexistro do Campus de Lugo, parece que cando se fixo cargo do Rexistro lle foi transmitido verbalmente pola súa predecesora que non era competencia do Rexistro facer ningunha xestión co Consello Social.

- O Consello Social é un órgano colexiado da USC e o Rexistro do Campus de Lugo ten consideración de Rexistro Xeral polo que calquera escrito presentado dirixido a este órgano debe ser obxecto de rexistro.

- Notificouse ao persoal do Rexistro de Lugo que é unha obriga deste órgano rexistrar este tipo de documentos así como facer as compulsas de documentos que se acheguen coa solicitude.

- Así mesmo, dende a Secretaría Xeral, remitírase unha instrución clara e detallada que recolla estes aspectos para evitar calquera tipo de interpretación errónea.

- Como na análise da reclamación presentada pola usuaria afectada , cita a algunha das seccións da UXA de Lugo, procédese a informar ao Xefe da Unidade para que coide que estes feitos non se volvan a producir.

Por todo elo, a usuaria afectada ten motivos para ter presentado este escrito de queixa e permitiu detectar un erro que se estaba a producir sen ter coñecemento do mesmo, polo que procede pedir desculpas por non prestar o servizo correctamente.”

Q 1106/03

Queixa relacionada coa avaliación dunha materia.

O Sr. decano informa que se seguiu o procedemento establecido na Normativa para articular os procedementos extraordinarios de avaliación e para revisión de cualificacións, e o tribunal encargado da revisión acordou modificar a cualificación da materia e outorgarlle un Aprobado (6.1), polo que se da por rematada a tramitación da presente queixa.

Q 1106/04

Escrito de queixa presentado por unha representante da organización estudantil COMITÉS no que se expón o seguinte:

“A miña absoluta indignación perante a aprobación da nova Normativa de Permanencia, aprobada no Consello de Goberno do pasado mércores 15 de xuño de 2011.

Por unha banda, esta normativa vai en contra do disposto no artigo 5 do Estatuto do Estudantado da USC e do artigo 38.d) do Estatuto da USC. Neles, recóllese o dereito "a ser avaliada/o obxectivamente no seu rendemento académico", asemade, os artigos 27 e 28 do Estatuto do Estudantado recollen como medios

de avaliación, entre outros, a realización dun exame; polo que interpretando o mentado anteriormente, fica demostrado que sen a realización dun exame, ou calquera outro medio, non podes ser avaliada/o, xa que a persoa encargada descoñecerá o teu rendemento académico.

Por outra banda, o documento aprobado no Consello de Goberno, pecando dun paternalismo inxustificado, obriga a todas e todos os estudantes a matricularse das materias suspensas do curso anterior no curso seguinte, sen ter en conta a elevada carga que isto pode supor á ou ao estudante, así como a dificultade que poden ter as e os mesmos para compatibilizar os horarios.

Cómpre tamén denunciar o trato que recibe o Traballo de Fin de Grao, que pasa de ser unha materia máis do último curso, a unha que só se pode superar se tes aprobadas o resto de materias da titulación. Isto impide poder rematar a carreira en xuño, polo que, no caso de non superar a materia en xullo, as e os estudantes veríanse na obriga de formalizar unha nova matrícula, co seu correspondente desembolso, para o vindeiro curso.”

No informe solicitado ao respecto á Secretaría Xeral da USC indícase que:

a) Con carácter previo á contestación da queixa procede salientar que a normativa citada non está en vigor, por canto require a súa tramitación previa no Consello de Universidades, aprobación polo Consello Social e publicación no DOG. Dado que ningún destes trámites se cumpríu, non procedería a admisión a trámite dunha queixa sobre unha simple proposta de normativa.

b) En segundo lugar, cómpre indicar que a Normativa de Permanencia se presentou xunto coa outra (Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións) que é moi favorable aos intereses dos estudantes ao recoller, os contidos e publicidade da programación docente, o réxime e criterios de avaliación, os procedementos de avaliación e o sistema de revisión das cualificacións. Así mesmo se recollen sistemas de avaliación extraordinarias e sistemas específicos para plans de estudio en proceso de extinción. Ambas normativas deben complementarse establecendo para os alumnos garantías dunha avaliación obxectiva dos seus coñecementos, capacidades, habilidades e competencias.

c) En terceiro lugar cómpre sinalar que ambas normativas foron presentadas, antes da súa presentación ao Consello de Goberno, aos axentes implicados (Servizos, Decanos...) e entre eles as asociacións estudiantís, sen que fixeran ningunha suxestión sobre o seu contido.

d) Respecto ao contido da queixa, procede salientar:

- En ningunha normativa se recolle que o único sistema de avaliación sexa a realización de exames. O propio artigo 27 citado de contrario sinala que "Os procedementos de cualificación deberán consistir nalgún ou varios dos seguintes: a) Participación activa e individualizada nas actividades teóricas, seminarios, traballos levados a cabo ou prácticas programadas, b) Exames parciais que, de existir, poderán ter carácter liberatorio. c) Exames finais. d) Outros medios obxectivos de avaliación da actividade académica. No caso de estudantes con discapacidades, deberá facilitárselle-la realización de probas ou exames en condicións axeitadas ás súas capacidades."

- O Estatuto do Estudante (Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro) sinala que "La evaluación del rendimiento académico de los estudiantes responderá a criterios públicos y objetivos y tenderá hacia la evaluación continua, entendida como herramienta de corresponsabilidad educativa y como un elemento del proceso de enseñanza-aprendizaje que informa al estudiante sobre su proceso de aprendizaje. La evaluación se ajustará a lo establecido en los planes docentes de las materias u asignaturas aprobados por los departamentos." É evidente que coa implantación do EEES mudouse o sistema de ensino-aprendizaxe, e que os créditos dos plans de estudos recollen o traballo e o esforzo dos estudantes na superación da materia, polo que os sistemas de avaliación deben axustarse a este novo sistema de avaliación continua.

- Os estudantes deben seguir o programa de estudos conforme foi deseñado para que poidan seguir os estudos conforme foron programados. Deste xeito, para poder aproveitar determinadas materias de cursos superiores deben ter os coñecementos ou competencias das materias que deben ser cursadas previamente. Os Plans de estudos non son unha superposición de asignaturas, senón que responden a unha programación ordenada no tempo, e sen que o plan de estudos poida "autoconfigurarse" polo alumnado.

- Ao mesmo tempo a USC ten fixada unha carga ordinaria de 60 ECTS e unha carga máxima de 75 ECTS que é o que entende que podería superar un alumno en condicións de alto rendemento. Para os casos de baixo rendemento a USC ten prevista a modalidade a tempo parcial de 30 ECTS.

- Respecto a compatibilidade de horarios, o artigo 1 da Normativa de Avaliación contempla que antes da matrícula os alumnos xa teñan coñecemento da programación académica e do calendario de exames, garantindo que as

probas oficiais de carácter global non coincidan en data e hora no mesmo curso e que os centros deberán regular o procedemento para garantir o dereito do alumnado a non coincidencia das probas oficiais de materias correspondentes a cursos diferentes en día e hora.

- Respecto ao Traballo de Fin de Grao, cómpre indicar:
 - o Que conforme ao artigo 12 do Real Decreto 1393/2007 non se trata dunha materia máis do Plan de estudos.
 - o O citado Real Decreto 1393/2007 establece que os estudos de grao "concluirán con la elaboración y defensa de un trabajo de fin de Grado", "El trabajo de fin de Grado tendrá entre 6 y 30 créditos, deberá realizarse en la fase final del plan de estudios y estar orientado a la evaluación de competencias asociadas al título", polo que se trata de avalar os coñecementos adquiridos ao longo do plan de estudos.
 - o A Normativa de Permanencia non introduce ningún aspecto novidoso respecto ao xa existente: A regulación do TFG figura na Resolución reitoral do 18/05/210.
[http: / /www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/R R Traballo Fin de Grao.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/R_R_Traballo_Fin_de_Grao.pdf)
 - o Tal e como se recolle nesta resolución, os alumnos teñen unha única convocatoria e unha única oportunidade pero poden presentar o TFG en xullo, setembro e febreiro. Só no caso de non superar o TFG ou non presentarse ao mesmo deberían formalizar unha nova matrícula no curso seguinte. Polo tanto é incerto o contido da queixa, xa que se o alumno supera as materias na oportunidade de recuperación de xullo podería presentar o TFG en setembro, sen necesidade de formalizar nova matrícula.

En conclusión,

- a) A Normativa sobre a que se presenta a queixa non está aprobada, polo que non debería proceder unha queixa sobre un proxecto normativo.
- b) Tampouco se aprecia que o contido da queixa afecte á defensa e á garantía dos dereitos e liberdades dos estudantes, tal e como esixe o Estatuto do Valedor.
- c) É competencia da Universidade establecer os procedementos de verificación dos coñecementos dos estudantes e das normas que regulen o progreso e permanencia na Universidade dos estudantes, conforme o artigo 46. 3 da LOU.
- d) A Normativa foi obxecto de consulta ás organizacións estudantís, sen que

formularan obxeccións á mesma.

e) A queixa non ten en conta outras normativas complementarias que é onde se regulan as cuestións suscitadas pola persoa que presenta a queixa.

Á vista do presente informe e con carácter previo considero conveniente indicar o seguinte:

- a) a queixa ven motivada por un acordo do Consello de Goberno que é o órgano ordinario de goberno da universidade, ámbito de actuación do Valedor da Comunidade Universitaria. Agardar a que a normativa sexa publicada no DOG prantexa algunhas dúbidas en canto á competencia do Valedor xa que terían actuado instancias extrauniversitarias, e menos dúbidas en canto á eficacia da actuación.
- b) a consideración de si a normativa aprobada afecta ou non aos dereitos e liberdades dun sector dos membros da comunidade universitaria é competencia do Valedor da Comunidade Universitaria, quen para iso recadará os informes e asesoramentos que considere necesarios.

No que se refire á normativa que motiva a queixa considero que foi elaborada e aprobada polo Consello de Goberno da USC en uso das competencias que ten atribuídas.

Non obstante quero poñer de manifesto que ao meu entender a nova normativa representa un cambio profundo con respecto á normativa e aos procedementos que son habituais na USC dende fai moito tempo. Os cambios normativos afectan non só ao réxime de permanencia, non existente ata o momento, senón tamén ao xeito en que os estudantes van a programar os seus estudos, e ao seu expediente académico. Só admitindo este feito estaremos en condicións de tomar as medidas necesarias para corrixir as consecuencias non previstas que poidan derivarse da aplicación da nova normativa.

Unha das modificacións que terá máis repercusión é a desaparición do *Non Presentado*. Por unha parte esta modificación establece directamente o réxime de permanencia dos estudantes, e será unha responsabilidade da universidade conseguir que afecte a unha mínima porcentaxe de estudantes. Pero por outra parte afecta ao expediente académico da gran porcentaxe de estudantes que ata o momento

acumulaba ao longo dos seus estudos varias cualificacións de *Non Presentado*. Coa nova normativa estas cualificacións serán de suspenso, e por tanto a nota media do seu expediente final será diferente da que terían coa actual normativa. Se ben este cambio non afectará a convocatorias, como a de bolsas de estudos, nas que a existencia se basea na superación dunha porcentaxe determinada dos créditos cursados, si afectará a convocatorias competitivas nas que o criterio de adxudicación sexa a media do expediente académico. Este cambio é especialmente importante se as outras dúas universidades do SUG non modifican a normativa.

Ao longo do curso académico poden sobrevir situacións que fagan que un estudante se vexa obrigado a deixar de cursar unha ou varias das materias das que estea matriculado, aínda que ata ese momento o fixera cun bo aproveitamento, ou ben que os resultados lle aconsellen abandonar unhas materias en beneficio doutras. Esta circunstancia agrávase tendo en conta que coa actual norma o prazo no que se pode anular a matrícula das materias a cursar no segundo cuadrimestre remata o 14 de outubro, polo que un estudante non podería anular materias á vista dos resultados do primeiro cuadrimestre. En todos estes casos a única cualificación posible sería a de suspenso.

No que respecta á compatibilidade de horarios, a conxunción da obrigatoriedade de matrícula nas materias suspensas e da obrigatoriedade de asistencia a determinadas actividades académicas, é previsible que ocasione serias dificultades na elaboración dos horarios dos centros, e mesmo que nalgúns casos faga imposible o cumprimento.

O informe da Secretaría Xeral xustifica a obrigatoriedade de matrícula nas materias suspensas porque “...os estudantes deben seguir o programa de estudos conforme foi deseñado...” de xeito que “...para poder aproveitar determinadas materias de cursos superiores deben ter os coñecementos ou competencias das materias que deben ser cursadas previamente”. É dicir, que non todas senón determinadas materias requiren coñecementos previos, e lóxicamente este requirimento non inclúe todas as materias dos cursos anteriores senón só as que deben ser cursadas previamente. Hai que estar de acordo en que un plano de estudos non é unha superposición de materias, e que non debe ser autoconfigurado na súa totalidade polo estudante, pero os requirimentos previos que teña unha materia, de telos, son específicos dela, e cada plano de estudos ten as súas características propias e diferenciadas. Por iso debe ser o plano de estudos o que estableza os coñecementos

previos que, de selo caso, se consideren necesarios para cursar unha materia, e non establecerse con carácter igualitario para tódalas materias e planos de estudos a través dunha normativa xeral.

Admitindo que algunhas das cuestións prantexadas poidan ser facilmente resoltas, ou mesmo non considerarse problemas, é seguro que outros membros da comunidade universitaria prantexarán outras posibles. Por iso, e tendo en conta que a aplicación da normativa non será efectiva ata o curso 2012-2013, *recomendo que a universidade poña en marcha ao longo do actual curso académico un procedemento que permita detectar aquelas situacións conflitivas que poidan xurdir, o que permitirá tomar as medidas necesarias para a súa corrección.*

Con posterioridade, en relación coa queixa a Sra. Secretaria Xeral da Universidade de Santiago de Compostela remitiu un documento denominado: *Precisións ao informe do valedor da comunidade universitaria sobre a normativa de permanencia*, no que expón:

“En relación ao informe do valedor da comunidade universitaria con data de 3 de outubro de 2011 e referido ao expediente número Q 1106/04, é preciso realizar as seguintes precisións:

Primeira: Sinala o Valedor da comunidade universitaria neste informe, que ata o momento non existe normativa de permanencia na Universidade de Santiago de Compostela.

Dita afirmación non é correcta, xa que a normativa de permanencia vixente encóntrase regulada no acordo do Consello de goberno de 29 de abril de 2008, que regula a xestión das ensinanzas de grao, e no acordo do mesmo órgano de 22 de xullo de 2009, no que respecta aos títulos non adaptados ao EEES.

Segunda: Considera o Valedor que a desaparición da mención de Non presentado, afecta ao expediente académico xa que ao converterse en suspenso repercute no cálculo da nota media.

Non contempla o Valedor da comunidade universitaria a nova regulación do cómputo da nota media, establecida no Protocolo de colaboración entre a Consellería de educación e ordenación universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, para a valoración de expedientes

académicos, asinado o 27 de xuño de 2011. O art. 2.3 deste protocolo regula o cálculo da nota media do expediente académico, que debe realizarse tendo en conta a suma dos créditos "superados", sen que o número de convocatorias consumidas incida en dito cálculo.

A decisión de considerar a mención do "no presentado" como "suspenso" responde á nova regulación dos estudos no EEES. A avaliación dos estudantes xa non depende agora soamente da nota acadada nun exame final, se non que responde a avaliación continua. O profesorado avalía ao estudante tendo en conta a participación nas clases, a realización de traballos, a participación en seminarios, actividades, etc., considerándose o exame como unha porcentaxe da avaliación. Polo tanto, aínda que o estudante non se presente ao exame, a avaliación será a de suspenso, posto que participou noutras actividades ao longo do curso académico. En estreita relación coa avaliación continua, prevista no art. 25.1 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, encóntrase a obriga dos estudantes de asistir ás clases, recollida no art. 13.2.a) do citado Estatuto, nos arts. 38.ñ (a contrario sensu) e 39 dos Estatutos deste Universidade, e no 39 do Estatuto do estudante da USC.

Precisamente, en atención a esta nova regulación, o número de oportunidades de exame dos estudantes da Universidade de Santiago de Compostela é de oito, distribuídas en catro convocatorias, sendo unha das Universidades españolas que ofrece un maior número de oportunidades. Cada unha das convocatorias xera dúas oportunidades de exame, imputándose no expediente académico a máis alta das cualificacións obtidas Na última convocatoria (ou nas derradeiras dúas oportunidades de exame) o estudante poderá solicitar ser avaliado por un tribunal.

Tamén dispón o estudante dunha "Normativa de avaliación de rendemento académico e revisión de cualificacións", que regula os dereitos dos estudantes a coñecer coa suficiente antelación, e sempre antes da apertura do prazo da matrícula, a programación académica das materias e os sistemas de avaliación, garantíndose ademais o dereito de revisión e reclamación contra as cualificacións.

Terceira: Respecto a consideración do valedor relativa á anulación da matrícula das materias, compre facer as seguintes precisións:

1. O prazo do 14 de outubro referido polo Valedor no seu informe, refírese á anulación total da matrícula na Universidade. O que quere dicir que o estudante

que pretenda anular a matrícula de todas as materias deberá facelo neste prazo, si desexa recuperar o importe dos prezos públicos. No caso de facelo fora deste prazo, poderá igualmente estimarse a anulación, sempre que non concorrera a ningunha proba de avaliación, pero sen dereito á devolución dos prezos públicos.

2. O estudante que pretenda anular a matrícula dalgunha materia poderá facelo ata o 30 de setembro, si quere recuperar os prezos públicos relativos a esta materia, fora deste prazo poderá anular a matrícula sen dereito á devolución dos prezos públicos.

3. Non obstante, é preciso diferenciar entre a anulación da matrícula e a renuncia o anulación da convocatoria, na que se pretende acreditar a non asistencia as probas de avaliación por motivos xustificadas. Neste caso non existen prazos determinados, podendo o estudante solicitalo en calquera momento antes da avaliación, xustificando as causas desta anulación. Neste caso non se computará ningunha cualificación ao expediente académico nin se consumirá a convocatoria.

4. Outra facultade que teñen os estudantes é matricularse para o primeiro cuatrimestre daquelas materias que podan superar sen dificultades, e no seu caso, ampliar a matrícula para o segundo cuatrimestre si o resultado do primeiro foi satisfactorio. Non teñen polo tanto que matricularse inicialmente de todas as materias suspensas e novas.

Cuarta: En relación á apreciación dun posible prexuízo para o alumnado que pode verse afectado pola incompatibilidade horaria, é de sinalar que precisamente á hora de elaborar os horarios os centros procuran evitar a coincidencia en cursos próximos. Ademais, os estudantes coñecen os horarios e datas de exame das materias con anterioridade á realización da matrícula.

Quinta: O deseño do plan de estudos non se realiza arbitrariamente, se non que responde a unhas directrices elaboradas pola comisión encargada, a Xunta de facultade e o Consello de goberno que o aproban, e a ANECA que o verifica tal e como está previsto. Na súa elaboración participan especialistas que consideran que as materias deben cursarse tal e como están distribuídas, xa que de estimar o contrario elaborarían unha lista de materias que os estudantes poderían cursar a súa elección.

A inclusión das materias en un curso ou en outro, obedece xeralmente á consideración de que algunhas materias por ser básicas, ou de iniciación ao estudo de determinadas especialidades, deben estudarse e superarse con

anterioridade a outras que se consideran mais complexas, ou requiren coñecementos previos, sen que elo supoña necesariamente a existencia de prelacións entre elas.

Sexta: Respecto a última consideración do Valedor relativa á participación da comunidade universitaria na elaboración desta normativa, é preciso aclarar que durante o pasado curso académico a proposta de normativa de permanencia foi estudada e analizada en primeiro lugar no seno da comisión de xestión académica, da que forman parte os xefes dos servizos implicados, téndose en conta as normativas de permanencia doutras universidades; foi tamén debatida có Colexio de decanos desta Universidade e presentouse ás asociacións de estudantes, sendo amplamente discutida posteriormente no Consello de goberno. Finalmente o Consejo de Universidades informouna favorablemente dándose traslado deste informe o pasado 26 de setembro.

Q 1107/01

Escritos asinados por 91 estudantes nos que expoñen a súa queixa pola docencia e avaliación dunha materia.

Póñense os feitos en coñecemento do decanato do centro, o que informa das xestións realizadas para resolver o problema que motiva a queixa.

Q 1107/02

Foi presentado un escrito de queixa por un membro do P.A.S. no que indica que:

“Con data de 30/06/2011, xoves, recibín a reclamación co Código 10/00431, da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), a través da Biblioteca Universitaria, reclamación que lle transcribo máis abaixo ocultándolle a identidade da persoa que a formula.

Á vista da queixa formulada por este usuario, considérome insultado e non entendo, primeiro, como a Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) pode dar curso a esta reclamación neste ton e, segundo, como a BUSC, acepta o seu

traslado para que eu lle dea resposta.

Tendo en conta estes feitos, solicito que se me ampare nos meus dereitos, que considero vulnerados, tanto pola actuación da OAR, ao non filtrar convenientemente queixas con contido inxurioso, como polo feito de que por parte da Dirección da BUSC se me dea traslado, cando evidentemente o contido sustantivo da queixa non é da miña competencia. Entendo que unha cousa é que se me soliciten informes para poder dar resposta á queixa e outra moi distinta é este tipo de escritos inxuriosos.

Dada a sensación de indefensión que sinto pola aceptación por parte da USC de insultos e descalificacións gratuítas sobre un dos seus traballadores, acudo a Vde. en orde a salvagardar a miña dignidade como persoa e como traballador desta Universidade. Prego que adopte todos os mecanismos que estean ao seu alcance para restaurar esa dignidade e, o máis importante, para que estas degradantes e intolerables actuacións administrativas non caian no futuro sobre ningún outro membro da comunidade universitaria.”

A Secretaría Xeral da USC enviou o seguinte informe:

“1.- Con data 25/06/2011 tivo entrada na OAR a queixa á que se fai referencia.

A queixa foi presentada por un alumno da Facultade de Dereito. Ten que ver co estado das instalacións da Biblioteca Concepción Arenal e co sistema de desaloxo da biblioteca en horarios nocturnos.

Debe salientarse que o mesmo día presentáronse dúas queixas máis sobre o sistema de desaloxo en horario nocturno.

2- A citada queixa foi enviada o día 27/07/2011, seguindo o procedemento habitual para as queixas que teñen que ver co sistema de bibliotecas da USC, á directora da Biblioteca Universitaria.

3.- Con data 04/07/2011 recibíuse correo electrónico do director da Biblioteca Concepción Arenal cun texto similar ao enviado polo Valedor da Comunidade Universitaria no que se indicaba a presentación dunha queixa diante desta institución Universitaria.

4.- Con data 06/07/2011 recíbese informe da directora da Biblioteca e con data 08/07/2011 dáselle resposta á queixa presentada polo alumno, co seguinte teor

literal:

En relación á queixa presentada por vostede e unha vez recibidos os informes oportunos, comunícolle que o ton empregado no seu texto non é o axeitado ao procedemento aprobado pola USC para tramitación de queixas ou suxestións. Requírese unha linguaxe respectuosa cos membros da Comunidade Universitaria e coas tarefas desempeñadas. Non esquezamos que formamos parte dunha institución que ten como principios que inspiran a vida universitaria a liberdade, a igualdade a xustiza e o pluralismo.

O obxecto da queixa é trasladar á dirección da USC as deficiencias observadas na prestación do servizo público co obxecto de que volva a ser prestado nas condicións establecidas e aprobadas polos órganos de goberno da USC ou propor as melloras que se considere. O persoal da Biblioteca Universitaria realiza as tarefas encomendadas dentro do seu horario de traballo e de acordo coa planificación que para tal fin establece a dirección da Biblioteca Universitaria.

De volver a empregar o mesmo ton que o da queixa que nos ocupa, verémonos na obriga de non admitir a trámite as súas reclamacións e arquivalas sen máis trámite.

No informe emitido pola directora da Biblioteca Universitaria indícase o seguinte:

"1. Existe un procedemento de peche da biblioteca Concepción Arenal que segue o establecido nas normas que hai visibles nas salas e que indica que procederase ao desaloxo a partir das 2:45. A hora de peche do edificio está fixada para as 3 da mañá.

2. A Biblioteca Concepción Arenal ten máis de 900 postos de lectura distribuídos en tres andares, o que implica que é necesario dispoñer de marxe de tempo para proceder non so ao desaloxo senón tamén á comprobación de que non queda ninguén dentro e activar o sistema de alarmas antes de pechar.

3. O persoal que atende a Biblioteca durante o horario extraordinario está contratado ata as tres da mañá. Sen embargo sempre remata a súa xornada mais tarde da hora establecida. O procedemento de desaloxo estableceuse precisamente para evitar que isto non se prolongue no tempo, casando a prestación do servizo cos dereitos dos traballadores.

4. O servizo de limpeza sempre é reforzado en horario extraordinario, o cal non quere dicir que sexa suficiente dado o uso intensivo que se fai destas instalacións. En calquera caso, a dirección da BUSC ten exposto na Xerencia da USC este problema repetidamente. Polo que atinxe ao tema do ascensor, este péchase á hora na que comeza o horario extraordinario para evitar que os usuarios suban aos pisos pechados a partir desa hora (tres andares), pero se alguén necesita utilízalos por algún impedimento físico, se lle facilita a súa utilización.

5. O ton empregado polo usuario está fóra de lugar descalificando a quen fai a

queixa." Agradecemos a súa participación na mellora do servizo público que presta a USC.

Na resposta enviada dende a OAR, polo tanto, xa se lle recrimina polo ton empregado na redacción da queixa e se fai referencia aos principios que inspiran a vida universitaria: a liberdade, a igualdade a xustiza e o pluralismo, e se fai unha defensa clara do traballo do persoal da biblioteca.

Tamén se lle advirte que de volver a empregar unha linguaxe inadecuada non se admitirán a trámite as súas queixas e se lle traslada o informe da directora no que se recolle a súa opinión sobre o ton empregado polo alumno.

5.- O feito de que se tramitara a queixa tal como a presentou o alumno obedece a que nalgúns casos cando a disfunción na prestación do servizo é grave, as denuncias ilustran á dirección sobre a prestación dun servizo deficitario que precisa da adopción de medidas e accións orientadas á mellora na prestación do servizo.

En todo caso se o servizo se presta de acordo co establecido tamén se lle fai saber a quen reclama e, no seu caso, sen prexuízo das suxestións que soliciten."

Q 1107/03

Escrito de queixa presentado por unha estudante en relación cos criterios seguidos para a adxudicación dunha praza da convocatoria Erasmus 2011/2012.

No informe recibido da Facultade indícase o seguinte:

"1.- Que o procedemento de adxudicación da praza Erasmus foi o mesmo aplicado ao resto de prazas, coa excepción dun empate final entre dous candidatos.

2.- Que o extraordinario deste empate provocou a busca dun desempate tamén inusual.

3.- Que a premura pola entrega da listaxe final de candidatos á ORE implicou a busca dun proceso rápido de selección do candidato final.

4.- Que se optou por un método legal e igualitario, na medida en que o azar non implica ningún criterio de tipo excluínente de candidatos e candidatas.

5.- Que a propia alumna aceptou o sistema de selección e participou directamente no proceso.

6.- Que a propia alumna consultou a legalidade do método á ORE e desde a Oficina así llo ratificaron, ao non existir “unha normativa escrita que regule este procedemento”.

7.- Que a Comisión de Selección establecerá na vindeira convocatoria de intercambios un proceso estándar para solucionar casos semellantes.”

Q 1107/04

Presentada por dous estudantes en relación co procedemento seguido na tramitación da praza de intercambio Erasmus que tiñan concedida.

Mediante escrito do 23 de agosto de 2011 dende o Servizo de Relacións Exteriores informan que se lle enviou o seguinte escrito aos presentadores da queixa:

“En relación ao expediente, o acordo de estudos orixinal está nos seus expedientes, e está pendente de recollelo por parte dos interesados xunto coas credenciais.”

Q 1107/05

Forn presentados escritos de queixa por membros do persoal contratado con cargo aos programas de formación FPU, FPI e María Barbeito, así como contratados nos programas de axudas posdoutorais Ángeles Alvariño e Parga Pondal en relación coa imposibilidade de participación no Programa de Formación e Innovación Docente da USC.

En relación co tema obxecto da queixa solicitouse un informe á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador, no que se indica que:

“O Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) dende as súas orixes (Curso 2004-05) foi creado para dar resposta ás necesidades de formación pedagóxica do profesorado da USC coa finalidade de mellorar a calidade da docencia e impulsar a posta en práctica de actividades innovadoras nas aulas. Este programa foi impulsado fundamentalmente pola posta en marcha do Espazo Europeo de Educación Superior e fundamentouse na idea de que as "institucións universitarias viñéronse ocupando tradicionalmente da formación do seu profesorado para tarefas investigadoras, relegando a un segundo plano —ou deixando á intuición e a boa vontade de cada profesor/a a formación específica para o desempeño das tarefas docentes" (p.7 PFID curso 2004-5).

O PFID por tanto dende as súas orixes foi dirixido exclusivamente ao profesorado da USC co fin de mellorar as súas competencias docentes e potenciar a posta en marcha de innovacións nas aulas reforzando especialmente: o establecemento de mecanismos de coordinación da docencia das materias en cada titulación, a adaptación das metodoloxías docentes e os obxectivos formativos e a reflexión sobre a acción docente mediante a difusión de experiencias innovadoras contrastadas nas aulas (eixes PFID 2004-5). En ningún caso contemplouse a participación de investigadores en formación ou bolseiros no programa dado que o PFID se orienta claramente á mellora das prácticas docentes e require a posta en marcha de competencias docentes nas aulas (traxectoria docente), a análise e a reflexión sobre a práctica (intereses comúns) e o contraste e intercambio posterior en grupos de docentes.

No curso 2009-10 introdúcese formalmente por primeira vez no programa a posibilidade de participación de "persoas que figuren no POD dos últimos 3 anos" de forma que puideran incluírse profesores ou investigadores pre ou post doutorais con menor experiencia docente (requisito mínimo de 3 anos). Respecto aos restantes investigadores en formación (non contemplados como destinatarios do programa) indicábase que as potenciais solicitudes serían avaliadas en cada caso. Deste feito durante o curso 2009-10 participaron no programa investigadores en formación con 3 anos de experiencia docente (no POD) e en algún caso investigadores sen experiencia docente.

Ante a demanda crecente de formación por este colectivo e debido as disfuncións ocasionadas pola heteroxeneidade (perfis, intereses, coñecementos previos e competencias docentes) introducida no programa no curso 2009-10, a vicerreitoría con competencias na materia puxo en marcha no mes de febreiro un Plan Específico de Formación de Noveis dirixido a todos os investigadores post-

doc sen experiencia docente e outros investigadores en formación (FPI, FPU, María Barbeito, propios da USC). Este novo programa créase precisamente coa finalidade de dar apoio ás persoas que se inician na carreira universitaria e cuxos programas contemplan a posibilidade de participar no POD e polo tanto requiren una formación básica.

O dito plan por tanto da resposta á demanda emerxente deste colectivo e corrixe as disfuncións experimentadas no curso académico anterior e que foron formuladas tanto por profesores como por formadores dos cursos. As ditas disfuncións se concretan na heteroxeneidade dos alumnos con distintos intereses, niveis de competencia docentes e experiencias previas que introducen desviacións no desenvolvemento dos cursos repercutindo claramente na boa marcha e aproveitamento da formación. Co fin de preservar a finalidade do plan de formación e atender aos diferentes perfís e colectivos, este curso 2010-11 creouse un plan específico de noveis. Deste xeito igual que ocorre no plan de formación doutros colectivos da USC como é o PAS, existe a posibilidade de participación conxunta na formación en temáticas xerais como poden ser igualdade, seguridade e riscos, normalización lingüística, desenvolvemento sostible, etc.) e existe unha oferta perfilada (diferenciada) en función das necesidades específicas dos colectivos e os seus perfís e coñecementos previos (Plan Xeral de Formación orientado ao PDI e Plan de Formación de Noveis orientado ao persoal investigador en formación).

Ata o momento, dende a posta en marcha do plan de noveis en febreiro, organizáronse as seguintes actividades de formación:

- 3 cursos específicos para noveis en ámbitos demandados por eles e por algúns centros docentes (creación de materiais multimedia, ferramentas de análise de datos) dos cales en dous so se cubriu o 55% da matrícula (PFID 10nov-01; PFID10nov-02) e o terceiro non se ofertou por non chegar ao número mínimo de preinscricións).
- 6 cursos do Plan Xeral con contidos xerais abertos nunha porcentaxe de prazas aos investigadores en formación (PFID 10nov-01, PFID 10nov-05, PFID 10nov-07, PFID 10nov-10, PFID 10nov-11, PFID 10nov-12).
- 2 actividades de formación en centros baixo demanda, a petición dos centros de Dereito e Económicas e Empresariais, cunha porcentaxe de prazas dispoñibles para investigadores en formación (PFID 10nov-06 e PFID 10noc-09).

Polo tanto, compre dicir que o Plan de Noveis responde as necesidades de formación deste colectivo e xorde no curso 2010-11 dado que o PFID so contemplou ata o momento o desenvolvemento de formación para profesorado. Deste xeito non só non se está negando a formación deste colectivo como manifestan no seu escrito, senón que por primeira vez se formaliza unha oferta específica e axeitada ás características do dito colectivo. Hai que destacar que a USC xunto coa Universidade de Sevilla é das poucas de España que contan cun plan desta natureza e que oferta formación aos seus investigadores en formación.

Finalmente convén facer algunhas matizacións respecto algunhas das consideracións engadidas no seu escrito:

- Os contratos-bolsas dos investigadores FPI, FPU e María Barbeito forman parte do colectivo de investigadores en formación cuxos dereitos e deberes veñen regulados polo Estatuto do Persoal Investigador en Formación (EPIF), mentres que os profesores universitarios se encadran dentro do colectivo de Persoal Docente e Investigador (PDI), cuxos deberes e dereitos están sendo regulados actualmente a través do Estatuto do Persoal Docente e Investigador (EPDI). Polo tanto estamos falando de dous colectivos diferenciados con necesidades e responsabilidades distintas.
- O RD 63/2006 (EPIF) non fai referencia algunha ao dereito ou obriga de recibir formación didáctica, senón en todo caso a obriga de "proporcionar -a institución- o apoio necesario para o normal desenvolvemento dos estudos e programas de investigación" (art. 5 e 6). Polo tanto a USC co programa de formación de noveis incorpora un servizo a este colectivo que vai máis aló do establecido no EPIF.
- Todas as consultas recibidas pola coordinación do PFID ou pola vicerreitoría con competencias na materia foron respondidas puntualmente por mail ou teléfono e a través das consultas formais formuladas polos representantes do colectivo. Polo tanto non é certo como se indica que non se deron respostas ou aclaracións ao respecto. Entre os meses de novembro e maio recibíronse un bo número de consultas que foron clarexadas en todos os casos como consta no centro correspondente e na documentación recollida ao respecto pola vicerreitoría."

Á vista do exposto no informe recomendo que a USC dentro do “Plano de Formación de Noveis” oferte os cursos de formación e as prazas necesarias e suficientes para que todos os investigadores contratados sen experiencia docente e outros investigadores en formación adquiren a formación básica imprescindible

tanto para levar a cabo a súa actual colaboración coa docencia como para o seu futuro desenvolvemento profesional.

Q 1107/06

Queixa presentada en relación co proceso de avaliación nun Máster.

A Secretaría Xeral da USC informa que:

- a) O interesado solicitou que por problemas persoais lle fora adiantada a cualificación do TFM a xuño.
- b) A dirección do Máster accedeu a esta pretensión e lle fixo por adiantado a presentación e defensa do TFM, se ben a cualificación non se podería imputar ao seu expediente ata o mes de xullo.
- c) O interesado suspendeu o TFM nesta avaliación adiantada.
- d) Presentou ata 10 queixas na OAR, que foron debidamente respostadas.
- e) O presentador da queixa tentou perante o Máster que lle fixesen unha nova avaliación en xullo con varios argumentos, entre eles que non tiña superada unha materia na data do exame ou presentando un novo traballo a través do Rexistro Xeral.
- f) Este tema foi contestado pola coordinación do Máster mediante carta certificada.
- g) O interesado xa esgotou a súa oportunidade de defensa do TFM no presente Curso Académico e de ser a única materia que lle resta para rematar o Máster, poderá presentarse na convocatoria de febreiro.”

Q 1107/07

Foi presentado un escrito por unha estudante da USC no que manifesta a súa desconformidade en relación coa imposibilidade de acceder ao Máster Universitario en Profesorado dos alumnos que rematan estudos en setembro.

No informe enviado polo Sr. coordinador do Máster indícase que:

1.- Dende a Vicerreitoría de Grao e Posgrao se me indicou que o alumnado que rematara en setembro podería matricularse.

2.- Os requisitos para poder matricularse están establecidos no Apartado 4.2 da Orden ECI/3858/2007 de 27 de decembro (BOE 29/12/2007), que “noutras universidades se poda realizar a matrícula nun máster a falta de algunha materia para rematar a Licenciatura” como afirma a estudante, será en todo caso responsabilidade desas universidades, pero constitúe unha ilegalidade manifesta, ao menos en relación ao Máster en Profesorado de Secundaria.

3.- A preinscrición pode facerse tendo materias pendentes e sen a acreditación do nivel B1 de dominio dunha lingua estranxeira sempre que o alumno estea preinscrito nas probas para a obtención dese nivel convocadas polo CLM para setembro. O que é necesario é, no momento da matrícula, estar en posesión dun título universitario.

4.- En consecuencia un alumno que estea na lista de admitidos para matricularse no máster entre os días 16 e 19 de setembro poderá facelo aínda que teña unha materia pendente. En caso de suspender esa materia a súa matrícula non terá validez, pero en caso de aprobar en setembro a ou as materias que teña pendentes, a súa matrícula considerárase válida.

5.- Na Universidade de A Coruña a matrícula remata o día 8 de setembro, na Universidade de Vigo remata o prazo de matrícula o 27 do mes actual. En Santiago remata o día 26 de setembro o terceiro chamamento e en caso de prazas vacantes pode facerse outro chamamento ata o día 14 de outubro. Nesas datas é de esperar que o alumnado teña xa incorporado no seu expediente as cualificacións das materias que teña pendentes.

Q 1107/08

Escritos de queixa presentados por estudantes en relación coa docencia e avaliación dunha materia.

No informe solicitado o Centro informa dos feitos relacionados coa avaliación, revisión e cualificación da materia, e indica que os mesmos foron comunicados á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador.

Q 1109/01

Escritos presentados por estudantes en relación co servizo de transporte para alumnos con ensinanzas prácticas descentralizadas. Nos mesmos indican que a descentralización lles causa uns prexuízos que non teñen os estudantes non descentralizados:

I. INTERFERENCIA ACADÉMICA CON ACTIVIDADES QUE AFECTAN Á LIBRE CONFIGURACIÓN.

a) Incapacidade de compatibilizar o curso escolar con estudos nunha escola de idiomas, ao perder o dereito á avaliación continua. É necesario facer constar que para continuar coa docencia requírese un mínimo de asistencia ás clases teóricas. Nótese que unha persoa non descentralizada podería optar á avaliación continua e asistencia regular ás clases.

b) Incapacidade de optar ás dúas convocatorias (de Febreiro/Xuño e Setembro) das materias de libre configuración que esixan a asistencia a clase regular como un dos criterios de avaliación. Cabe destacar que unha persoa que non está descentralizada pagaría o mesmo importe pola matrícula e podería optar ás dúas convocatorias sen que a asistencia á clase supoña un hándicap.

c) Incapacidade de compatibilizar as prácticas clínicas en A Coruña-Vigo con outros cursos que oferten créditos de libre configuración, como os do Centro de Linguas Modernas (CLM), actividades deportivas, ou actividades de voluntariado.

II. INTERFERENCIAS ECONÓMICAS.

a) Inexistencia dalgún tipo de axuda económica ou de medios de transporte que faciliten a coordinación das actividades de tarde como as citadas no punto 1 coas prácticas no CHUAC-CHUVI.

b) No caso de desexar realizar unha actividade como as citadas na cidade de Santiago de Compostela, debería costearse un transporte diario así como os

custos dun piso durante o ano, sendo unha grande diferenza cunha persoa que viva permanentemente en Santiago de Compostela.

O Sr. decano da Facultade enviou o seguinte informe:

“Para levar a cabo a distribución dos alumnos para prácticas clínicas no CHUAC, CHUVI, HULA e CHOU, creouse unha Comisión, presidida polo Decano, e integrada polo Vicedecano de Clínicas, Vicedecano de Intercambios, Innovación Docente e Calidade, Secretario da Facultade e tres representantes dos alumnos.

A través dos representantes dos alumnos, todos os que quixeron facelo puideron manifestar a súa voluntariedade para a realización das prácticas en ditos hospitais.

O pasado 26 de Xullo, reuniuse a Comisión, que considerou que tiñan suposto importantes problemas, tanto o criterio utilizado o pasado ano para a distribución dos alumnos polos hospitais (sorteo), como o desprazamento en autobuses, que apenas se utilizaban indo baleiros ou con moi poucos alumnos, ao parecer por que saían moi cedo, o que resultaba escandaloso dado o seu importante custo para a Universidade. Problema este que non conseguiu arranxar o anterior Vicedecano de Clínicas por dificultades por parte da empresa de autobuses, que no acordo económico coa Universidade tiña esa hora de saída, e do Concello de Santiago pola conxestión de tráfico que se producía máis tarde na zona de saída (praza de Galicia).

A Comisión, tras debater sobre posibles solucións, sendo conscientes de que ningunha satisfaría a todos e tratando de adoptar a menos lesiva, acordou os seguintes criterios para a descentralización dos alumnos no curso 2011-2012:

1º. Alumnos que voluntariamente solicitaron descentralizarse sen precisar autobús no CHUAC, CHUVI, HULA e CHOU.

2º. Proximidade xeográfica do domicilio familiar dos alumnos ao CHUAC e CHUVI.

3º. Os alumnos de intercambio completarán as prazas dispoñibles no CHUAC e CHUVI se ao aplicar os criterios anteriores quedasen prazas sen cubrir en ditos hospitais.

De acordo cos ditos criterios asignáronse os alumnos polos hospitais; acordándose tamén como criterios de exclusión, sempre que se xustificasen documentalmente: Incompatibilidade xeográfica por motivos laborais ou académicos; dificultades para a conciliación da vida familiar; enfermidade incapacitante que limite ou contraindique o desprazamento, ou outras razóns xustificadas.

A resolución publicouse na páxina web da Facultade con data 2 de agosto, difundíuse tamén a través das páxinas das asociacións de alumnos, abrindo un prazo do 1 ao 9 de setembro para a presentación de reclamacións mediante escrito dirixido ao Sr. Decano que se debería acompañar dos xustificantes dos motivos alegados.

Todos os alumnos puideron presentar as súas reclamacións en dito prazo e o pasado 16 de setembro reuniuse de novo a Comisión procedendo a revisar, un por un, todos os escritos presentados adoptando unha resolución coa lista definitiva que se publicou na web da Facultade en dita data.

En ningún momento a Comisión acordou suprimir os autobuses, cuxo mantemento ou supresión depende da Universidade.”

Q 1109/02

Escrito presentado por unha estudante de Grao no que amosa a súa desconformidade coa equivalencia que a efectos de validación de estudos se estableceu entre os que ten cursados nunha Licenciatura, no Conservatorio Oficial de Música, na Escola Oficial de Idiomas e na titulación de Grao.

A Secretaría Xeral da USC informou que mediante resolución reitoral do 3 de outubro de 2011 desestimaron o recurso de reposición que tiña presentado por terse validado os estudos cursados no Conservatorio Oficial de Música e na Escola Oficial de Idiomas conforme á normativa que ten aprobada a USC e estar en trámite a solicitude de recoñecemento e validación dos estudos da Licenciatura, contra a que poderá recorrer no momento en que se produza.

Q 1109/03

Queixa referida ao non recoñecemento das prácticas tuteladas cursadas noutra universidade.

A Facultade enviou o informe solicitado, no que indica que:

1º) Cando se asina o acordo académico da alumna, esta foi informada polo coordinador Sicue que para realizar as "Prácticas Tuteladas ou Estancias" noutra Universidade durante o 2º cuatrimestre era necesario que cumprira os requisitos establecidos no plan de estudos, que establece o seguinte: "...para matricularse das Estancias ou Prácticas Tuteladas é necesario ter superado 285 créditos do total do plano de estudos" (Resolución 27 de xullo de 1999, pola que se publica a modificación do plano de estudos de Licenciado en Farmacia, BOE de 21 de agosto).

2º) É criterio seguido nesta Universidade para os alumnos de intercambio que realizan as "Estancias ou Prácticas Tuteladas" no 2º cuatrimestre, permitirilles realizar a matrícula na devandita materia antes de cumprir os requisitos legalmente establecidos, coa finalidade de que si os cumpren ao longo do 1º cuatrimestre e antes de inicio do período de prácticas poidan realizar as devanditas prácticas.

3º) Estando a devandita alumna realizando a súa estancia, consultou directamente á Facultade a posibilidade de realizar as devanditas prácticas. A contestación clara e rotunda da Decana foi que se non cumpría os requisitos non podía realizar as devanditas Prácticas. A pesar disto, a alumna matriculouse e realizou nesa Universidade as "Prácticas Tuteladas ou Estancias".

4º) Na Universidade de Santiago de Compostela o "Regulamento do 15 de febreiro de 2008 dos intercambios interuniversitarios de estudantes (DOG de 26 de marzo de 2008) establece no punto 2 do "Artigo 9º.- Compromiso de estudos ou acordo académico" que "Este documento terá carácter vinculante sempre que se cumpran os requisitos establecidos para o intercambio e o plan de estudos do estudante"; e na alínea 4 do seu "Artigo 13ª.- Recepción das cualificacións e recoñecemento de estudos realizados. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os deste regulamento e os do plan de estudos.

5º) Ao finalizar o 1º cuadrimestre da súa estancia a alumna, ao non superar dúas das tres materias que ademais tiña pendentes nesta Universidade, seguía sen cumprir os requisitos para poder realizar as devanditas "Prácticas Tuteladas ou Estancias". Na actualidade e tras finalizar o seu período de intercambio universitario tampouco cumpre os devanditos requisitos, pois o total de créditos superados pola alumna é de 283.



POR TODO O ANTERIORMENTE EXPOSTO este Decanato reafirmase na súa decisión, xusta e conforme á normativa vixente, de non recoñecer as "Prácticas Tuteladas ou Estancias" realizadas.

3.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

3.1.- Curso 08-09



QUEIXAS POR SECTORES:

Nº. de queixas	49
Estudantes:	36
P.D.I.:	6
P.A.S.:	7




ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS

MES	Curso 07/08	Curso 08/09
Outubro	8	8
Novembro	10	9
Decembro	6	3
Xaneiro	5	1
Febreiro	2	5
Marzo	5	2
Abril	4	4
Maio	5	4
Xuño	4	7
Xullo	8	1
Agosto	0	0
Setembro	5	5
Total curso	62	49



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas	49	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	31	⇒ 64%
2 Meses:	4	⇒ 8%
3 Meses:	3	⇒ 6%
> 3 Meses:	11	⇒ 22%





DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	2
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	7
DEREITOS-DISCRIMINACIÓNS	1
AVALIACIÓN ACADÉMICA	4
DOCENCIA	5
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	4
SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	3
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	9
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	3
PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	1
PROGRAMAS DE INTERCAMBIO	1
C.A.P.	3
RELACIÓN INTERPERSOAIS - ORGÁNICAS	2
CONCILIACIÓN VIDA PERSOAL-LABORAL	4

3.2.- Curso 09-10

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	50
Estudantes:	39
P.D.I.:	8
P.A.S.:	3



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 08/09	Curso 09/10
Outubro	8	4
Novembro	9	4
Decembro	3	3
Xaneiro	1	4
Febreiro	5	3
Marzo	2	2
Abril	4	5
Maio	4	2
Xuño	7	6
Xullo	1	9
Agosto	0	0
Setembro	5	8
Total curso	49	50

nº de queixas recibidas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas	50	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	29	⇒ 58%
2 Meses:	9	⇒ 18%
3 Meses:	1	⇒ 2%
> 3 Meses:	11	⇒ 22%





DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	2
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	8
DEREITOS-DISCRIMINACIÓNS	2
AVALIACIÓN ACADÉMICA	3
DOCENCIA	4
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	5
SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	2
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	7
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	4
PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	4
PROGRAMAS DE INTERCAMBIO	4
FUNCIÓNS LABORAIS-REIVINDICACIÓNS	2
PROCESOS ELECTORAIS	2
RELACIÓNS INTERPERSOAIS-ORGÁNICAS	1

3.3.- Curso 10-11



QUEIXAS POR SECTORES:

Nº. de queixas	61
Estudantes:	45
P.D.I.:	10
P.A.S:	5
Outros:	1




ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS

MES	Curso 09/10	Curso 10/11
Outubro	4	10
Novembro	4	9
Decembro	3	4
Xaneiro	4	5
Febreiro	3	6
Marzo	2	4
Abril	5	4
Maio	2	4
Xuño	6	4
Xullo	9	8
Agosto	0	0
Setembro	8	3
Total curso	50	61



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas	61	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	40	⇒ 65%
2 Meses:	8	⇒ 13%
3 Meses:	9	⇒ 15%
> 3 Meses:	4	⇒ 7%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	2
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	5
AVALIACIÓN ACADÉMICA	2
DOCENCIA	6
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	9
SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	1
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	4
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	9
PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	1
PROGRAMAS DE INTERCAMBIO	6
ÁMBITO LABORAL - REIVINDICACIÓNS	4
CONCILIACIÓN VIDA PERSOAL – LABORAL	1
ACCESIBILIDADE DISCAPACITADOS	2
C.A.P. – MÁSTER DE PROFESORADO	3
USO DA LINGUA GALEGA	1
PROGRAMA FORMAC. E INNOVAC. DOCENTE	2
NORMATIVAS – INFORMACIÓN	2
C.I.U.G.	1

